


# DIARIO DE SESIÓNS



## PARLAMENTO DE GALICIA

---

---

III Lexislatura

**Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez**

Sesión plenaria núm. 3

**Celebrada o luns, 29 de xaneiro de 1990**

**ORDE DO DÍA**

**Punto único: Proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía.**

(Continúa a orde do día no Diario de Sesións número 4, do 31 de xaneiro de 1990).

## SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Antes de entrar na orde do día, o señor Presidente, pídelle á Cámara que conste en acta o sentimento da mesma polo falecemento, no día de onte, en Ferrol, de dous traballadores, e se exprese a súa condolencia ós familiares dos mesmos. (A Cámara móstrase de acordo con esta solicitude).

A seguir, o señor Secretario dálle lectura á orde do día.

**-Proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía..... páx. 27**

O señor Presidente rógalle ó señor Secretario que dea lectura á proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía. Así o fai o señor Secretario (Iribarren Fernández-Rogina). O señor Presidente manifesta que o debate se desenvolverá de conformidade co disposto nos artigos 135 e 136 do regulamento, e concéde-lle a palabra ó candidato señor Fraga Iribarne.

O señor Fraga Iribarne, candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, expón o seu programa de goberno e solicita a confianza da Cámara.

O señor Presidente suspende a sesión, convocando a próxima para o mércores, día 31, ás doce horas.

Suspéndese a sesión.

Eran as once e cincuenta minutos da mañá.

Abrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Abrese a sesión.

Antes de lle dar lectura á orde do día, esta Presidencia, recollendo a proposta de tódolos grupos, pídelles á Cámara que nesta primeira xornada de traballo, para comezalas tarefas deste Parlamento, conste en acta o sentimento da Cámara polo falecemento de dous traballadores onte en Ferrol, se exprese o testemuño de condolencia ós familiares dos falecidos e se exprese tamén a solidariedade co mundo do traballo.

Se a Cámara así o acepta, así se fará constar en acta, (A Cámara móstrase de acordo con esta solicitude).

O señor Secretario daralle lectura á orde do día.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Rogina): De acordo coa Mesa--Xunta de Portavoces, en reunión celebrada o día 24 de xaneiro de 1990, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único: Proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía.

PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACION DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCION.

O señor PRESIDENTE: O señor Secretario daralle lectura á proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía.

O señor SECRETARIO (Iribarren Fernández--Rogina): Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia:

"O Estatuto de Autonomía de Galicia, no apartado 2, do artigo 15, obriga ó Presidente do Parlamento a establecer consultas coas forzas políticas representadas na Cámara, co obxecto de formular proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto e dos artigos 16 da Lei 1/83, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e 136, apartado 1, do Regulamento da Cámara, logo de consulta--las forzas políticas con representación parlamentaria e de oí--la Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia ó Deputado D. Manuel Fraga Iribarne.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 1990.

O Presidente.

Victorino Núñez Rodríguez."

O señor PRESIDENTE: O debate desenvolverase de conformidade co disposto nos artigos 135 e 136 do noso regulamento:

Ten a palabra o señor candidato.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señor Presidente, señoras e señores Deputados.

De conformidade co disposto no artigo 15, parágrafo 2, do Estatuto de Galicia, en concordancia cos artigos 135 e seguintes do noso regulamento, comparezo perante as súas señorías para expoñe--lo programa político do Goberno que pretendo formar e para solicitar, polo tanto, a confianza desta Cámara. Non teño por que explicar, xa que é ob-

vio, o obrigado que me sinto neste instante ante o gran pobo de Galicia, ó que nos honramos en representar.

Para desenvolver mellor a proposta que me honro en presentar, coido que debo comezar por facer referencia á situación de Galicia ó comezo desta década dos anos 90, cos que vai concluír non só o século XX, senón tamén o segundo milenio da nosa era.

A Galicia que entra na década dos 90.

Poucas dúbidas pode haber sobre a afirmación de que vivimos anos decisivos, pois treme baixo os nosos pés o chan da historia contemporánea, acumúlanse innumerables cambios á nosa vista e ocorren acontecementos de gran transcendencia, de xeito que non lles deixan cabida os uns ós outros.

A suma de todo resulta espectacular: asistimos á transformación decisiva das visións científicas do mundo, e as novas tecnoloxías permiten falar dunha era postindustrial, dunha "terceira vaga" que substituirá o mundo da era industrial, como aquel sucedeu ó mundo agrario.

A comunidade internacional pasou a ter un número moito maior de personaxes do que tiña noutroa, o que non impide o mantemento de fortísimas concentracións de poder económico e militar.

O crecemento vertixinoso da poboación e o acurtamento das distancias levaron á creación de novos espazos políticos e económicos a escala continental. E tamén cambiaron as relacións entre os grupos de sexo e de idade.

Todo isto configura un mundo de cambios, cheo de posibilidades e tamén de riscos para quen tome un rumbo equivocado, porque os modelos de organización económica, social e cultural son importantes.

Pódense facer bromas sobre se a cor dos gatos é irrelevante á hora de saber se cazan ratos, pero os desventurados habitantes de Romanía e doutros países puideron comprobar que hai gatos que comen o queixo e ás propias persoas. Por iso, a opción que os populares lles presentamos ó electorado galego, e que este preferiu por ampla marxe de votos, responde claramente ó modelo de sociedade avalado polos países importantes do mundo en desenvolvemento.

E un modelo baseado na liberdade, na concertación, na igualdade de oportunidades, no mérito, na iniciativa, na competencia, na solidariedade. E o modelo dunha sociedade que compaxina a continuidade co desenvolvemento, a economía libre coa responsabilidade social, nunha organización política baseada no pluralismo, no equilibrio de poderes, na moderación dos posicionamentos, na transacción máis ca na confrontación.

Agora ben, estas ideas xerais terán que inserirse en realidades xeográficas, históricas, culturais e económicas concretas. Para nós, a Galicia de 1990, a nosa terra, é á súa vez antiga e sempre anovada, patria de San Pedro de Mezonzo e de Xelmírez, de Fernando de Andrade e do conde de Gondomar, do padre Feixoo e de Murguía, de Rosalía de Castro e de Pondal, de Brañas e de Castelao, de Cunqueiro e de Cela. Esta Fisterra, verdadeira punta de Europa, e unha rexión marxinal e marxinalada pola xeografía e pola historia, unha das periferias de Europa que hoxe se unifica.

¿Como chega, repito, a nosa Galicia a este punto no que nos atopamos? ¿Cales son os seus principais problemas, en función dos cales propoñer solucións e prioridades? ¿Cal é a herdanza que recibimos neste momento?

Penso que pode haber poucas dúbidas sobre a importancia dos problemas suscitados en tódolos terreos; son moitos e serios.

A nosa poboación, que foi unha das de maior peso demográfico de España, encóntrase en claro retroceso e con tendencia ó envellecemento, por mor da emigración e dos profundos cambios na conciencia social.

O noso sistema económico, que iniciaba un moderado pero significativo rexurdimento cara á industrialización e o desenvolvemento dos servizos, sufriu de xeito especial e discriminatorio os efectos da reconversión salvaxe dos anos 80.

O noso territorio, de inaccesible beleza, presenta hoxe serios problemas de desorde e contaminación, que requiren unha pronta acción de ordenamento do mesmo e defensa do medio ambiente.

Os nosos servizos sociais, en xeral, e en particular en temas claves como a educación e a saúde, están cheos de lagoas e deficiencias.

A negociación europea, bastante criticable e improvisada no seu conxunto, foi especialmente negativa para Galicia en temas tan críticos como son a produción láctea, a pesca ou a siderurxia.

Problemas como o dunha política forestal axeitada están peor ca nunca na nosa historia, e non esqueceremos endexamais o espectáculo dantesco dos incendios monstruosos do ano que acaba de rematar.

Entrementres, os grandes plans de investimentos do Estado foron proxectados cada vez máis noutras direccións da xeografía nacional, marxinando a Galicia e aumentando o seu retraso relativo respecto doutras partes de España e de Europa.

A todo isto, tras estes dous anos que xa foron xulgados polo corpo electoral, Galicia enfróntase cunha Administración autonómica pouco ordenada e excesivamente centralizada, cunha política de persoal politizada e descontrolada, cunhas finanzas desbordadas e com-

prometidas; sobre todo o que temos é que demanda--los estudos independentes e con garantía para presentar perante este Parlamento e perante o conxunto da opinión galega os datos completos e exactos sobre o gasto público, o déficit presupostario, o endebedamento da Comunidade e o funcionamento dos organismos autónomos.

Será o noso propósito poñer en orde todo isto e tentar que cos limitados recursos públicos se resolvan as verdadeiras necesidades do pobo galego, e non o de promover--la imaxe e os intereses inmediatos dos propios gobernantes. Porque, ademais, con todo isto, non son as forzas materiais de Galicia as únicas afectadas, senón tamén os seus recursos morais. A transición política, social e cultural do noso país certamente explica en parte algunhas das dúbidas e vacilacións da nosa sociedade, cada día máis cansa da inseguridade, da arrogancia do diñeiro improvisado, da falta de respecto ós valores familiares, pero é xustamente por iso que require cada vez máis a exemplaridade dos gobernantes.

Galicia pregunta por todas estas cuestións e sobre o seu futuro, cara ó segundo milenio, e volve preguntar: "¿que din os rumores?", como di o libro da esperanza nestes instantes. E non podemos demora--las respostas.

Como dicía hai pouco o Presidente da Comisión Europea Jacques Delors, "se a historia se acelera, nós debemos tamén acelerar". Se xa certos aspectos da integración europea botaban dúbidas e sombras sobre o porvir da cornixa atlántica, da fronte marítima da Europa Occidental, eses problemas complícanse aínda máis co probable desprazamento dos centros de gravidade económica e política cara á Europa central. Os problemas que xa coñeciamos da pesca e da construción naval, da industrialización freada e do illamento xeral cobran nova transcendencia e preséntannos novos riscos ante o ano 1992 e seguintes,

de non tomármolo--las medidas axeitadas. Todo isto vai levar a Galicia e ó seu Goberno a profundar e afinar--los seus contactos europeos, así como a afirmar e mellora--la súa cooperación cos demais afectados e, sobre todo, co veciño irmán, Portugal, especialmente coa súa rexión norte. Pero, en definitiva, son serios e profundos os problemas que nos agardan.

Quero facer, por iso, unha vez máis, un chamamento á unidade no fundamental. O noso país e o noso pobo, Galicia, unidos polo amor á cultura común, pola vontade de supera--la marxinação e o subdesenvolvemento, de crear condicións que lles permitan ós galegos viviren e traballaren na casa común, non desexa que o lexítimo dereito de todos a propoñe--lo que consideren mellor rompa a convivencia civilizada, obstrúa a solución posible dos problemas e nos impida amosar ante os demais a forza da unión dos galegos.

A Constitución e o Estatuto ofrecen unhas regras de xogo que, perfectibles como son, deben se--la base común para conseguir novos logros, pero con lealdade ó esforzo de consenso que representaron e se--guen sendo.

O labor que temos por diante é inmenso. A división fraticida non a aceptarán os nosos representados, esas xentes que no campo, nas cidades, no ancho mar e na emigración agardan solucións.

A nosa actitude básica non debe ignorala ninguén. Non sómo--los persoeiros, nin os defensores de tal ou cal clase, grupo ou corporación. A política que nós imos seguir non busca este ou aquel outro interese particular, senón que busca o interese xeral. Non lle falamos a unha ou a outra fracción do pobo, senón ó pobo de Galicia no seu conxunto.

Todos temos interese manifesto en que a máquina económica arrinque de novo, en que o necesario crece-

mento das nosas riquezas se produza. Sobre estes obxectivos, e sobre os medios de atendelos, estou convencido de que existe hoxe en día unha posibilidade de acordo básico, de mobilización das enerxías e de xunguimento de vontades. ¡Fagamos desaparece--las liortas! ¡Deámo--lo exemplo dun pobo que retoma e aperta os azos milenarios que o unen!

A nova política non será un simple enunciado de medidas técnicas para inscribir nos textos legislativos ou regulamentarios, pois a esperanza de renovación vai moito máis alá.

Vivimos unha época privilexiada na que a escala de valores renace mergullando as súas raigañas na mellor tradición cultural europea. Así comenzan sempre os rexurdimentos.

E o momento no que o mundo lles vira as costas a ideoloxías pechadas, ós sistemas construídos para subsistiren á autonomía debilitada do individuo, da que se faría cargo a colectividade. Cómpre ir cara ós valores que abren o porvir, sen perde--lo fío conductor do humanismo occidental. Estes valores son: liberdade, creación, responsabilidade, dignidade do individuo. ¡E que non se diga que sobre estas bases se vai construír un mundo máis duro e máis desigual!

Nós temos unha visión optimista do home; xa que é na sociedade creadora de emprego na que a dignidade do individuo está mellor asegurada; é na sociedade onde cada quen pode ter vantaxes de seu na que a xusticia entre todos pode progresar mellor, é na sociedade respectuosa dos valores e do sentido que cada quen lle quere dar á súa vida na que a obra común brillará máis intensamente.

Esta é, señoras e señores Deputados, a idea que lles dá coherencia e vigor ás nosas diferentes iniciativas, a ambición que anima a nosa loita, o significado que lle queremos dar á renovación. Coa le-

xitimidade que lle deron os sufraxios, o Goberno que vós ides votar vaise poñer inmediatamente a traballar con espírito.

Unhas palabras sobre o método. Sempre estiven persoalmente unido á concertación cos corpos intermedios que representan as actividades económicas, sociais, intelectuais e culturais do país. Xa o constataron quizais as súas señorías, pois estes mesmos días abrín xa diálogo con toda clase de colectivos e representacións sociais. Este diálogo manterase en tódalas etapas de elaboración de decisións gobernamentais.

A Autonomía galega: o seu sentido, as súas esixencias, as súas posibilidades.

Galicia é, e non fai falla explicalo neste Parlamento, unha comunidade humana con características ben definidas pola xeografía, pola historia, pola economía, por un xeito de ser e de vivir, pola conciencia que ten de seu. Cando o galego fala do seu viño e lle chama "viño do país", ou fala de "madeira do país", está a defini-lo que os filósofos e xuristas ás veces non chegaron a atopar. Galicia, antigo reino, país ben definido, ten unha personalidade en tódalas ordes que a levaron naturalmente a unha autonomía que non podía ser meramente administrativa, senón que abrangue tódolos elementos dunha verdadeira organización política, económica e cultural. As autonomías son, en tódolos casos, un progreso na organización administrativa racional dos Estados modernos, pero, ademais --e así o recoñece o artigo 2 da nosa Constitución--, son o recoñecemento de personalidades históricas e sociais infunxibles, como sen dúbida ocorre nos casos do País vasco, de Cataluña e da nosa Galicia.

Pero, á súa vez, isto non pode servir de pretexto para presentacións insolidarias e totalmente fóra da realidade histórica de hoxe. A Constitución foi quen de articular fórmulas flexibles para que as

nacionalidades históricas confirmen a súa integración secular nun Estado nacional común, que á súa vez, se está a integrar progresivamente nunha Comunidade Europea cada vez máis dotada de competencias. Galicia é así, na clásica terminoloxía de Jellinek, un "fragmento de Estado", con plena autonomía para os asuntos de seu e, á súa vez --é importante recordarllelo a "separatistas" e a "separadores", cun dereito terminante e irrenunciábel á solidariedade do resto dos españois e agora, ademais, dos europeos.

Nós non presentamos, pois, unha utópica autodeterminación, senón unha irreversible e definitiva autoidentificación. Non tiramos pola borda séculos da nosa historia común, senón que queremos continuala en novos niveis de integración europea. O que si queremos é que a autonomía sexa de verdade, con tódalas consecuencias e competencias, e que vaia completada cunha política de axuda, de nivelación, de igualdade de oportunidades e de compensación cos territorios e coas entidades autónomas máis favorecidas.

Desde esta convicción profunda imos desenvolver e exercita-la nosa autonomía. Non perdamos máis tempo en poñerlle os arreos ó caballo e cabalguemos valentemente, ó servicio do pobo galego, que desexa, con razón, menos liortas de escola e mellores solucións ós seus problemas.

Levarémo--lo desenvolvemento dos principios constitucionais e das normas estatutarias ata as súas definitivas consecuencias e, por suposto, pedirémo--la interpretación máis favorable e extensiva dos seus preceptos e a aceleración das transferencias pendentes, sen prexuício de contemplar, cando se demostre a súa necesidade para o desenvolvemento máis completo de Galicia e da súa autonomía, a ampliación do teito estatutario e aínda a aplicación das posibilidades do artigo 150.2 da Constitución, o que pode ter interesantes consecuencias

no plano da integración europea.

O noso concepto de autonomía, por outra parte, non é o da creación de miniestados e moito menos de novos centralismos. Para nós a autonomía é un principio de integración social natural e que, polo mesmo, procede de abaixo a arriba. Cremos, por isto, imprescindible administrar con seriedade e solidariedade as decisións administrativas--organizativas das comunidades autónomas para evitar un crecemento desmedido das administracións propias. Mante--lo volume dos servizos no nivel que require o correcto exercicio das competencias que se exercen é un obxectivo organizativo de primeira orde.

Aplicada esta idea primaria, o segundo é que as instancias de autogoberno se ordenen sobre fórmulas de desconcentración e descentralización interna. É inconveniente a centralización a nivel rexional, porque se perde con iso unha das directrices máis fructíferas do proceso autonómico, como é a da aproximación da Administración ó administrado. Débese utilizar para isto instancias provinciais e locais, na medida da súa capacidade probada e das esixencias que se deduzan das particularidades de cada servizo.

Por outra parte, cómpre decatarse de que non é suficiente un desenvolvemento mecánico da lexislación estatal vixente para organizar convenientemente os servizos da Administración pública de Galicia.

O modelo previsto naquela lexislación responde, evidentemente, a uns concretos principios de actuación administrativa caracterizados por unha estrutura de tipo ministerial, tradicional e centralizada, cunha Administración asentada en burocracias contrapostas e non comunicantes, xerarquizada, excesivamente densa e cunha organización dos servizos extraordinariamente complexa. Este modelo que no seu día amosou virtudes pouco discuti-

bles, hoxe está esgotado en gran medida, e resulta insuficiente para lles dar cumprida resposta ás demandas sociais das novas tarefas públicas. Por iso unha das tarefas fundamentais que debe asumir--la Comunidade Autónoma galega ten que ser--la súa posta ó día para instaurar unha Administración de novo cuño, organizada segundo criterios máis modernos de desconcentración, descentralización, delegación e participación cidadá, de publicidade e axilización dos procedementos; unha maquinaria administrativa, en definitiva, que potencie o desenvolvemento de novas funcións de alta administración, de normativización, programación e coordinación.

Un dos elementos esenciais na configuración das Administracións autonómicas debe ser verdadeiramente o exercicio desconcentrado das competencias administrativas, apoiado nunha vasta operación de concentración de competencias nos servizos provinciais da propia Xunta, de delegación de funcións nas entidades locais, concellos, comarcas e provincias, de distribución de competencias entre elas.

Hai unha regra de ouro que coñecen ben e aplican a cotío os estados organizados sobre a base de autonomías territoriais, para que o aparato público poida funcionar con eficacia. A regra é tan simple na súa formulación coma importante, e tal vez, desafortunadamente, non tan obvia nas experiencias autonómicas españolas como podería parecer. Trátase, sinxelamente, de actuar con respecto escrupoloso e estricto ós principios que serven para vertebrar--lo Estado das autonomías. Rigorosa fidelidade ó mesmo sistema por parte da Administración central e as comunidades autónomas, porque só comprendendo exactamente os seus presupostos e manténdonos nos seus límites lograremos darlle á actuación pública o suficiente pulo que merece e esixe.

Os estatutos de autonomía declaran no seu preámbulo que o poder político das comunidades autónomas



deriva da Constitución, e débese á vontade expresada polo pobo, concretada logo no propio texto do Estatuto.

Estes son os criterios cos que se debe medir sempre o alcance das atribucións autonómicas. E, desde logo, obrigado facelo así, xa que a norma fundamental española o impón, pero, de me permitir imaxinar por un instante este capital requirimento, direi que tamén debe ser así, porque, noutro caso, as autonomías converteríanse en pezas illadas, desligadas dos mecanismos que permiten o funcionamento dunha maquinaria que, como a do Estado, é máis complexa, e desasistidas tamén do necesario impulso e, polo tanto, insuficientes para atenderen os importantes problemas que esixen a atención dos seus responsables políticos, desde o primeiro momento do seu funcionamento.

Quérese dicir con iso que os esforzos das comunidades requirirán complementos estatais, pero tamén se debe pretender facer da autonomía, ademais dunha canle para a atención dos intereses peculiares, un mecanismo de participación efectivo na formación do interese xeral.

A Constitución, e por reflexo da mesma os propios estatutos, formulan unha distribución de poderes entre o Estado e as comunidades autónomas, de xeito que ámbalas partes requiren o necesario complemento e admiten a mutua influencia, para a harmonía do sistema total e para o correcto funcionamento das comunidades autónomas; en particular, estase inevitablemente chamado á cooperación.

Este é un rasgo fundamental na configuración actual das autonomías e un principio básico no seu funcionamento. E é a esta regra esencial de orde á que, desde un primeiro momento, se lle debe prestar fidelidade estricta. E iso porque é absolutamente obrigado para non esteriliza--lo feito e a idea autonómica da mesma. E non poderá selo, de ningún modo, se as instancias

autonómicas non saben corrixir todos e cada un dos defectos que padecían as instancias administrativas e políticas que se están a substituír progresivamente.

Condición indispensable para este proceso é que a Autonomía dispoña dos medios económicos indispensables para cumprí--los seus fins; e isto pola dobre e necesaria vía das transferencias ben calculadas e tamén polo funcionamento correcto do Fondo de Compensación Interterritorial, instrumento básico de aplicación do principio de solidariedade.

Non se pode falar dunha auténtica autonomía política, no marco da Constitución, se esta non vai acompañada dunha real e efectiva autonomía financeira. Esta autonomía financeira ten que concibirse non só dentro do marco da Constitución, senón tamén dentro da Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas (LOFCA).

Os principios básicos contidos na LOFCA podemos sintetizalos en: autonomía financeira, suficiencia de recursos e solidariedade rexional.

Autonomía financeira, entendida xa non como a capacidade de modifica--lo statu quo tributario, senón como axuste dinámico á evolución dos ingresos estatais.

Suficiencia de recursos, para o que será preciso revisa--la valoración dos servizos traspasados, avaliando especialmente a necesidade obxectiva de servizos, o que esixirá a aplicación do artigo 15 da LOFCA, tantas veces demorada.

Solidariedade rexional, como medio de reduci--las diferencias entre as distintas comunidades autónomas, para facer posible un desenvolvemento harmónico de todas, o que implicará unha potenciación do Fondo de Desenvolvemento Rexional e do FEDER.

Temos que pensar na situación

de Galicia como Comunidade Autónoma que ten que realizar un esforzo xigantesco para sumarse ás rexións europeas máis prósperas, eliminando as barreiras físicas que impiden o noso desenvolvemento e potenciando os investimentos productivos.

No deseño actual do sistema de financiamento, a alícuota adicional que financie este proceso terá que recaer necesariamente no endebedamento, xa que a evolución da participación nos ingresos do Estado é unha alícuota constante da media de ingresos estatal, e os ingresos de tributos cedidos non teñen a penas significación.

En definitiva, non se corresponde a maior xeración de riqueza, resultado dun esforzo de investimentos da Comunidade, co que se recibe vía participación nos ingresos estatais, xa que se produciría o fenómeno de que un maior endebedamento contribuiría a elevar, vía participación e ingresos, os fondos que perciben outras comunidades autónomas que non fosen tan dinámicas no desenvolvemento dos seus investimentos.

A asignación ás comunidades autónomas de tributos ligados directamente á produción é, pois, o único camiño que pode eliminar este fenómeno.

Se afondamos na suficiencia de recursos, esta Cámara é testemuña das múltiples declaracións dos nosos políticos, sinalando que o INSALUD só se pode recibir se vai acompañado dos recursos que permitan unha prestación de servizos equivalente á media nacional e se se satisfai ó mesmo tempo a débeda histórica coa nosa Comunidade Autónoma. Esta reivindicación non é máis cá tradución a un suposto concreto do principio contido no artigo 15 da LOFCA.

Tódolos grupos parlamentarios presentes nesta Cámara aprobaron por unanimidade o Plan de financiamento universitario de Galicia, que fai recaer exclusivamente sobre a

nosa Comunidade Autónoma a responsabilidade de equilibra--lo nivel de ensino superior de Galicia á media española.

Estes dous exemplos, ós que lles cabería engadir outros, non son máis cá expresión da necesidade ineludible de completa--lo sistema de financiamento das comunidades autónomas, vixente de forma efectiva nestes momentos, con mecanismos previstos no artigo 15 da LOFCA, e que se financie con cargo ó sistema xeral un nivel homoxéneo de prestación dos servizos públicos fundamentais, entre os que, en todo caso, debe comprenderse a educación e a sanidade.

O afondamento no principio de solidariedade esixe unha maior dotación do Fondo de Compensación Interterritorial.

Neste sentido, e con respecto ás liñas básicas da reforma proposta nestes días pola Administración central, hai que sinala--la necesidade de que esta realice un auténtico esforzo de xenerosidade para dota--lo fondo cos activos necesarios para que se converta nun auténtico fondo que ataque os desequilibrios territoriais e faga efectivo o principio de solidariedade, tal como reclaman os artigos 2 e 158 da Constitución.

Neste sentido, o fondo ten que dotarse --como esixe a LOFCA-- co 30% do investimento público, sen que sexa procedente minora--la súa contía con factores tales como a poboación relativa das rexións beneficiarias ou outros que, en ningún caso, aparecen contemplados na LOFCA.

Cremos no Estado das autonomías, e na virtualidade da Constitución e no seu instrumento financeiro rexional, a LOFCA, para lograr unha maior solidariedade e un progreso efectivo das comunidades autónomas.

Con todo, coidamos que é preciso un esforzo especial por parte

da Administración central para asumir realmente os compromisos que demanda o noso ordenamento xurídico, que necesariamente deben producir unha maior asignación de recursos ás comunidades autónomas; en particular, ás menos desenvolvidas económica e socialmente, que son precisamente aquelas nas que o nivel de prestación dos servizos básicos é fundamental e menor.

Nesta mesma liña, considero necesaria a conversión definitiva do Senado nunha Cámara rexional, o que permitirá enriquecer a solidariedade e potenciar a través desta o Estado das autonomías, para facer efectivos os principios básicos contidos na nosa Constitución.

O programa concreto do goberno que propoño realizar no quadrienio que vén, e que detallarei a seguir, vai esixir importantes recursos adicionais, os cales terán que obterse tanto pola vía da modificación do sistema de financiamento coma pola vía de endebedamento.

Se algunha característica singular, por outra parte, lle quero imprimir ó meu goberno é a da austeridade. Austeridade no gasto corrente, para eliminar todos aqueles gastos que non estean xustificadas racionalmente; pero, ó mesmo tempo, non dubidarei en aplicar os mecanismos de endebedamento previstos na Constitución e na LOFCA para financiar todos aqueles outros investimentos que sexan necesarios para a transformación de Galicia, co fin de colocala no lugar que lle corresponde no concerto das rexións europeas.

Coa mesma enerxía reclamarei da Administración central o financiamento que lle corresponde a Galicia, e que está contemplado potencialmente na LOFCA, da que o seu desenvolvemento é a única vía para garantir a equidade da solidariedade entre todas as comunidades autónomas.

Principios básicos e desenvolvemento sectorial do programa de

goberno.

A profunda transformación que precisa Galicia.

Atopámonos, dicía, nun momento histórico, ó comezo da última década do século XX, no que a nosa terra, Galicia, situada no extremo occidental de Europa, ten que afrontar--lo gran reto da súa modernización cultural, social e económica para situarse en pé de igualdade co resto das rexións europeas.

Reclamo desde aquí e agora unha nova fronteira para Galicia. E a mensaxe que o Presidente Kennedy lles dirixiu ós americanos, retómoa agora e propóño-lles á nosa terra e a todos os galegos un novo horizonte, unha nova ilusión.

Podemos ser unha rexión moderna, culta e próspera, cun equilibrio económico e social e cunha auténtica solidariedade. Se queremos, lograrémolo entre todos. Co noso esforzo, a nosa tenacidade, a nosa iniciativa, a nosa austeridade, a nosa eficacia, o noso equilibrio, o noso sentido común, lograrémolo.

A nova Galicia do século XXI requirirá un esforzo colectivo e solidario. Non poderá se--lo labor duns poucos. Endexamais se gañara co impulso dunha minoría. Só será posible se os galegos adquirimos conciencia da nosa forza, se todos botamos cara a adiante e, sobre todo, se lle devolvemos ó noso pobo a ilusión. Temos que soterrar a apatía, o escepticismo, a crítica destructiva. Temos que potenciar o noso orgullo nacional, o orgullo de sermos galegos, o honor de nacermos nesta terra.

Galicia pode colocarse entre as primeiras rexións europeas a través dun novo milagre que non será máis cá expresión do esforzo e a tenacidade dos galegos que asuman e gobernen o seu futuro, un futuro que non se regala e que só se obtén con vontade, tenacidade, intelixencia, decisión e espírito de sacrificio. Será un futuro no que non governe a

mediocridade, no que non impere o nepotismo, o conformismo e a automágoa; un futuro que se consiga, no que caibamos todos e no que sexamos quen de convivir, de practica--la tolerancia e o respecto mutuo.

Este é o espírito da nova Galicia que queremos. O Goberno galego fará todo o que estea na súa man, todo o que sexa a súa responsabilidade directa para facer posible este obxectivo, e desde agora mesmo solicítolles a tódolos sectores sociais e económicos a súa colaboración, as súas iniciativas, as súas suxerencias. Porque, repito, o futuro de Galicia non é labor duns poucos. Só será posible se existe unha integración de tódolos sectores sociais, se todos poden expresa--la súa opinión e se na medida en que sexa posible se recolle esta opinión colectiva.

Teño que reafirmar perante esta Cámara e toda a sociedade galega a nosa vontade decidida de que todo o noso proxecto de transformación de Galicia, sintetizado no programa electoral da coalición do Partido Popular e dos Centristas de Galicia, sexa unha realidade, e que tódolos aspectos básicos deste programa se transformen en feitos efectivos nesta lexislatura, sen prexuício de que as medidas propostas poidan admitir perfeccionamentos, ben pola vía do diálogo cos sectores sociais, ben, sobre todo, desde esta Cámara.

Estudiaremos, con todo respecto, as iniciativas da oposición parlamentaria. A maioría que nos otorgou o pobo galego servirá para que poidamos converter en realidade o noso programa, pero perfeccionaremos todas aquelas iniciativas e suxerencias que os demais grupos parlamentarios poidan formular.

Perante esta Cámara declaro que non practicaremos en ningún caso unha política arrogante nin intransigente, sen que iso implique debilidade. Non dubidaremos en aplicalo noso programa con toda decisión pero, ó mesmo tempo, debemos de re-

coñecer que ninguén ten o monopolio da verdade. O importante é Galicia e Galicia esixe que pensemos sobre todo nela.

Quixera agora sintetiza--las principais liñas sobre as que se asentará a nosa acción de goberno nos próximos catro anos. Para este efecto, e seguindo o mesmo esquema có que se elaborou no noso programa de goberno, síntese de 15 volumes nos que, durante máis de un ano, expertos das máis diversas áreas desenvolveron as liñas básicas dos nosos obxectivos de goberno. Comenzarei pola política educativa e cultural.

#### Educación.

Entrando na análise concreta das principais liñas de actuación do noso programa de goberno, temos que sinalar que a nosa política educativa ten como eixe a concepción da educación como elemento diferenciador entre as persoas, mediante unha formación persoal que fomente os valores éticos e sociais e respecto as conviccións relixiosas de cada ser humano, que sexa, á súa vez, estimuladora do rendemento do esforzo persoal e formadora eficaz da nosa mocidade, o capital máis valioso da nosa sociedade. Unha educación aberta a Europa, na que se garanta a igualdade de oportunidades desde o comenzo do desenvolvemento do neno.

Unha educación especialmente enfocada cara á mocidade rural. Neste sentido desenvolveremos unha serie de accións dirixidas a apoiar--lá familia, que nestas zonas rurais pode desempeñar un importante papel desde o punto de vista educativo, reforzaremos--los programas de educación compensatoria, reestructurándoos desde unha óptica de Galicia; e converteremos--la escola nun centro de formación integral da comunidade circundante.

Cómpre avanzar decididamente no camiño da gratuidade, estendéndoa progresivamente a niveis distintos do ensino obrigatorio, especialmen-

te a comedores e transporte escolar, material didáctico de uso individual, comenzando polas áreas máis desfavorecidas; ensino preescolar, xeneralizando os concertos coas unidades de preescolar dos centros con concertos educativos; e ampliando a oferta de ensino medio, mediante a integración de centros suficientes e estendendo aqueles concertos a ese nivel de ensino.

Quixera determe especialmente no aspecto do bilingüismo. O noso obxectivo é potencia--lo ensino, o emprego da nosa lingua nos distintos niveis educativos, xeneralizando o uso do galego, idioma de Galicia cooficial co castelán. O mesmo tempo, garantirémo--lo dereito de tódolos nenos a recibiren o primeiro ensino na súa lingua materna.

Na ordenación das ensinanzas, e como requisito indispensable para garantir unha eficiente aplicación de recursos, realizaremo--lo Mapa escolar dinámico de Galicia para determina--las prioridades de escolarización e a implantación racional dos centros.

Para unha maior adaptación das ensinanzas medias ás necesidades de Galicia e ás aptitudes da nosa mocidade, estableceremos servicios de orientación comarcalizados e potenciarémo--lo ensino de linguas estranxeiras, o intercambio de alumnos e profesores con outros países, etc, O mesmo tempo, para aqueles que non poidan acceder a centros ordinarios, potenciarase o INGABAD.

Un dos grandes retos de Galicia en materia educativa é a formación técnica e profesional. Como primeira medida crearase unha Dirección Xeral específica. Poñeremos en marcha o Patronato de Formación Técnico--Profesional, ó que convidamos a participar ás organizacións empresariais, e o Instituto de Novas Profesións.

O mesmo tempo, establecerémo--los mecanismos de coordinación que sexan necesarios coa Administración central para fomenta--la formación

ocupacional, converténdoa nun instrumento eficaz para dota--las empresas de expertos nas distintas áreas. En definitiva, pretendemos unha formación técnico--profesional eficaz, que contribúa ó desenvolvemento de Galicia.

Toda esta reforma educativa non será posible sen a participación activa do profesorado. Xa que logo, defenderémo--la figura do profesor como profesional da educación, clave da calidade do ensino. Neste sentido, entre outras medidas, poñeremos en marcha o Plan galego de Formación Permanente, que incluírá a tódolos profesores non universitarios.

O novo sistema universitario de Galicia.

A Universidade constitúe un dos eixes básicos para a transformación da nosa Comunidade Autónoma, polo que será unha preocupación especial do meu Goberno establece--las bases para un desenvolvemento racional do sistema universitario de Galicia, de xeito que lles poida dar resposta ás necesidades da nosa sociedade. Os obxectivos de calidade e eficacia serán os principios da nosa actuación.

Poñeremos todo o noso empeño na articulación das novas universidades, da Coruña e de Vigo, de xeito que estas e a de Santiago --mailos campus autónomos-- poidan prestarlle á sociedade galega os servicios que a nosa terra lles demanda.

Expresamos aquí e agora o noso apoio ó Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia, aprobado por este Parlamento, co apoio de tódolos grupos, constituíndo a expresión do que pode conseguir--lo esforzo solidario de tódalas forzas políticas representadas nesta Cámara, cando se trata de afrontar un reto fundamental para o noso futuro.

Anuncio perante esta Cámara a creación, con carácter inmediato, dunha Comisión técnica que realice

os estudos previos correspondentes para poder definir con rigor as novas titulacións que Galicia necesita. E este un tema de máxima transcendencia, e débese abordar coas maiores garantías de acerto, dispoñendo de toda a información necesaria.

Se Galicia quere traspasar con pé firme o limiar do desenvolvemento, debe contar cunha investigación potente, que dinamice os nosos sectores productivos e garanta a súa competitividade.

Desde esta Cámara fágoles un ofrecemento solemne a tódolos sectores productivos para articularlos institutos de investigación aplicada que Galicia necesita. Estes institutos, nos que haberá unha representación paritaria dos sectores productivos e da Administración, deben constituírse como motores do noso desenvolvemento.

Prevedemos unha organización funcional, vigorosa, exenta de burocratismo, que permita, co mínimo custo de administración, realizar as investigacións que conxuntamente e de común acordo definan os sectores productivos e a Administración autonómica, debendo ámbalas partes cofinanciar os programas correspondentes.

A este fin, e unha vez logrados os acordos precisos que garantan a viabilidade deste proxecto, dictaranse as disposicións precisas para a concreción e posta en funcionamento destes institutos e para a adopción do Plan xeral de investigación para 1990.

A nosa cultura.

Propoñémo--la potenciación dunha cultura galega sólida, vertebrada, baseada no noso pasado e aberta ás grandes correntes intelectuais. Unha cultura galega que é patrimonio de todos e que a todos nos debe agrupar nun sentimento de identidade colectiva.

Queremos unha cultura aberta ó

futuro, potenciando a participación de todos nas actividades culturais e integrando tódalas Administracións públicas neste esforzo solidario.

Concibímo--la cultura como un legado que chegou a nós, que temos que conservar, restaurar e mellorar, para transmitirllela ás xeracións futuras. Desde logo, apoiaremos co noso máximo interese e ilusión as novas manifestacións das artes e as letras do noso tempo, de xeito que Galicia non quede á marxe das grandes realidades creativas do espírito humano neste novo milenio que comeza.

Como medidas concretas adaptadas ás distintas áreas propoñemos:

Na área do patrimonio arqueolóxico e etnográfico, elabora--la Carta Arqueolóxica de Galicia; prestarlles especial atención ós museos arqueolóxicos; establecer rotas arqueolóxicas de especial interese turístico--cultural; potencia--los traballos de arqueoloxía submarina e de arqueoloxía en covas; crea--lo Instituto de Investigación Arqueolóxico--Etnográfico de Galicia; e tamén conservar e protexe--los oficios artesanais e as diversas manifestacións do noso folclore.

Na área do patrimonio histórico--artístico, crea--lo Instituto de Restauración; impulsa--la nova creatividade arquitectónica e, en definitiva, potenciar e protexe--lo noso patrimonio, non só como unha obriga histórica senón como medio básico para consolida--la nosa conciencia cultural e favorece--la nosa promoción cultural e artística.

Potenciarémo--lo noso patrimonio documental a través da creación do Centro de Documentación Histórico--Nacional de Galicia, no que un dos seus obxectivos básicos será a formación do inventario dos documentos históricos que integran o noso patrimonio documental.

Prestaráselles unha atención

especial ós nosos museos, co fin de que cumpran coa necesaria eficacia a súa función de conservar, estudar e mostra--lo noso patrimonio cultural.

Consideramos da máxima eficacia promover convenios de colaboración con entidades privadas para organizar manifestacións culturais e exposicións nos nosos recintos museísticos, potenciando as visitas da xente nova, os clubs de museos e, en xeral, todas aquelas accións que garantan que os museos sexan unha institución viva ó servizo de todo o pobo galego.

Como clave de bóveda desta área, crearemos--lo Museo Nacional de Galicia, no que se centralizará a catalogación e o inventario de todo o patrimonio artístico.

O Camiño de Santiago constitúe un símbolo da nosa identidade, e tamén unha das principais manifestacións dun patrimonio non só galego, senón de toda a humanidade, pois é o símbolo da identidade cultural europea.

Durante o noso mandato, as principais accións que se van realizar serán: delimitar, conservar e mellora--lo Camiño; recupera--lo patrimonio histórico--artístico ó longo do Camiño; dota--lo Camiño de elementos básicos de apoio ó peregrino; dinamiza--lo Camiño, articulando todo tipo de actividades culturais, promocións do turismo, etc.

Para a coordinación de todas estas actividades crearemos--la figura do Comisionado galego do Camiño de Santiago, e desde aquí dirixímoslle ó Arcebispado o noso ofrecemento para poñer en pé no contorno da catedral, en rexime de patronato conxunto, un Museo Internacional Xacobeo, que poida recoller, no ano santo do 93, unha gran exposición xacobeá.

Na área do libro e das bibliotecas, potenciaremos especialmente o libro galego, coas axudas necesarias, de xeito que non só as gran-

des tiradas, senón tamén as pequenas, poidan ser rendibles.

Prestaráselle unha atención especial ós autores para estimular--la creación cultural, e potenciaranse as bibliotecas como centro de difusión cultural, con campañas de todo tipo.

Crearase a Biblioteca Nacional de Galicia como centro que permita o acceso, mediante medios informáticos, ós catálogos e fondos bibliográficos tanto da Comunidade Autónoma coma dos situados noutras comunidades.

Quixera destacar especialmente a creación de pequenas bibliotecas nas nosas parroquias rurais, como un instrumento básico para estende--lo libro a aqueles sectores de poboación que estiveron totalmente abandonados. Concibiuse ata agora a dinamización cultural como unha preocupación urbana, marxinando ás áreas rurais, nas que vive a maioría da nosa poboación. E o noso propósito decidido inverter esta tendencia, colocar nun primeiro plano e articular unha oferta cultural seria e importante para as nosas áreas rurais.

A cultura moderna tamén será potenciada no noso goberno. Crearemos un Fondo Galego de Arte Contemporánea para adquirir obras de artistas do noso tempo; e un centro de arte para potencia--las exposicións dos grandes artistas do pasado e dos novos creadores.

Queremos consolida--lo Centro Dramático Galego e estende--la súa actividade, e impulsaremos--lo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, como motor para desenvolver unha política de formación, investigación e divulgación artística.

Crearemos unha Hemeroteca Nacional galega, e subvencionaremos--la difusión de prensa en galego e de suplementos culturais e educativos. As comunidades galegas asentadas fóra do territorio da Comunidade Autónoma serán destinatarias es-

peciais dos beneficios destes programas.

Na área da imaxe, o meu Goberno considerará a Televisión de Galicia como un dos instrumentos culturais máis importantes, non só pola súa capacidade de penetración na sociedade galega, senón, e dun xeito especial, por constituí--lo medio máis idóneo para a difusión e a expansión do noso idioma e da nosa cultura.

Queremos potencia--lo papel da Televisión de Galicia, garantindo a súa imparcialidade e o seu servizo á comunidade. Isto non exclúe a necesidade dun profundo saneamento financeiro, que elimine de raíz o desgoberno e a dilapidación de recursos públicos e o desequilibrio financeiro.

Dentro da potenciación das artes da imaxe, crearemos--lo Arquivo das Artes Audiovisuais, e prestáraselle unha especial atención a esta área, con organización de exposicións, cursos monográficos, apoio á creación de filmotecas e videotecas, etc.

Por último, teño que facer unha referencia nesta área ó Vº centenario do descubrimento de América, ó que Galicia debe prestarlle unha atención especial, tanto a través dos traballos de investigación que dean resposta á cooperación e integración cos pobos iberoamericanos, como a salienta--lo papel de Galicia no desenvolvemento do novo continente. Para fixar esta aportación traerémo--lo Museo da Emigración Galicia--América e desenvolveremos un conxunto de traballos de investigación, que afonden no papel que desempeñou Galicia no desenvolvemento económico, social e cultural dos pobos de Iberoamérica.

Sanidade.

Un dos retos máis importantes que se nos presenta e que afrontaremos con toda decisión, é o de adecua--las estruturas sanitarias de Galicia ós requirimentos dun pa-

ís desenvolvido. A isto dedicáremoslle un esforzo especial, porque entendemos que a saúde é un dos alicerces básicos do benestar, ata o punto de que, como é sabido, na definición de saúde, promulgada pola OMS, se equipara esta ó benestar, intregrando no mesmo concepto non só o benestar físico, senón tamén o mental e o social.

Non podemos esquecer que a mellora da saúde colectiva non depende tan só das accións dun departamento específico de sanidade, senón que está moi vinculada a outros factores. Desenvolvemento e saúde son dúas variables interdependentes; o desenvolvemento non é posible sen fomentar un maior grao de saúde, e esta redundará, á súa vez, nun maior desenvolvemento. Por iso, a mellor forma de promocióna--la saúde é promove--lo desenvolvemento xeral.

Neste campo, o primeiro obxectivo do noso Goberno será a superación, nun prazo razoable, da secular marxinação da nosa sanidade, ata logra--la súa equiparación co resto das comunidades autónomas. Para isto é imprescindible conseguí--la transferencia, en condicións adecuadas, dos dous organismos que teñen a maioría dos recursos asistenciais de Galicia: o INSALUD e o Instituto Social da Mariña (na parte sanitaria), o que nos fixamos como obxectivo inmediato.

Teño que precisar, con todo, que o norte da situación sanitaria do noso Goberno será a saúde e non a enfermidade, e neste sentido potenciaranse ó máximo as accións de promoción da saúde, a medicina preventiva e a educación sanitaria, que se estenderá a toda a poboación. A asistencia sanitaria, que contará con tódolos medios necesarios, será o máis precoz posible, e a súa finalidade última será a integración do cidadán na sociedade.

Fronte á crise actual, o noso modelo sanitario vai encamiñado a restablece--la confianza dos cidadáns no sistema sanitario; devol-



verlles ós profesionais da sanidade a ilusión polo traballo e optimiza--lo funcionamento do sistema para que se poida obte--la máxima rendibilidade dos recursos dispoñibles. Neste sentido é preciso completar de inmediato as transferencias asistenciais na área das corporacións locais, pechando así o sistema e permitindo que a Comunidade Autónoma sexa o motor e coordinador de todo isto.

Para a ordenación do sector sanitario, remitiráselle a esta Cámara un proxecto de lei que substitúa a actual Lei do Servicio Galego da Saúde. Esta nova lei garantirá o dereito de tódolos cidadáns á atención de saúde en igualdade de condicións; a liberdade para a elección de médico, centro sanitario e modalidade asistencial; a eliminación das interminables listas de espera nos hospitais e demais centros asistenciais de Galicia, mediante a axeitada utilización de tódolos recursos sanitarios da nosa Comunidade Autónoma.

Ademais, esta lei logrará unha asistencia sanitaria de calidade crecente, baseada na libre competencia e no establecemento de incentivos profesionais en tódolos niveis asistenciais; facilitará o mellor emprego dos recursos dispoñibles e aumentará a eficacia da acción sanitaria, mediante a descentralización da xestión.

Na estrutura asistencial galega imos manter tódalas modalidades asistenciais públicas e privadas que existen na actualidade, para podermos ofrecerlle ó cidadán múltiples opcións entre as que elixir con completa liberdade.

O Mapa sanitario de Galicia, que tantos problemas orixinou, será derrogado de inmediato, e afrontarse a revisión do antigo, con base nos seguintes principios:

a) Restablecemento da figura do médico de cabeceira ou de familia, que poderá ser elixido libremente polos usuarios.

b) Mantemento dos médicos e dos servicios asistenciais propios en tódolos concellos, sen prexuício da integración dos servicios sanitarios municipais en niveis de maior complexidade.

c) Creación en tódalas cabeceiras de comarca de centros sanitarios de apoio, que contarán con servicios de especialidade e que lles prestarán a axuda necesaria ós médicos de cabeceira ou de familia na solución daqueles problemas que requiren medios de máis avanzada tecnoloxía.

A reforma da Lei do Servicio Galego de Saúde e a revisión do Mapa sanitario de Galicia, permitirán flexibiliza--la extrema rixidez que ámbalas dúas normas lle impoñen á sanidade galega e propiciarán unha mellor distribución territorial dos nosos recursos sanitarios, que atendan ás especiais circunstancias de cada tema. Isto permitirá a creación de novas áreas de saúde, como son a de Valdeorras, a Costa da Morte, O Barbanza e Verín, das que a súa necesidade resulta evidente.

Os problemas derivados da enfermidade mental supoñen unha das preocupacións máis importantes da nosa sociedade. A situación actual da saúde mental require, sen dúbida, unha regulación particular que unifique os distintos aspectos da mesma, reunindo tódolos recursos que están actualmente dispersos, organizándoos e racionalizándoos, como paso previo e indispensable para a súa total integración, en pé de igualdade no sistema sanitario xeral de Galicia. Con esta finalidade procederase, de xeito urxente, á implantación do Plan galego de saúde mental.

Por último, imos facer mención expresa de dous problemas sanitarios que teñen unha gran transcendencia individual, familiar e social para Galicia, que constituirán unha preocupación constante do noso Goberno: o alcoholismo e as drogodependencias non alcohólicas. Crea-

rasedentro do Plan autonómico das drogodependencias unha estrutura permanente que dea resposta inmediata ós múltiples problemas que na orde sanitaria e social se lles presentan a estes enfermos e ás súas familias, e que tanta dor e preocupación crean.

Servicios sociais.

A atención sanitaria á nosa poboación relaciónase coa área dos servicios sociais, a que cumpre a dobre función de completa--los niveis de asistencia especializada ós sectores singulares, para contribuír ó seu benestar e cumprir unha esixencia básica dunha sociedade xusta e moderna: prestarlles unha atención singularizada ós marxina-dos, ós indefensos e a aqueles que, por diversas circunstancias, precisan a solidariedade colectiva. Non é posible un crecemento económico sostido e estable sen cohesión social, nin é realizable o desenvolvemento social sen mutuo entendemento, é dicir, sen elevación do nivel educativo e cultural.

Eu diría que a sensibilidade social dun Goberno se mide directamente pola atención que lles presta a estes servicios sociais. O primeiro obxectivo que hai que acadar é conseguir que a entidade pública máis próxima ó usuario sexa a encargada directa da súa prestación, cando dispoña da organización suficiente. Isto vai esixir unha redistribución de competencias entre a Comunidade Autónoma, as deputacións e os concellos, co fin de racionalizar esta área, buscando o obxectivo básico antes sinalado.

Non se trata de impoñer convenios de colaboración, senón de auténticos procesos de transferencias, acompañados da correspondente dotación económica, que fagan responsable a cada institución da calidade e eficacia dos servicios que presta, sen prexuício da supervisión superior que en todo caso lle corresponda á Comunidade Autónoma.

Quixera determe nos aspectos

básicos dos servicios sociais que, desde o noso Goberno, serán obxecto dunha atención especial.

En primeiro lugar, teránse que potencia--los servicios de información e orientación; un lugar ben identificado ó que calquera cidadán poida acudir para consulta--lo seu problema, para recibir orientación sobre como resolvelo e, en definitiva, para que dun xeito efectivo os servicios sociais cheguen a todos. Especialmente, débese prever un apoio no seguimento ós expedientes, velando pola súa rápida tramitación.

Potenciaranse especialmente aqueles servicios que resolvan as necesidades para as que están previstos, pero que, ó mesmo tempo, non desvinculen os cidadáns do seu contorno. Refírome entre outras á axuda a domicilio que se lles debe prestar a aqueles que non desexan acudir a residencias ou centros de internamento, e precisan recibir unha atención, carecendo de medios económicos para pagala persoalmente. Os servicios de atención a enfermos, compañía, limpeza, atención ós nenos e apoios sanitarios especializados entran neste concepto. A axuda a domicilio completárase cos centros de día nos que se poida prestar unha asistencia puntual, sen necesidade de internamentos.

Unha vez conseguida a transferencia do INSALUD, haberá unha co-ordenación específica entre os equipos sanitarios da área de servicios sociais e os correspondentes ó INSALUD.

As axudas de emerxencias sociais setán destinadas a resolver situacións e necesidades de carácter atípico, que poden constituír auténticas traxedias para os que as sofren. Prestarémolle unha atención especial a este tema, así como ós programas complementarios de integración social.

Outro chanzo dos servicios sociais constitúeno aqueles que están especialmente previstos para reci-

bir ós que non teñen lugar onde vivir, ben sexa de forma temporal ou definitiva. Centros de acollida, albergues e residencias recibirán a nosa atención especial, fuxindo en todo caso da masificación e procurando unha atención especializada e, sobre todo, humana, co fin de conseguir--la máxima integración co contorno social. Este principio será básico na área especializada de servicios á mocidade e á terceira idade. No primeiro caso, será preferible darlle a unha familia unha subvención para atender a un menor que internalo nun centro específico. No segundo, as minirresidencias e os centros de día, combinados co seu domicilio, poden lograr unha maior calidade e humanidade na prestación destes servicios sociais, cunha indubidable maior integración social.

Potenciaranse igualmente e co mesmo espírito os centros para eivados maiores de idade, como centros básicos, que serán comarcalizados. Preocuparémonos igualmente das garderías infantís, dos comedores asistenciais, etc.

Unha nova política de xuventude.

O meu Goberno prestaralle unha especial atención á política da xuventude, polo simple feito de que a xente nova vai configura--lo noso futuro. Na medida en que poidamos responder ás súas demandas e xerar nelas unha ilusión para lograr entre todos unha Galicia mellor, máis moderna e máis xusta, teremos asentado sobre bases firmes o noso futuro.

As liñas básicas de actuación serán as seguintes:

Fomento do asociacionismo xuvenil, potenciando as asociacións existentes, revitalizando o seu funcionamento a través de convenios específicos para a realización de actividades, e apoio ó Consello da Xuventude de Galicia, dotándoo dos medios e das estruturas máis amplas, nas que teñan cabida tódolos monitores, animadores e directores.

Política de infraestructuras para a atención á xuventude, concretada na creación e promoción dunha ampla rede de casas e centros de xuventude, especialmente no medio rural, ou sexa: instalacións deportivas, albergues xuvenís, colonias, bases de acampada e centros polivalentes de vacacións.

Potenciación dos servicios de información e asesoramento xuvenil, a través de centros comarcais e mesmo locais, coa organización de programas específicos, culturais e educativos, dirixidos especialmente á mocidade.

Inserción dos mozos no mundo do traballo, desenvolvendo un plan específico de emprego xuvenil. As accións que se teñen que desenvolver nesta área serán: subvencións á iniciativa privada, para contratar--la xente nova demandante de emprego; atención especial ós novos en áreas rurais, con campañas específicas para o fomento do cooperativismo agrario; cursos de mecánica agrícola, xerencia de empresas agrarias, explotacións de futuro e cultivos alternativos, e a potenciación das escolas de capacitación agraria, fomento, en xeral, do cooperativismo e da inserción da xente nova nas áreas de produción e comercialización.

Servicios específicos para a xuventude, tales como turismo xuvenil, viaxes subvencionadas para os novos, intercambios cidade--campo, campos de traballo, etc.; fomento de plans especiais de vivenda xuvenil en réxime de alugueiro, etc.

Atención especial ás drogodependencias, articulando unha política formativa e de sensibilización para os mozos, programando servicios de atención sanitaria e promovendo centros subvencionados de rehabilitación e reinserción dos ex--drogadictos.

Coordenación das políticas de apoio á xuventude. A este fin creárase unha Comisión interdepartamental, dependente do Presidente da

Xunta, para garantir un funcionamento coordinado de tódalas consellerías, tanto nas competencias que afecten á xuventude coma nos plans e proxectos específicos con concellos, deputacións e organizacións xuvenís.

Intimamente ligada coa política de xuventude, está a política deportiva. Os principios básicos de actuación concréntanse nas infraestructuras deportivas, no ensino e no fomento da actividade deportiva.

En materia de infraestructuras, a primeira medida será acadar un acordo marco entre tódalas institucións públicas galegas, para defini-lo papel que van realiza-las mesmas en relación coa política de instalacións deportivas e elaborar, coa máxima urxencia, o censo de instalacións deportivas dependentes das administracións públicas ou dos entes privados.

Os obxectivos globais que se deben acadar no eido das infraestructuras deportivas serán:

Tódolos concellos deberán contar con instalacións deportivas cubertas, coordinando as súas actuacións para estes efectos coa Consellería de Educación.

As localidades nas que se practique ou poidan implantarse deportes náuticos dotaranse dunha instalación cuberta que posibilite a ubicación das embarcacións, con vestiarios e ximnasios.

As cabeceiras de comarcas estarán dotadas de instalacións máis completas, con piscina, pista de atletismo, etc.

Nas grandes cidades, e fundamentalmente a través dos correspondentes convenios, fomentaranse deportes ata agora minoritarios. Nestas mesmas áreas urbanas realizaranse convenios específicos coas corporacións locais, para a dotación de grandes espazos de contacto ó aire libre, para o exercicio de actividades físico-deportivas e

recreativas.

No campo do ensino deportivo potenciarase o INEF, para incrementar-lo número de especialistas indispensables, co fin de desenvolver unha auténtica política deportiva, e daráselle un pulo especial á Escola Galega do Deporte. Tamén se atenderá a formación de especialistas en dirección e mantemento de instalacións deportivas e afrontaranse decididamente un plan para o desenvolvemento do deporte de alto nivel, creando para isto centros de iniciación polivalentes e centros específicos de tecnificación, nos que se combinarán as esixencias propias no nivel educativo de que se trate coas que se deriven da natureza destes centros e coa súa función de formación de deportistas de elite.

O fomento da actividade deportiva terá que partir necesariamente dun apoio directo ós clubs e asociacións deportivas, auténticos protagonistas do feito deportivo. Xa que logo, intensificaranse as axudas, tanto para consolidación coma expansión destes axentes deportivos. Estas outorgaranse a base de baremos obxectivos que primen o traballo realizado, estimulando especialmente a práctica do deporte nas áreas rurais.

Prestaráselle unha atención especial ó deporte escolar, chanzo básico da actividade deportiva, tanto no que se refire á formación humana, á que contribúe, coma no que afecta á formación de deportistas.

A Galicia exterior.

Galicia non só é un territorio xeográfico, senón máis ben unha comunidade humana universal, con ramificacións en tódolos puntos do globo. A Galicia do exterior vai recibir unha atención moi especial pola nosa parte, tanto para lles devolver ós nosos emigrantes unha parte do moito que nos deron, coma para integralos de xeito efectivo no papel político, económico e so-

cial que Galicia ten que desenvolver no mundo. Esta é unha obriga especial para un fillo de emigrantes a Cuba coma min.

Ante todo temos que conseguir que en Galicia haxa un traballo digno para todos; que non sexa preciso emigrar.

No campo da protección dos intereses galegos no exterior, voume referir ós aspectos básicos nos que se concretará a política do Goberno galego.

En primeiro lugar, mencionáremolo incremento de bolsas para estudar en Galicia, destinadas a fillos de emigrantes; os programas de formación profesional que se van impartir nos seus lugares de residencia, para facilitarlle--lo seu regreso e a súa incorporación á vida laboral en Galicia; e a integración no noso sistema de Seguridade Social daqueles emigrantes maiores de 65 anos que regresen a Galicia, ós que se lles recoñecerán os mesmos dereitos ca ós residentes, aínda que non cotizasen. Para isto, iniciaranse de inmediato as conversacións coa Administración central, para lograr un convenio específico.

Facilitaremos con tódalas medidas ó noso alcance o regreso a Galicia de tódolos galegos que o desexen, que terán os mesmos dereitos cós residentes para accederen ás prazas en residencias da Xunta de Galicia e, en xeral, a tódolos servizos sociais.

Nos principais países da emigración, crearanse unhas unidades de servizo para os galegos, dotadas de persoal cualificado nas áreas xurídica e laboral, que se conectarán cos centros galegos correspondentes e que, ademais de ordenarse co Instituto Español de Emigración, desenvolverán programas propios de difusión cultural, xestión de subvencións, etc.

Darémolles un apoio directo e especial ós centros galegos no estranxeiro, principalmente en mate-

ria de apoio ós servizos sociais asistenciais que prestan, con subvencións para logra--lo seu equilibrio financeiro, cando dependen deles centros asistenciais ou hospitalarios.

Promoveranse convenios coa Administración central para potenciar actividades de cooperación española, en Iberoamérica e Europa, especialmente en materia de formación, investigación e axuda sanitaria; e instarase igualmente a esta Administración central para que estableza iniciativas fiscais ás axudas que empresas e entes privados poidan destinar para estes fins.

No ámbito da cooperación económica impulsárase a creación de empresas mixtas e a articulación de proxectos bilaterais con empresarios galegos no exterior.

Por último, instarase á Administración central para a eliminación de atrancos burocráticos e a simplificación de trámites en todo o que afecta ás actuacións que teñen que realiza--los nosos emigrantes, tanto no que se refire ó exercicio do dereito ó voto coma en canto á integración das unidades administrativas que lles prestan servizos ós emigrantes e que dependen de entes distintos (Asuntos Exteriores, Traballo, Educación, Asuntos Sociais, Instituto Español de Emigración), coma no que afecta ó funcionamento dos consulados.

Unha nova política económica para Galicia.

"Esperta do teu sono...". Estas palabras tamén constitúen un portico necesario desde o que temos que partir para afrontar--lo noso futuro.

Unha Comunidade Económica sen fronteiras internas, que integra doce países e trescentos vinte millóns de habitantes, na que as mercadorías circulan libremente, esixe nunha economía rexional coma a nosa un xigantesco esforzo de transformación para logra--la nosa competitividade.

O mesmo tempo será preciso penetrar nos mercados do leste europeo, que como é sabido se atopan nun proceso de transformación acelerada e se van integrando no sistema de economía de mercado. Non se trata de facer unha actividade defensiva de proteccionismo, senón dunha política activa, agresiva, aberta cara ó exterior, da que o seu obxectivo é coloca--los produtos galegos nos mercados internacionais, penetrando neles pola súa acomodación e adaptación ás necesidades do consumidor, pola súa calidade e polo seu precio.

Partimos certamente duns impedimentos iniciais de ampla importancia: a nosa posición periférica con respecto ós mercados europeos, o enorme atraso das nosas infraestructuras --que constitúen hoxe unha auténtica barreira, a falta de tradición exportadora, a dimensión insuficiente das nosas empresas e, como último apartado significativo, o atraso e a falta de equilibrio do noso sistema económico.

Se ben isto é certo, tamén o é que non caeremos no desánimo, e que Galicia esixe e demanda de nós un esforzo colectivo e integrador, co que poderemos situa--la nosa terra no lugar que lle corresponde no concerto coas rexións europeas.

#### Agricultura.

Os obxectivos básicos na área de política agraria teñen que partir do verdadeiro protagonista: o campesiño galego, o paisano, ó que lle hai que presta--lo apoio directo para potencia--las explotacións familiares e procura--la súa integración productiva a través do asociacionismo agrario e especialmente do cooperativismo. E preciso un esforzo singular para mellora--la capacitación profesional dos nosos agricultores, para eleva--lo seu nivel cultural, e, especialmente, para espertar na xente nova a ilusión polo traballo no campo, no contexto dunha agricultura moderna.

Dentro desta alínea quérome re-

ferir a algunha das accións que será especialmente coidada polo meu Goberno: a creación de centros de desenvolvemento rural a nivel parroquial, cunha misión específica para a extensión agraria, pero tamén como funcións de centros de carácter cultural, dotados de servizos sociais. En definitiva, centros de conexión dos nosos habitantes do medio rural cos servizos que presta a Administración autonómica.

Dentro do noso programa de des--concentración, e de xeito progresivo, iranse comarcalizando os servizos das distintas áreas da Administración, comezando polos correspondentes a agricultura, e desde eses centros comarcais prestaráse-lles atención directa ós centros locais de desenvolvemento rural. E obxectivo do noso Goberno, durante o cuatrienio 90--93, poñer en funcionamento un centro por cada cinco parroquias, o que implica aproximadamente contar a final do período con 700 centros.

A acción en materia de formación e capacitación dos nosos agricultores debe completarse con todas aquelas accións dirixidas a aumenta--la produtividade das explotacións agrarias, orienta--la produción ó que demande o mercado, a potenciación da investigación aplicada, implantar aqueles cultivos que poidan sustentarse no noso solo e dos que existe demanda nos mercados nacionais e internacionais.

Unha atención especial á gandería constituirá a columna vertebral da nosa economía agraria, conxuntamente cunha nova política forestal para Galicia.

A adaptación das infraestructuras agrarias ás esixencias e a posta en marcha de unidades productivas viables esixen incrementa--los esforzos en materia de concentración parcelaria, en infraestructuras directas, especialmente en electrificación rural, camiños, teléfonos rurais, etc.

Cómpre establecer un marco estable áxil en canto ás relacións entre produtores e industrias transformadoras, de xeito que exista un horizonte establecido que permita afrontar--lo futuro cun coñecemento exacto dos parámetros de actuación e os límites de fluctuación.

Dada a importancia da gandería na nosa economía agraria, quixera determe, aínda que sexa brevemente, nalgúns das accións significativas.

En primeiro lugar, debe completarse e perfeccionarse coa máxima urxencia o programa de saneamento, o que constitúe un presuposto básico sen o cal non cabe falar de política gandeira. Este programa debe ser complementado cunha forte acción na mellora xenética dos animais, protección de razas autóctonas, etc.

No sector lácteo, é preciso mellora--la eficacia e mellora--la produtividade nas explotacións de leite a niveis competitivos cos países atlánticos da Comunidade, co obxectivo de conseguir equilibrar--los niveis de renda dos nosos campesiños cos equivalentes da Comunidade Económica Europea e garantir--la viabilidade das nosas explotacións.

Isto vai esixir un maior protagonismo de Galicia nas decisións do Mercado Común que afecten á política agrícola, especialmente á política gandeira.

Galicia debe deixar de ser exportadora en materias primas para se converter en exportadora de produtos agroindustriais, competitivos. Isto vai esixir unha profunda transformación do noso sector agroindustrial para conseguir a través da renovación tecnolóxica e do reaquipamento producións de calidade, competitivas e con deseños idóneos e cunha distribución racional e patente.

O obxectivo específico que hai

que conseguir é o de lograr uns produtos galegos de calidade, con denominación de orixe, que se identifiquen nos mercados internacionais como produtos sans, naturais e de calidade recoñecida, como nós xa os recoñecemos.

A necesidade de defende--lo nivel de vida dos nosos campesiños esixe unha acción vigorosa para o desenvolvemento integral das nosas zonas desfavorecidas e de montaña. Para a consecución deste obxectivo dedicaremos un plan especial que lles permita a estas zonas saír do subdesenvolvemento actual, onde se integrarán tódalas técnicas que con carácter xeral expuxen.

Teño que facer mención especial do sector vitivinícola, con apoios para a potenciación das variedades autóctonas e para a integración de produtores para efectos do embotellado, denominacións de orixe e comercialización, e do sector da augardente, que precisa dun apoio decidido para defender ese produto de merecida fama mundial, favorecendo a agrupación de produtores, concentración de alambiques con control sanitario, axudas á comercialización, etc., e apoiando o réxime transitorio que permita presentar con ritmo axeitado a reestructuración do sector.

No sector forestal --e facendo abstracción do tema dos incendios, que por razóns meteorolóxicas tratarei noutra alínea--, é evidente que unha política forestal só é posible se o monte é economicamente rendible, e iso á súa vez esixe unha industria transformadora próxima e puxante. Cómpre neste proceso rexional unha ordenación do monte, comezando polo forte investimento nas subestructuras forestais, favorecendo ó mesmo tempo os obxectivos que possibiliten a explotación do monte e fagan atractivo o investimento. Isto esixe igualmente conseguir lugares de explotación de tamaño viable. Para este fin potenciarase o asociacionismo, a concentración dos montes e a adopción de medidas subvencionadoras que favo-

rezan a reforestación e a ampliación das parcelas.

Insisto na importancia da reforestación, da que o seu obxectivo será, unha vez que consigamos paraliza--los incendios forestais, duplica--lo crecemento actual dos nosos montes, mellora--la calidade dos produtos que xeran, amplia--lo número de especies forestais, mellora--los ecosistemas fráxiles e incrementa--la oferta cinxética.

A potenciación do sector transformador esixe un apoio específico ó sector dos serradoiros para a súa reestructuración; estimula--los procesos de industrialización, se ben con estudos rigorosos sobre as súas repercusións nos equilibrios do ecosistema; estimula--lo consumo de produtos forestais. Todo isto precedido dun importante esforzo en investigación forestal, que permita camiñar con pasos firmes neste eido, no que unha política debe ser necesariamente estable dado o período de maduración das especies.

#### Pesca.

A importancia do sector pesqueiro en Galicia non é necesario salientala, cun 35% do sector primario e un 4,3% do sistema productivo.

A política pesqueira do noso Goberno estará orientada especialmente ós seguintes fins: defensa dos nosos caladoiros; mellora da produtividade do sector; modernización das súas estruturas; mellora e simplificación dos circuitos de comercialización e defensa dos nosos mercados.

A Comunidade Autónoma ten que intensifica--las súas relacións co Goberno central e coas institucións comunitarias, colaborando coas mesmas ou ben reivindicando enerxicamente ante elas aquelas accións que sexan necesarias para efectos de garanti--los nosos caladoiros.

Para isto, a consulta cos sectores afectados será práctica habi-

tual no noso goberno, e establece--ranse con carácter inmediato os contactos necesarios coas asociacións ou as confrarías do sector. Neste mesmo sentido, a grave crise que afronta a flota conxeladora merecerá a nosa atención, tanto no que se refire á defensa dos nosos intereses en Namibia, As Malvinas, Canadá ou Estados Unidos, coma á necesidade de reestructuración do sector.

E imprescindible a potenciación da investigación e da formación profesional dos nosos homes, a racionalización de procesos e técnicas e, en definitiva, unha maior calidade de tecnificación dos procesos.

Consideramos prioritario o apoio ás confrarías de pescadores e ás organizacións de produtores, no marco da política global que comprenda o saneamento das rías; unha axeitada regulación das artes de pesca; a dotación dos nosos portos das estruturas básicas para fomenta--la comercialización, así como para a apertura de novos mercados; o reforzo das cadeas de distribución, etc. Todo isto terá que encaixarse dentro dun Plan de ordenación da plataforma pesqueira galega, que permita a explotación harmónica e equilibrada dos nosos recursos mariños, e dun Plan de ordenación marisqueira das nosas rías.

A acuicultura é un verdadeiro sector de futuro en Galicia. Debemos desenvolvela ó máximo dentro dun plan integral que articule e integre distintas accións.

A industria dos produtos pesqueiros integrarase neste esquema global, con especial atención á nosa industria conserveira.

Dentro desta política intégrase o Plan de renovación da flota pesqueira galega, que se aprobará antes da finalización do 90 e que, ademais de introduci--la necesaria racionalidade, permitirá un incremento da produtividade e unha redución dos custos, mellorando ade-



mais a condición de vida a bordo e a seguridade das tripulacións.

E propósito por parte do noso Goberno a inmediata apertura de negociacións coa Administración central para concreta--las distintas accións anunciadas, incrementa--lo nivel de seguridade e prestarlle--la axuda ós nosos homes do mar.

Por último, sinalaremos que unha política de futuro esixe, como presuposto e requisito indispensable, unha investigación potente para valora--los recursos, racionaliza--la súa explotación, moderniza--los procesos da súa industrialización e garanti--la súa comercialización. Se por algo se vai caracteriza--lo noso goberno, será pola potenciación da investigación aplicada, o que constituirá a verdadeira panca para impulsa--lo noso desenvolvemento sobre bases firmes e estables.

#### A industrialización de Galicia.

O obxectivo do noso Goberno nesta área será o deseño dunha política industrial avanzada, tanto tecnolóxica coma socialmente, para facer de Galicia un país competitivo, en Europa e no mundo, superando a situación de crise e dependencia actuais.

Tódolos indicadores económicos manifestan un continuo proceso de desindustrialización da nosa economía, especialmente agudizada nos últimos anos, nos que Galicia empeorou a súa posición relativa con respecto ás demais comunidades autónomas.

Con todo, debemos mira--lo futuro con ilusión, xa que Galicia ten unha dotación aceptable de recursos para continua--lo seu proceso industrial. As nosas materias primas e o potencial dos nosos homes, sobre todo, son as bases para mirar con optimismo o noso futuro.

Os principios básicos da política industrial que desenvolverá o noso Goberno pódense concretar nos

seguintes puntos:

A promoción dos recursos propios e a súa inserción nos circuitos de produción integrados e competitivos dos mercados exteriores.

Unha política de relacións industriais a nivel nacional e internacional que incremente o escaso investimento exterior e apoie o interior, orientando o aforro galego cara ós investimentos productivos.

Suprimi--los atrancos actuais ó progreso industrial.

Todo isto nun modelo de economía social onde a economía privada siga a se--lo motor da industrialización, porque o Partido Popular cre no poder da liberdade, da libre iniciativa, na liberdade de mercado e na creatividade.

Estes principios desenvólvense a través das seguintes accións:

Mellora da capacitación do noso potencial humano, a través da intensificación dos plans de Formación Profesional, tanto regulada coma ocupacional.

Partindo de bases realistas, centrarémonos na promoción de actividades industriais de cualificación tecnolóxica media, de empresas de tamaño pequeno e mediano, que son as que mellor se adaptan ó noso contexto socio--económico actual.

Na mesma liña impulsaremos--lo emprego, favorecendo as actividades transformadoras intensivas en man de obra.

A agroindustria constituirá a espiña dorsal da nosa estratexia.

Só un proceso industrial integrado permitirá con optimismo o futuro.

E preciso que centrémolo--lo noso esforzo na innovación tecnolóxica. Neste sentido, a articulación dun gran parque tecnolóxico descentralizado, cun centro de transferencias de tecnoloxía, tres centros de

localización tecnolóxica, en Ourense --que será o primeiro en desenvolverse--, A Coruña e Vigo, especializados por áreas, e centros de innovación tecnolóxica en Ferrol, Santiago, ría de Arousa e costa de Lugo, permitirán un eficaz desenvolvemento industrial de Galicia, asentado sobre bases firmes.

O noso desenvolvemento industrial esixe un esforzo investidor importante, que terá que acometerse por iniciativa privada. Neste sentido, non basta só con atraer--lo aforro galego, que nestes momentos se canaliza cara ó exterior, senón que é preciso incentivar--lo investimento en Galicia de recursos procedentes do exterior. Isto esixe unha enérxica política de infraestructuras, especialmente en materia de vías de comunicación terrestres, redes de comunicación, redes de gas natural, etc., das que os seus investimentos dependen especialmente da Administración central.

Ademais, e dentro da directa responsabilidade da Comunidade Autónoma, terán que contemplarse as seguintes accións:

Solo industrial suficiente, localizado nas áreas xeográficas de maior potencial industrial e completado con servizos, laboratorios e redes de comunicación axeitadas e necesariamente próximas a centros urbanos dotados dos servizos necesarios para atraeren, pola súa calidade de vida, a persoal de alta cualificación.

Unha axeitada cualificación da man de obra e unha baixa conflictividade que só podería ser consecuencia dunha política de cooperación sindical.

Unha dotación enerxética axeitada e unha aceptable calidade ambiental.

Unha política flexible de incentivos ó investimento, ensanchando ó máximo os límites da Lei de incentivos rexionais, que promova os investimentos nos sectores es-

tratéxicos para Galicia e que podemos concretar nestes momentos en agroindustria, tecnoloxía mariña, novos materiais, microelectrónica, enxeñería, moda, industria artesanal con deseño incorporado.

Por último, potenciaremos e desenvolveremo--los circuitos que permitan, por unha parte, atraer--lo investimento exterior a Galicia e, por outra, introducir--los produtos galegos nos mercados internacionais. Para isto, o Goberno galego presentarlle á Confederación de Empresarios de Galicia e ás cámaras de comercio galegas as medidas necesarias para crear órganos flexibles non burocratizados como axentes específicos para a promoción exterior de Galicia e para a atracción dos investimentos.

Dentro do sector industrial, dedicáremoslle unha atención especial á construción naval, brutalmente afectada polo Plan de reconversión, especialmente na área de Ferrol. A estratexia que seguirá o noso Goberno nesta materia podemos concretala nas seguintes accións: promove--los investimentos produtivos necesarios nos estaleiros para mellora--lo seu nivel tecnolóxico; promove--la creación de industrias auxiliares, especialmente as de maior compoñente tecnolóxico; establecer un sistema de primas á construción naval que sexa competitivo e áxil; promove--la renovación da flota pesqueira galega para conseguir unhas unidades modernas e versátiles; promove--lo desenvolvemento das oficinas de proxectos e de estudos cara á realización dos buques do futuro; adefende--la posibilidade de recupera--lo nivel competitivo da Mariña mercante, en especial o tráfico de cabotaxe nun sistema integrado de transporte.

A minería.

Galicia é a primeira Comunidade Autónoma productora de lignito pardo, pizarra, granito, magnetita, turba e cuarzo, ocupando un papel importantísimo no caolín, andalucita, feldespatos, chumbo, zinc, etc.

Esta riqueza esta sendo insuficientemente explotada, sendo na práctica inexistentes ata estes momentos os investimentos tanto da Administración central coma da autonómica.

O noso Goberno realizará unha inspección enérxica nese sector en orde a: fomenta--la actividade mineira, explotando axeitadamente o Mapa mineiro de Galicia, recentemente elaborado; elaborar manuais de explotación para os sectores máis significativos --pizarra, granito, etc.--, para a diminución de custos enerxéticos, simplificacións de procesos, mellora de calidades e selección de maquinaria --neste senso, potenciarase o Instituto de Materias Primas Minerais de Galicia, creado no 79, que nunca chegou a funcionar--; actualiza--lo Catastro mineiro e fomenta--la Cámara mineira; potencia--la transformación en Galicia dos produtos mineiros e as correspondentes canles de comercialización.

Prestáraselle unha atención especial á seguridade mineira, para evitar accidentes, mellora--las condicións de vida dos traballadores do sector e as medidas de control ambiental e de loita contra a contaminación.

Unha nova política comercial para Galicia.

A política que o noso Goberno seguirá no sector comercial ten como obxectivo prioritario prestarlle--lo máximo apoio ás accións do devandito sector en Galicia, para a súa estruturación, co fin de logra--la súa competitividade, de xeito que poida afrontar--lo reto das grandes superficies comerciais e, ó mesmo tempo, prestarlles ós cidadáns un mellor servizo.

As liñas básicas de actuación concrétanse nun apoio á modernización e mellora do equipamento das instalacións comerciais para que poidan afrontar--lo reto dos novos hábitos de compra; mellora da xestión comercial a través da formación do persoal; promoción do urba-

nismo comercial e aumento da vixilancia; promoción de centros e áreas comerciais que agrupen pequenos establecementos para lograr unha oferta intensificada e competitiva; promoción do noso comercio exterior mediante a presenza nos certames internacionais; organización de misións empresariais en colaboración coas cámaras de comercio; desenvolvemento de actividades para a formación de empresarios técnicos en materia de comercio exterior; regulación do comercio ambulante, de tanta tradición nas feiras e mercados galegos, profesionalizalo e tratar de homoxeneiza--la normativa municipal, establecendo unha ordeanza tipo; limitación do incremento constante da fiscalidade municipal e logro de que os ingresos aportados contribúan a mellora--lo equipamento dos servizos municipais.

Un aspecto singularmente importante é o da mellora da capacidade financeira no sector comercial, tanto no que se refire ó financiamento do proceso de modernización, que necesariamente terá que afrontar--lo sector, coma en canto á mellora da xestión das empresas comerciais e á axeitada determinación de custos.

Neste sentido, potenciaranse os programas das PYMES, para conceder subvencións ós tipos de interese dos créditos a medio e longo prazo, que a pequena e mediana empresa lle solicite á banca privada, ás caixas de aforros e a outros intermediarios financeiros para a reforma, modernización e mellora dos establecementos comerciais. Tamén se negociará coas caixas de aforros e as entidades financeiras a apertura de liñas especiais de créditos a medio e longo prazo, orientadas ás finalidades anteriormente citadas de modernización dos establecementos.

Outorgaranse subvencións específicas ás organizacións representativas do sector para a realización de estudos dirixidos ó establecemento de áreas comerciais, me-

llora de competitividade, etc.

O mesmo tempo, subvencionaranse todas aquelas entidades dirixidas á formación de xerentes e administradores de empresas comerciais, nas que se prestará especial atención ó manexo e á distribución das fontes de financiamento e do seu equilibrio para garanti-la estabilidade financeira da pequena e mediana empresa.

Unha nova política turística para Galicia.

Creo firmemente no futuro do sector turístico galego. Quizais sexa nese sector onde teña unha especial ilusión para exercer--las responsabilidades de goberno, xa que a miña experiencia pasada permite avaliar, cunha maior precisión, as posibilidades enormes que ten Galicia para atraer un turismo de calidade, selectivo, que responda á evolución actual dunha demanda diversificada en segmentos ben diferenciados e ós que poida responder Galicia: turismo artístico, monumental, relixioso, congresos e convencións, deportes náuticos, montaña, caza e pesca, golf, ademais do tradicional turismo de praia.

O noso obxectivo é desenvolver un produto de calidade a través dos seguintes plans monográficos: creación de hostelería de alta calidade; explotación turística e deportiva das rías; extensión da práctica da navegación deportiva; desenvolvemento turístico do interior; oferta turística do litoral, incorporando os valores paisaxísticos como recurso non renovable; turismo de montaña; promoción de congresos e exposicións; explotación turística da caza e a pesca; promoción do Camiño de Santiago; turismo rural en pazos e casas solaregas; promoción de campos de golf e doutras actividades deportivas; novos mecanismos de promoción conxunta Administración--sector privado; diversificación das ofertas e corrección da estacionalidade; perfeccionamento da formación profesional,

de acordo coas necesidades do sector; reestructuración orgánica e funcional da Administración turística autonómica.

Os servicios destes plans deseñaranse as medidas necesarias de política turística que virán acompañadas doutras de tipo organizativo, entre as que salientaría a creación dun Instituto de Promoción Turística de Galicia e a reestructuración do Museo Galego de Turismo, ampliando a participación nel do sector privado.

Estructuración e vertebración territorial de Galicia.

Teño que referirme, en primeiro lugar, á necesidade de completa-la organización territorial de Galicia, articulando os entes previstos no noso Estatuto de autonomía, como con gran autoridade e elocuencia nos amosou o noso Presidente: a comarca e a parroquia.

En primeiro lugar, anuncio perante esta Cámara a inmediata constitución dunha Comisión de comarcalización, que será a encargada de fixa--las bases técnicas para a redacción dun proxecto de lei de organización territorial de Galicia, no que se fixarán as comarcas nas que se dividirá territorialmente a nosa Comunidade Autónoma e se fixará tamén o réxime xurídico comarcal, regulando os seus órganos propios, tanto no que se refire á súa composición coma ó seu funcionamento.

A priori, pode afirmarse a necesidade dun Consello comarcal e doutros órganos. O esquema comarcal aproximarase no posible ás deputacións provinciais, e a súa competencia virá determinada necesariamente polos intereses supramunicipais que non excedan do propio interese comarcal e polos intereses comúns dos concellos integrados na comarca respectiva.

A mesma Lei de organización territorial de Galicia, ó mesmo tempo, terá que conte--las normas pre-

cisas para o recoñecemento da personalidade xurídica das nosas parroquias rurais, que deberán estar dotadas dun órgano que, en principio, se concibe como deliberante e de proposta e informe en cantos extremos afecten ós seus intereses.

A ordenación do territorio e as infraestructuras constitúen elementos básicos, non só para a vertebración de Galicia, senón tamén para facer posible o seu desenvolvemento económico. De non eliminarse o illamento actual de Galicia, non será posible lograla súa expansión industrial e a súa competitividade. A ordenación do territorio debe ser un esforzo de síntese, que afecta principalmente á distribución da poboación, das actividades económicas, da vivenda, dos equipamentos colectivos, das fontes de enerxía, dos transportes, das infraestructuras, dos abastecementos de auga e dos saneamentos, e tamén á eliminación de residuos sólidos e á protección dos recursos naturais históricos e culturais. É o meu propósito que con carácter inmediato comece a funcionar unha Comisión técnica, que se integrará con representantes da Administración autonómica, das deputacións e doutros entes, a fin de redactar o anteproxecto de lei de ordenación territorial de Galicia.

En materia de infraestructuras, será unha preocupación singular do meu Goberno melloralas correspondentes ó mundo rural. Para isto formarase o inventario das existentes e das que demanden os concellos, para dotalos dunhas infraestructuras básicas e indispensables no momento actual.

Na rede viaria de interese xeral, o noso obxectivo será rachar o illamento de Galicia, articulando unha mellora substancial das nosas comunicacións co resto de España e con Europa. Dado que nesta rede a responsabilidade é da Administración central, resulta evidente que só unha política unitaria de Galicia poderá vencer a resistencia a desviar os investimentos dos

eixes Cataluña--Madrid--Andalucía ó eixe norte. Neste sentido, ofrezolle a esta Cámara a constitución dunha Comisión integrada por todos os partidos con representación parlamentaria, para decidir as grandes vías de comunicación que van conectar Galicia co exterior. A posición que o Grupo Popular mantén sobre ese tema concrétese, como se sabe, no remate da autoestrada do Atlántico, autoestrada central de Galicia, autovía transeuropea ou corredor do cantábrico, autovía A Coruña--Lugo--Ponferrada--Benavente, autovía Vigo--Ourense--Benavente, autovía Ourense--Monforte--Lugo--Vegadeo.

Dentro da área de competencia propia da Comunidade Autónoma, a acción do noso Goberno dirixirase primeiro a redefinir a rede propia da Comunidade Autónoma, redistribuíndo as súas competencias coas que lles corresponden ás deputacións provinciais, logo dos acordos oportunos con estas, e impulsar o Plan de mellora das estradas autonómicas.

Presentarase perante esta Cámara o proxecto de lei de estradas de Galicia, no que se recollerá a articulación da nosa rede, e completarase esta acción con programas de conservación e mellora, acondicionamento de travesías e variantes, modernización de instalacións, parques de maquinaria, etc.

Na rede de ferrocarril, defendémo-lo ancho de vía europeo en todo o sistema ferroviario galego e a súa electrificación, a dobre vía na liña A Coruña--Tui e, en xeral, a mellora da velocidade en todo o trazado da rede, contemplándose como último obxectivo o establecemento do tren de alta velocidade en Galicia.

En materia de portos, os puntos básicos da actuación do noso Goberno concretarase en promulgar unha lei de portos da Comunidade Autónoma galega; crear unha empresa pública de portos de Galicia que gestione, administre e explote o noso

sistema portuario; esixir do Goberno central a transferencia do porto de Vilagarcía de Arousa; esixir igualmente a participación da Administración autonómica nos portos de interese xeral do Estado encravados no litoral galego.

Outro obxectivo do noso Goberno será a elaboración do Plan hidrolóxico de Galicia--costa e o Plan de infraestructuras hidráulicas de Galicia-- interior, que se completará coa presentación ante esta Cámara do proxecto de lei de xestión e desenvolvemento hidráulico da Comunidade Autónoma, creándose como órgano de xestión a Sociedade de Augas de Galicia.

A política de vivenda recibirá un forte pulo. E preciso rachar coa situación actual, na que a carencia de ofertas disparou os prezos, impedíndolle a unha familia con ingresos normais acceder a unha vivenda. As medidas máis significativas que afrontaremos concretaranse na aprobación do Plan do solo e da vivenda para o cuadrienio 90--93, con carácter vinculante para a promoción pública; na utilización dos xestores para a construción de vivendas de promoción pública, baixo a dirección do Instituto Galego da Vivenda e do Solo; e na mellora e xestión da construción de vivendas para garanti--la súa calidade.

En materia de solo procederáse, de acordo co Plan de ordenación territorial de Galicia, á habilitación do solo urbano industrial necesario para facerlles fronte ás necesidades específicas, articulando a acción propia da Xunta coa que lle corresponde ás administracións locais, ás que se lles prestará un especial apoio para desenvolver unha política do solo.

No sector de transportes, os obxectivos básicos que hai que conseguir son os seguintes: garanti--la libre mobilidade das persoas e das mercadorías por todo o noso territorio; integra--los territorios galegos co resto de España e Portugal; coordena--la actividade dos

diversos modos de transportes que compiten entre eles na nosa comunidade; adapta--la nosa lexislación e ordenación ás novas esixencias que demanda a nosa integración no sistema económico europeo; desenvolver axeitadamente a inspección e a acción sancionadora; incrementa--la capacidade de xestión das empresas de transporte e das persoas á súa fronte, mediante un plan de formación de xestión para o sector; adapta--las medidas necesarias para colaborar na harmonización técnica e social lexisladada pola Comunidade Europea; aproveita--las axudas previstas pala Comunidade Europea neste sector, fomentando a participación da empresa galega nos programas comunitarios.

En materia de infraestructuras, non quero deixar de menciona--las relacións co norte de Portugal, vitais para Galicia.

A este fin, coordinaranse as respectivas actuacións en tódolos ámbitos, especialmente nos pasos fronteirizos, tanto nas pontes sobre o río Miño coma na fronteira terrestre e no enlace das vías de comunicación e medios de transporte de todo tipo entre ámbalas dúas rexións. Esta acción completarase con outras de carácter sectorial, que se desenvolverán en proxectos conxuntos nas áreas turísticas, culturais e ambientais, etc.

#### Medio ambiente.

E obriga clara dun Goberno do noso tempo protexe--la saúde, conserva--los recursos naturais básicos: a auga, o aire, a terra e a enerxía, que veñen se--los mesmos elementos fundamentais dos filósofos gregos; mellora--lo hábitat social rural e urbano. En definitiva, protexe--lo noso patrimonio natural e cultural e mailo noso medio ambiente natural e social.

Por outra parte, é indubidable que o equilibrio entre a natureza e a sociedade ten que realizarse potenciando á vez o equilibrio entre o medio ambiente e a economía. Re-

quírese por iso unha visión global, unha política integral. O noso Goberno buscará a integración da protección ambiental nas políticas económica, industrial, educativa e social; defenderá o equilibrio ecolóxico e a protección da biosfera; protexerá o medio mariño e os seus recursos; promoverá a utilización correcta da terra; loitará contra a contaminación e pola creación dunha conciencia social ó respecto; coídará a economía dos recursos non renovables, fomentando ó respecto unha motivación xeneralizada; establecerá claramente o principio de responsabilidade causal: o que contamina, paga. Iremos a unha distribución clara de competencias e á decidida cooperación nacional e internacional.

Quixera determe no tema dos incendios forestais, ó que lle hai que dar unha prioridade especial. Nos últimos 20 anos arderon en Galicia preto de 1.000.000 de hectáreas, o que supón que o equivalente da terceira parte da superficie de Galicia quedou sen a cuberta vexetal, producíndose perdas gravísimas no solo. Non dubidarei en aplicar tódolos medios á nosa disposición, coordinando as accións necesarias para previr e loitar contra os incendios, completando a rede de postos fixos e de vixilancia, organizando e reforzando os medios de extinción e articulando plans de vixilancia, dos que se poñerán ó seu servicio os medios necesarios, instando ás autoridades policiais e xudiciais para unha mellor efectividade que remate coa actual impunidad dos incendiarios.

A medio prazo, a loita contra os incendios terá que articularse coa política forestal e, en todo caso, temos que concienciamos de que os incendios forestais non son un problema exclusivo da Administración autonómica, senón que afectan a tódolos galegos. Só unha acción solidaria decidida poderá rematar con esta situación viciada, que vai directamente contra os intereses básicos de Galicia.

#### Reforma da Administración.

Quixera rematar esta exposición da política que o noso Goberno vai seguir durante o quadrienio 90—93 —de obte—la confianza desta Cámara— coa enumeración das medidas para articular unha auténtica reforma da Administración. Neste empeño fracasaron moitos gobernos e constitúe un dos auténticos retos do meu Goberno articular unha Administración moderna, eficiente e profesionalizada, que sirva con imparcialidade e eficacia ós intereses xerais e que lle preste unha atención especial ó cidadán.

Como primeira medida para lograr este obxectivo, débense eliminar—los grandes males que sofre a nosa Administración: a politización, a rutina, o burocratismo e o afastamento do administrado.

Os obxectivos básicos e a actuación que o noso Goberno se propón conseguir con respecto á Administración parten da fixación dunhas normas que garantan a profesionalización da Administración e os principios constitucionais de obxectividade, mérito e capacidade, e a revisión en profundidade de tódolos procedementos administrativos baixo o principio rector de racionalizar e simplificar—lo funcionamento da Administración, aplicando as técnicas máis avanzadas, de xeito que a nosa Administración autonómica se coloque, se pode, á cabeza das administracións públicas de España, tanto pola súa eficacia coma, sobre todo, pola súa preocupación polo administrado.

En materia de funcionarios públicos, as normas básicas que se editarán de inmediato, --logo da consulta coas organizacións representativas dos funcionarios e cos órganos colexiados correspondentes, son as seguintes: Regulamento de selección de persoal, Regulamento de provisión de postos de traballo, Regulamento de réxime disciplinario da función pública.

Estas medidas, esixidas como

desenvolvemento inmediato da Lei de función pública da Comunidade, completaranse cun proxecto de lei de reforma da función pública, co fin de garanti-la estabilidade no emprego do persoal interino, laboral por tempo indefinido que desempeñe funcións administrativas, e contratado administrativo, co fin de que os que non superen as probas de acceso á función pública poidan quedar, dalgún xeito, como persoal laboral fixo que se debe extinguir.

Así mesmo, e mentres non se remate o proceso de regularización da función pública, e agás para prazas puntuais, os concursos para provisión de vacantes terán carácter interino.

Os grandes obxectivos de profesionaliza-la Administración e a articulación dunha efectiva carreira administrativa desenvolveranse utilizando para iso como elemento estratéxico a Escola da Función Pública. Da súa eficacia dependerá, na práctica, logra-la profesionalización e tecnificación da nosa Administración e por iso lle prestaremos toda a nosa atención.

Outro eixe da reforma administrativa é a racionalización, simplificación e informatización dos procesos administrativos. Os obxectivos básicos que se deben conseguir son: achegamento ó administrado, simplificación de trámites, control de eficacia dos procedementos, normalización de documentos, maior rapidez no funcionamento da Administración, desconcentración da xestión nas delegacións provinciais da Xunta e nas oficinas comarcais, accesibilidade e control da información, simplificación e refundición da normativa legal, edición de folletos ou guías de procedemento para uso do administrado.

Será obxecto de particular atención a racionalización de procedementos en materia de subvencións e a desconcentración da xestión do capítulo VI dos presupostos nas delegacións provinciais da Xunta.

Para a efectividade da reforma administrativa crearanse, como órganos específicos, os seguintes: a Comisión central da racionalización, a Comisión de Consellería e a Comisión de revisión da normativa legal.

Como elemento impulsor e dinamizador da reforma configúrase a Inspección central de servicios, que se instituirá ó mesmo tempo como órgano para defensa do administrado.

Señor Presidente, señoras e señores Deputados, sería, en verdade, pedir demasiado intentar que puidese eu, e penso que ninguén, rematar un discurso como este sen unha verdadeira e profunda nota de emoción. Non fixeron o mundo, nin a vida os ordenadores, nin as máquinas frías; as grandes creacións humanas teñen máis que ver co fondo da poesía, coa labrada do entusiasmo, co severo son dunha sinfonía de Beethoven ou de Brahms. E, por suposto, coa alegría das nosas gaitas e o "rouco son dos piñeiros", ós que Pondal interrogaba sobre o destino de Galicia.

Dixen, e é verdade, que sinto que, dalgún xeito, toda a miña vida foi unha longa preparación para este momento. O velo chegar síntome cargado de responsabilidade, recordando que, despois de todo, un home non é máis ca unha nimiedade, unha anécdota dentro da historia profunda dun pobo. Algunha tarefa especial vainos abrumar ós que temos que darlle liderato e esperanza neste momento á verdadeira encrucillada.

Imos ir cara a adiante. Non imos distraernos en utopías nin en verbalismos. Imos asumir por completo o destino de Galicia, cara á súa plena identificación, cara á modernidade, con plena superación de calquera tipo de complexos. Para iso volvo ofrece-la plena dispoñibilidade da maioría desta Cámara á colaboración de todos.

A altura dos problemas que hoxe



imos encarar átrevome a dicir, unha vez máis, que todos somos poucos para tentalo. Galicia afróntase co peso da súa marxinação xeográfica, da súa poboación envellecida, da súa economía descapitalizada, de que a distancia coas rexións máis ricas non diminúe, senón que aumenta. Por iso penso que este é o momento no cal, gardando cada un os seus posicionamentos lexítimos, non sería disparatado pedirilles a todos que afrontasen os desafíos que aí están desde un espírito constructivo ó servizo de Galicia.

O lema dos irmandiños, a irmandade da xusticia, é aplicable ó noso tempo.

Nese espírito, desde logo, será desde o que a coalición do Grupo Popular e dos Centristas de Galicia van traballar, e desde o cal me atrevo a solicitar desta Cámara a súa confianza para desenvolver un eficaz labor de goberno durante a presente lexislatura.

Pido disculpas, señor Presidente, señoras e señores Deputados, pola inevitable extensión deste discurso, e sométome gustoso ós debates á decisión do Parlamento de Galicia.

Moitas grazas. (Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor candidato.

Señoras e señores Deputados, de conformidade co número 3 do artigo 136 do noso regulamento cómpre suspender--la sesión por un tempo mínimo de corente e oito horas. Esta sesión reanúdase o vindeiro mércores, ás doce horas, e desenvolverase de conformidade co previsto no devandito regulamento e cos acordos acadados na Xunta de Portavoces.

Suspéndese a sesión.

Eran as once e cincuenta minutos da mañá.



## FOLLA DE SUBSCRICIÓN

### PARLAMENTO DE GALICIA

Nome.....  
Domicilio.....  
Cidade..... Teléfono.....  
Desexo subscribirme ó Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, de acordo coas condicións estipuladas a partir do día..... de..... de 19..... ata o 31 de decembro de 19.....  
Con data..... de..... de 19....., enviolles por xiro ou talón nominativo, número....., a cantidade de.....pesetas.  
..... de..... de 19.....  
Asinado

#### Edición e subscrición:

Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.  
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.  
Subscripción anual: 3.000 ptas. Número solto: 75 ptas.

## HOJA DE SUSCRIPCION

### PARLAMENTO DE GALICIA

Nombre.....  
Domicilio.....  
Ciudad..... Teléfono.....  
Deseo subscribirme al Diario de Sesiones del Parlamento de Galicia, de acuerdo con las condicións estipuladas a partir del día..... de..... de 19..... hasta el 31 de diciembre de 19.....  
Con fecha..... de..... de 19....., les envío por giro postal o talón nominativo, número..... la cantidade de.....pesetas.  
..... a..... de..... de 19.....  
Firmado

#### Edición y suscripción:

Servicio de Publicaciones del Parlamento de Galicia.  
Pazo do Parlamento. C/ Hórreo s/n. 15702 Santiago.  
Teléfono 981/561600 – Ext. 238.  
Suscripción anual: 3.000 ptas. Número suelto: 75 ptas.


#### NOTA:

A subscripción é anual, por anos naturais. O período da subscripción remata o 31 de decembro de cada ano. As altas producidas durante o ano contaránse, para efectos de cobro, desde o día 1.º de cada trimestre natural, sempre que a data de subscripción sexa anterior a esta.

#### NOTA:

La suscripción es anual, por años naturales. El período de la suscripción finaliza el 31 de diciembre de cada año. Las altas producidas durante el año se contarán, a efectos de cobro, desde el día 1.º de cada trimestre natural, siempre que la fecha de suscripción sea anterior a esta.

# PUBLICACIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA



## Colección de Leis de Galicia


Vol. 0	Regulamento do Parlamento de Galicia
Vol. 1	Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas
Vol. 2	Lei 2/1982, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1982
Vol. 3	Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente
Vol. 4	Lei 2/1983, do 15 de abril, para o incremento dos tipos de taxas de contía fixa
Vol. 5	Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
Vol. 6	Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude
Vol. 7	Lei 5/1983, do 30 de xuño, de sanidade escolar
Vol. 8	Lei 6/1983, do 22 de xuño, de limitación da propiedade nas estradas non estatais de Galicia
Vol. 9	Lei 7/1983, do 22 de xuño, de rexime das fundacións de interese galego
Vol. 10	Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega
Vol. 11	Lei 9/1983, do 15 de xullo, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1983
Vol. 12	Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio-Televisión de Galicia
Vol. 13	Lei 11/1983, do 29 de decembro, de actuación intensiva nas parroquias rurais
Vol. 14	Lei 2/1984, do 10 de maio, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para 1984 Lei 10/1984, do 13 de xullo, de asignación de recursos fixados polo Real Decreto-Lei 3/1984, do 4 de abril, á Comunidade Autónoma de Galicia
Vol. 15	Lei 3/1984, do 3 de abril, de xestión económica e financeira pública de Galicia
Vol. 16	Lei 4/1984, do 4 de maio, de Cámaras Agrarias
Vol. 17	Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia
Vol. 18	Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo
Vol. 19	Lei 7/1984, do 26 de xuño, de regulación provisoria dos Servizos Xurídico-Contenciosos da Xunta
Vol. 20	Lei 8/1984, do 10 de xullo, de asunción de competencias en materia de obras hidráulicas
Vol. 21	Lei 11/1984, do 11 de decembro, de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma
Vol. 22	Lei 12/1984, do 28 de decembro, do estatuto galego do consumidor
Vol. 23	Lei 1/1985, do 10 de xaneiro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1985
Vol. 24	Lei 2/1985, do 26 de febreiro, de ordenación da pesca marítima en augas da Comunidade Autónoma de Galicia
Vol. 25	Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma
Vol. 26	Lei 5/1985, do 11 de xuño, de sancións en materia pesqueira, marisqueira e de cultivos mariños Lei 13/1985, do 2 de outubro, de sancións accesorias en materia de pesca, marisqueo e cultivos mariños
Vol. 27	Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia

Vol. 28	Lei 7/1985, do 17 de xullo, de Caixas de Aforros galegas
Vol. 29	Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia
Vol. 30	Lei 9/1985, do 30 de xullo, de protección das pedras ornamentais
Vol. 31	Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria
Vol. 32	Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo en Galicia
Vol. 33	Lei 12/1985, do 3 de outubro, de crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia
Vol. 34	Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia
Vol. 35	Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños
Vol. 36	Lei 1/1986, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1986
Vol. 37	Lei 2/1986, do 10 de decembro, de prórroga do rexime de arrendamentos rústicos para Galicia
Vol. 38	Lei 3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia
Vol. 39	Lei 1/1987, do 30 de abril, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 1987
Vol. 40	Lei 2/1987, do 8 de maio, reguladora do Consello da Xuventude de Galicia
Vol. 41	Lei 3/1987, do 27 de maio, de servizos sociais
Vol. 42	Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública
Vol. 43	Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia
Vol. 44	Lei 6/1987, do 12 de xuño, de plan especial de portos da Comunidade Autónoma de Galicia
Vol. 45	Lei 7/1987, do 10 de novembro, sobre a compilación do Dereito Civil en Galicia
Vol. 46	Lei 8/1987, do 25 de novembro, pola que se establece a gratuidade dos estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios
Vol. 47	Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia
Vol. 48	Lei 2/1988, do 5 de marzo, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 1988
Vol. 49	Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do Instituto Galego da Vivenda e Solo
Vol. 50	Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia
Vol. 51	Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais
Vol. 52	Lei 7/1988, do 12 de xullo, de creación do Consello Galego de Relacións Laborais
Vol. 53	Lei 8/1988, do 18 de xullo, do plan xeral de investigación científica e técnica de Galicia
Vol. 54	Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estadística de Galicia
Vol. 55	Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior

**Distribúe**  
**GALAXIA**  
**Reconquista, 1 - Vigo**  
**Teléfonos (986) 432100 - 433238**

**De venda**  
**en librerías**

**DIARIO DE SESIÓNS**



**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

---

**III Legislatura**

**Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez**

**Sesión plenaria núm. 4**

**Celebrada o mércores 31 de xaneiro de 1990**

**ORDE DO DÍA (Continuación)**

**Punto único (continuación): Proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 153 do Estatuto de autonomía.**

(Final)

## SUMARIO

Reanúdase a Sesión ás doce da mañá.

Continuase coa orde do día.

**-Proposta de candidato a Presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 16.3 do Estatuto de Autonomía (continuación)..... páx. 63**

O señor Presidente reanuda a sesión, e abre unha rolda de intervencións de representantes dos grupos parlamentarios en relación co discurso pronunciado polo candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, señor Fraga Iribarne, por un tempo de trinta minutos cada un, e o Grupo Mixto repartirase o tempo entre eles.

Interveñen os señores Sánchez Castiñeiras (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto) e Beiras Torrado (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego). A seguir, fai uso da palabra o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, señor Fraga Iribarne, para responder ás intervencións dos representantes destes grupos parlamentarios.

En rolda de réplica interveñen os señores Sánchez Castiñeiras (Grupo Parlamentario Mixto), Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto) e Beiras Torrado (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego). Para responder a estas intervencións utiliza unha rolda de duplica o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, señor Fraga Iribarne.

O señor Presidente suspende a sesión ata as cinco e media da tarde.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

O señor Presidente reanuda a sesión abrindo unha rolda de interaccións para os restantes grupos parlamentarios que quedan por intervir en relación co discurso pronunciado polo candidato á Presidencia da Xunta, señor Fraga Iribarne. Intervén o señor González Laxe (Grupo Parlamentario dos Socialistas). Para responder a esta intervención fai uso da palabra o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, señor Fraga Iribarne. En rolda de réplica intervéñen o señor González Laxe (Grupo Parlamentario dos Socialistas). Para responder a esta intervención utiliza unha rolda de duplica o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, señor Fraga Iribarne.

Finalmente, nesta rolda de intervencións de grupos parlamentarios, en relación co discurso pronunciado polo señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, fai uso da palabra o señor Vázquez Portomeñe (Grupo Parlamentario Popular).

O señor Presidente suspende a sesión ata ás sete e trinta minutos, hora na que se fará a votación.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

O señor Presidente explícalle á Cámara o xeito no que se levará a cabo a votación.

Terminada a votación e realizado o escrutinio, o señor Presidente comúncalle á Cámara que houbo 38 votos a favor do candidato. En consecuencia, o candidato, señor Fraga Iribarne, recibe a confianza da Cámara polo voto da maioría absoluta dos seus membros e, polo tanto, queda elixido Presidente da Xunta de Galicia.

O señor Presidente levanta a sesión.

Levántase a sesión.

Eran ás sete e corenta minutos da tarde.

Reanúdase a sesión ás doce da mañá.

O señor PRESIDENTE: Reanúdase a sesión coa intervención dos representantes dos grupos parlamentarios, que, logo de acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces, poderán facer uso da palabra por un tempo de trinta minutos. O tempo do Grupo Mixto repartirase, quince minutos para Coalición Galega e outros quince para o PSG--Esquerda Galega.

En nome do Grupo Mixto, e por Coalición Galega, ten a palabra o Deputado señor Sánchez Castiñeiras.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor Presidente, señoras e señores Deputados. Señor candidato, non podo por menos que felicitalo, porque por fin vostede logrou ser candidato nunha sesión de investidura, e supoño que cheo de ledicia, xa que non hai maior honra para un galego que se--lo Presidente do seu país, Presidente da súa nación, Presidente da súa terra, en definitiva, Presidente de Galicia.

Teño que dicirlle, señor candidato, que eu esperaba cunha certa curiosidade e con gran expectación o seu discurso de investidura, como creo que o esperaba a maior parte do pobo galego. Un discurso que viña precedido por unha serie de circunstancias, como eran a súa propia personalidade política, as súas declaracións e a recente campaña electoral do Partido Popular.

Desde logo, teño que recoñecer que a presentación do seu programa me produciu unha grande decepción e, porque non dicilo, unha grande frustración. Incluso esperaba que o seu discurso seguise a liña sinalada o pasado día 26 polo señor Presidente do Parlamento, con motivo da III lexislatura. Pero, hoxe, despois de escoitalo, teño que recoñecer que o seu discurso foi distinto e distante daquel ó que me refería. Distinto, como era lóxico, nos temas sectoriais, nos temas

puntuais, pero o que é máis grave, é que foi tamén distinto e distante nos temas conceptuais e de filosofía política.

Coido que fixo un discurso cheo de boas intencións, cun relatorio de accións que vai realiza--lo seu futuro Goberno, pero que reflectían un total e absoluto descoñecemento da nosa realidade social e económica, un total descoñecemento do traballado na nosa Autonomía, mesmo polos gobernos da propia Coalición Popular.

Vostede, señor candidato, ofreceunos unha desconexión total da Galicia real. En definitiva, señor candidato, parecía que vostede, de súpeto, aparecía nesta terra para tratar de facer moitas cousas, e meteu todo no saco, e tirou para a adiante, pero realmente non coñecía a propia realidade do pobo galego.

Voulle poñer algún exemplo de calquera dos programas sectoriais que vostede presentou, como o programa educativo. Vostede, como medida importante que vai realizar, di que vai a levar a adiante a realización do Mapa escolar de Galicia.

Non sei se sabe, señor candidato, que o Mapa escolar de Galicia xa está editado, xa está publicado e xa está en funcionamento. Por conseguinte, isto xa non o ten que facer.

En segundo lugar, vostede di que hai que poñer en marcha o Plan galego da formación permanente do profesorado. Aquí teño, señor candidato, outra das realizacións feitas, xustamente o que vostede propón, mesmo sabendo o que vai custar: 12.000 millóns de pesetas nos anos 90--95.

Tamén dixo que se establecerían servizos de orientación escolar comarcalizados. Supoño que saberá tamén --e senón dígollo eu-- que xa están en funcionamento. Actualmente hai cincuenta e sete equipos funcionando que foron creados e publicados no Diario Oficial de Galicia.

Están en pleno funcionamento. Pode ser que vostede pretenda potencia-los, e niso nós poderíamos estar de acordo.

Tamén fala de potencia--las linguas estranxeiras. Nós estamos de acordo nese aspecto. Pero quero lle dicir que non é ningunha novidade encomendarlle esa tarefa a este Goberno que vai dirixir nos próximos catro anos.

Vai establecer concertos en Preescolar e ensinanza medias. Esta si que é unha cuestión novidosa, que vostede pode levar a adiante, porque non está en funcionamento. Pero hai que saber canto custa e como se vai facer, se vostede se refire á ensinanza secundaria obrigatoria só, ou tamén á ensinanza secundaria postobrigatoria. Se se está a referir á primeira, á obrigatoriedade e conseguinte gratuidade, depende da lei que neste intre está a discutirse no Congreso dos Deputados. Pero se se refire tamén á segunda, eu preguntaría, señor candidato, se sabe canto lle vai a custar, porque é importante sinala--las prioridades dunha acción de Goberno; e se non sabe o que lle vai custar voulo dicir eu. Isto vaille custar un total de 5.800 millóns de pesetas. Polo tanto, ¿é esta unha prioridade do seu Goberno? Porque vostede, no seu discurso, non fixou as prioridades da súa acción de Goberno.

Tamén vai crear unha nova Comisión de titulacións para redefinir--las titulacións que ten que te--la nosa Universidade, pero xa está funcionando, e foi publicada no Diario Oficial de Galicia.

Por conseguinte, no seu programa educativo, ¿que lle queda por facer? O único que vai facer, de acordo co seu programa, é a creación dunha Dirección Xeral de FP, a creación do Instituto de Novas Titulacións, ou sexa, o aumento do gasto corrente. Isto foi o único que vostede reflectiu no seu programa. Porque, por esquecerse, supño que se esquecería, incluso non

mencionou a promesa electoral que fixo de forma constante e permanente, de crear unha nova universidade en Ourense. Iso non o mencionou no programa que presentou antonte neste Parlamento.

Velaí, señor Fraga, que o seu programa en educación é exclusivamente para crear máis cargos públicos, para aumenta--lo gasto corrente.

Imos ve--lo que vai facer noutros eidos, por exemplo, na sanidade. Na sanidade o que vai facer é desfacer--lo que está feito. Non sei cales son as razóns para derroga--la Lei do Servicio Galego de Saúde, cando o Grupo Popular participou activa e decididamente na confección da mesma. ¿Que hai que modificala? De acordo. Pero derrogala é dar marcha atrás outra vez.

Cando hai algo feito, vostede vaino desfacer. E dígolle por que. Porque no seu discurso dixo que vai incluír na lei o recoñecemento do dereito á protección da saúde. Como vostede sabe, mellor ca min, é un dereito absolutamente constitucional. En segundo lugar, porque vai introduci--la libre elección do médico, e a libre elección do médico figura no artigo 20 da vixente lei. Por outra banda, vai incluí--la utilización de tódolos recursos públicos e privados para levar a adiante unha sanidade axeitada cos tempos modernos. Circunstancia que tamén figura no artigo 20 da lei que vostede quere derrogar. Entón, dígame vostede para que quere derroga--la Lei do Servicio Galego de Saúde.

Un gran paso adiante para o seu Goberno é tamén a derogación do Mapa sanitario. Galicia en dez anos de Autonomía aínda non articulara a súa estrutura sanitaria, e vostede o primeiro que quere facer é desfacer--lo que está feito: derroga--lo Mapa sanitario.

Pero, ¿por que quere derroga--lo Mapa sanitario? Voulle dicir por que quere derroga--lo Mapa sa-



nitario. O Mapa sanitario quereiro derrogar simplemente para xustificarse unha moida de Alcaldes do seu grupo político que durante a campaña electoral utilizaron a circunstancia do Mapa sanitario. E dígolle que a circunstancia que utilizaron os Alcaldes era cando pregoaban que os médicos de garda se ían ausentar dos pobos.

Xustamente o que me sorprende é que na liña programática, do seu programa, vostede di o seguinte: "En tódalas cabeceiras de comarca crearanse os centros sanitarios de apoio". E no libro do programa electoral do Grupo Popular --estoume a referir ó libro branco, non ó libro azul, que é o resume do libro branco-- di: "Los centros sanitarios de apoyo serán asimismo la base de la asistencia de urgencia". Entón está claro, é evidente, que quen propugna no seu programa o cambia--la asistencia de urxencia, levándoa ás cabeceiras de comarca, é xustamente o Grupo Popular e non o Mapa sanitario vixente.

Se, por exemplo, vostede quere modifica--lo mapa para crear unha área de saúde no Barco de Valdeorras, na Costa da Morte, en Verín ou no Barbanza, Coalición Galega está de acordo en que así sexa, pero non é preciso botar por terra unha lei que está feita e que se pode poñer en funcionamento.

Como conclusión, señor candidato, creo que vostede non ten programa; esa é a miña decepción. Eu esperaba de vostede un programa puntual, con prazos, con accións que podían levar a adiante o desenvolvemento deste país. De aí xorde a frustración que tiveron ó escoitar antonte o seu discurso programático.

Pero, ademais, hai outras cuestións transcendentales e importantes. ¿Cales son os plans que vostede ten para a normalización lingüística? A lingua, base de identificación dun pobo, despáchaa vostede no seu discurso en seis escasas liñas. Quero que me diga como é a política lingüística que vai levar este país.

Non é suficiente con dicir: imos facer que se fale o galego; dígame como se fai iso, que investimentos ten previstos para que iso se produza.

¿Cales son as medidas contra os incendios forestais? Os incendios forestais foron a grande estrela da súa campaña electoral. Nós estamos de acordo en que hai que loitar dunha forma total e absoluta contra esta grande praga, pero non fixou ningunha prioridade, non dixo cales eran os mecanismos que ía utilizar. Teño que lembrarlle que neste Parlamento hai unha Comisión constituída na pasada lexislatura, na que se fixeron unhas liñas de actuación, pero nin iso recolleu no seu programa. Por iso creo que coa súa política de loita contra os incendios forestais, para que non teñamos esta praga, o único que nos queda é empezar a rogar hoxe para que chova no verán que vén.

Reformas profundas da Administración autonómica. O funcionariado está desexoso de que dunha vez por todas neste país exista unha Administración que funcione, unha Administración profesionalizada, unha Administración sen discriminacións. E vostede, á parte dos lóxicos regulamentos que hai que facer, porque hai esta lei e haina que regular, o único que propón é modificala, e nada máis e nada menos que como gran medida da reforma da Administración para que os interinos e contratados administrativos poidan quedar fixos como persoal laboral se non superan as probas selectivas.

¿Cre vostede, señor candidato, que esta é unha reforma profunda da Administración, cando realmente esta normativa xa está contemplada na lexislación vixente? Porque os grupos parlamentarios da anterior lexislatura eran conscientes da necesidade de que isto se producise. Por conseguinte, non me diga, señor candidato, que esta é unha reforma en profundidade do que é a nosa Administración pública.

Estamos de acordo, e agradecemoslle a invitación que nos fixo ós grupos parlamentarios, para participar no tema das autoestradas que deben de comunicar Galicia co exterior. Nós estamos de acordo, e con sumo gusto participaremos. Pero tamén nos gustaría que nos dixese cales son as que propón o Grupo Popular, ¿as que vostede dixo no seu discurso, ou as que dixo o señor Aznar recentemente, neste mes de xaneiro, e presentou en Madrid? Quero saber desde que punto partimos, porque se o traballo que imos facer aquí non vai coincidir coas directrices que marque e mesmo consensúe co Partido Socialista de Madrid, ou co Partido Popular, de pouco nos vale este traballo. Por iso quero que nos diga que é o que vale: o que di vostede, o que di o Parlamento galego, o que di a Xunta de Galicia, ou o que dixo o señor Aznar.

En canto ó programa económico, señor Fraga, supoño que os empresarios e os industriais deste país, coa expectativa que vostede esperou coa súa presentación como candidato á Presidencia da Xunta, hoxe estarán absolutamente frustrados. Non fixou un modelo económico, non dixo de onde ía saca--los recursos. Coalición Galega quere saber como se van conseguir e acadar--los recursos necesarios para levar a adiante a súa política. ¿Vaise conseguir novamente chorando ante o Goberno de Madrid? ¿Negociando esa situación? ¿E vostede partidario dos concertos económicos? ¿Ou simplemente pensa no endebedamento como única solución para saír e acadar--los recursos necesarios para desenvolver este país? Esa é unha cuestión que pasou moi por enriba, e na que non entrou a fondo.

Hai, señor candidato --e vostede teno que saber perfectamente--, lagoas importantes no seu discurso. Lagoas nun programa de goberno, que ten que responder xustamente a tres preguntas: ¿como?, ¿cando? e ¿con que? Vostede non dixo como vai face--las cousas, non dixo cando vai face--las cousas, e non dixo con

que vai face--las cousas. E dicir, non fixou prioridades, non fixou prazos, e non dixo con que recursos, canto custaba o seu programa de goberno. E verdade que cando empece a repasar claramente todo o que vostede propón e o que está feito, quizais lle poidan sobrar moitos cartos, porque a maior parte das cousas están xa en vías de solución.

Nalgunha ocasión, señor candidato, vostede dixo ante o Congreso dos Deputados: "Los problemas no están en los programas, el papel aguanta lo que le echen, sino en la seriedad con que se proclaman". ¿E vostede cre sinceramente que o seu programa é serio? ¿Cre realmente que vostede expuxo aquí un programa de goberno?

Por outra parte, hai claras contradicións en tódalas exposicións.

En primeiro lugar, dixo que unha das características fundamentais ou singulares que lle quería imprimir ó seu Goberno era austeridade. Imos ver algunha mostra. Señor candidato, ¿cantas consellerías van constituí--lo seu Goberno? Vostede aínda non dixo cantas o ían formar. Pero o que si é certo é que nos medios de comunicación, e hoxe mesmo na prensa, saen as consellerías que van constituí--lo seu Goberno, e a min paréceme que non hai redución de consellerías como prometeu ó longo da campaña electoral e despois da mesma, senón que hai un incremento das mesmas. Porque, segundo parece, vai crear vostede a Consellería Portavoz, é dicir, a Rosa Conde do Goberno central, para maior emulación, e non reduce por conseguinte o gasto público. ¿E quizais unha servidume de partido?

¿Como fala vostede de austeridade, señor Fraga, cando unha das características do seu Goberno é un incremento constante e permanente de organismos (institutos, direccións xerais, organismos autónomos) que hai que cubrir con cargos e con funcionariado? Incremento do gasto

corrente non é austeridade.

Remato xa, porque está a luz vermella acesa. Pero quería preguntarlle algo que me preocupa profundamente. Preocúpame saber cal é o seu modelo autonómico. Vostede, ó longo do seu discurso, falou de bibliotecas, museos, hemerotecas, centros de documentación, e en todos engadiu a palabra nacional, pero endexamais utilizou a palabra "nación" para referirse a Galicia. Quero saber como se poden facer coincidir estes dous aspectos. Se temos bibliotecas nacionais, loxicamente supoño que Galicia será unha nación. Pero interésame fundamentalmente que me diga cal é o seu modelo de autonomía, porque no seu discurso di que quere unha autonomía que sexa de verdade, e cando se fala de autonomía de verdade, de autonomía ben entendida, a min recórdame aquilo que dicían: "queremos un regionalismo bien entendido", que tanto criticou Vicente Risco. Por iso, aí creo que tamén está o cerne da cuestión.

Non está lonxe o día, señor candidato, que vostede dicía que a fórmula non é o nacionalismo, que a fórmula é a autonomía. Vostede preconizaba unha autonomía que tivese un delegado rexional do Goberno, con facultade de veto suspensivo sobre todo o emanado das asembleas rexionais, e mesmo a capacidade do Goberno de intervir sobre unha Comunidade Autónoma. Hoxe teño que recoñecer --porque creo que o debo de facer-- que se observa unha evolución --lexítima e necesaria en todo político--, chegando na campaña electoral a defini--lo Partido Popular como auténtico partido galeguista, mesmo autocalificándose como nacionalista. Paréceme ben que isto sexa así, estou de acordo, todos sufrímo--la nosa evolución. Pero creo que esta evolución debe se--lo froito dunha serena reflexión e posterior evolución, e penso que en vostede non é, nin pode ser, un mero oportunismo político.

Por iso me gustaría, señor candidato, que así como naquel intre

cando se debatía o título VIII da Constitución, e vostede tiña a súa propia concepción das autonomías, cando estaba debatendo aquilo, pensaba nos comendadores de Castela, que me dixese que cando presentou o seu discurso de investidura ante este Parlamento estivo pensando en Castelao, en Risco, en Vilar Ponte, en Cuevillas, en calquera dos nosos devanceiros. Así xa teríamos un camiño percorrido.

E hai outro aspecto --e quero rematar con el--, ¿que é o que vostede proclama como autoidentificación? Os debates sobre autodeterminación, que é unha polémica que está hoxe na rúa, hainos que coller de fronte, hai que traballar e loitar, e cada un que resposte e que dea contestación ás preguntas que teña. Porque a autodeterminación, señor candidato, pódese aceptar ou non aceptar, hai partidarios da aceptación e partidarios da non aceptación. Pódese mante--lo seu significado orixinal...

O señor PRESIDENTE: Señor Deputado, rógolle que vaia rematando.

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: ...ou redefinila. Pero o termo autoidentificación non é novidoso. Téñolle que dicir que xa no ano 80 se publicaron artigos sobre o mesmo; e na prensa tamén hai traballos, definindo o que era a autoidentificación. Non é novidade, pero interésame saber cal é o concepto que vostede ten da mesma.

Remato xa, señor Presidente. Principie vostede este Goberno con decisión. Nós estaremos atentos, nós podemos modifica--las nosas posicións, pero hoxe non nos convence o seu discurso. E fágolle un rogo desde a nosa humildade parlamentaria, pero coa fortaleza das nosas conviccións galeguistas, por favor, por respecto a Galicia e ós gaiteiros, deixe vostede o tema dos gaiteiros, porque nin Galicia nin os gaiteiros merecen esa folclorada.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Castiñeiras.

Polo PSG--EG ten a palabra o señor Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, señorías, dado o tempo que témo--los grupos parlamentarios, as afirmacións que se poidan facer nunha sesión de investidura non poden ser máis ca esquemáticas, e así van se--las miñas. De todas formas, non quero deixar de perder uns segundos en saudas--las señorías deste renovado Parlamento desta III lexislatura. Somos pouco máis dunha ducia --e creo que merecémo--la denominación de veteranos-- os que xa estivemos na I lexislatura. Pero creo que nesta lexislatura témo--la oportunidade de comezar autenticamente a construí--lo autogoberno.

Quero saudalos desde unha institución que hoxe goza do recoñecemento de toda a sociedade galega, cando foi gravemente descalificada noutro tempo, desde unha institución como a Xunta que goza do recoñecemento como tal institución, aínda que o seu labor, e moi especialmente a Xunta de Galicia, nos oito anos pasados non respondeu ó que nos deparaba o propio Estatuto de autonomía.

Eu ofrézollas colaboración a tódolos Deputados e Deputadas. Fareino desde a nosa postura de esquerda democrática nacionalista, se mo permiten desde o punto de vista europeo federalista, desde a responsabilidade nacional e o consenso, sabendo que os problemas galegos son problemas universais, son problemas que se producen en tódalas nacións, e que os debemos tratar desde a nosa propia realidade nacional.

Eu considero, señorías, señor candidato, que perdemos oito anos de Autonomía; consolidámo--las institucións, pero perdemos oito anos.

Non tivemos gobernos e Presidentes da Xunta con conciencia de autogoberno. Desde a resignación e o pesimismo, ata a incapacidade política e a perda do bo xuício na consideración do que pasaba en Galicia, de todo tivemos desde a Presidencia da Xunta e desde os propios gobernos galegos. E non esquezo neste sentido que nos pasados oito anos gobernou en Galicia unha conxunción do Partido Popular e do PSOE, desde a Xunta de Galicia e desde o Goberno central. Galicia estivo ausente en oito anos decisivos, practicamente en toda a década dos 80 na que se produciu unha auténtica mutación política, económica e mesmo tecnolóxica no mundo enteiro.

Señor candidato, vostede foi elixido, e é un lexítimo candidato para catro anos. Será, se é elixido polo seu partido, un lexítimo Presidente para catro anos, pero conte co noso voto en contra. Votaremos en contra por diverxencias de principios e de programas estratéxicos, pero tamén polo programa exposto antonte.

Creemos que o seu programa carece de sensibilidade social, en definitiva de proxecto social. Non ten un proxecto de construción nacional desde o autogoberno político, ata o desenvolvemento económico, ata a recuperación da identidade cultural.

Pero, señor candidato a Presidente, a nosa oposición vai ser política e non retórica. Vai ser dura mais vai ser política. Vai ser dura mais vai ser unha oposición que pretende, xunto con outras forzas políticas, construír para dentro de catro anos unha alternativa que eu quixera desde o nacionalismo democrático.

O seu discurso, señor candidato, parte efectivamente da perspectiva económica europea. Vostede recoñece que o reto galego é un reto europeo desde o punto de vista económico. Pero, desde o punto de vista do Estado español, sitúa o poder político real no Estado, no Goberno

central. E, desde Galicia, vostede só ten un punto de vista baseado no sentimento. Perspectiva económica en Europa; poder político real no Estado; para Galicia reserva o sentimento.

Vostede considera que o Estado español é benefactor, e que a Autonomía galega é algo conseguido, mesmo definitivo e acabado; pero non é así. Nós consideramos que, efectivamente, en Europa está a perspectiva política e económica de Galicia, pero o Estado español para nós, señor candidato, neste momento é un grave obstáculo.

Digo isto desde a solidariedade entre tódalas nacións do Estado. Galicia, para estar nesa perspectiva política e económica europea, necesita imperiosamente do autogoberno. Ante o mundo sen fronteiras necesita imperiosamente do autogoberno.

Vostede, señor Fraga, ten que dicirnos se no futuro pretende estar presente ante o Estado como un Presidente democrático dunha nación autogobernada, ou se simplemente se vai limitar a se-lo gran patrón intermediario ante o Estado. Efectivamente, nós quixeramos que tomase a primeira opción que, desde o punto de vista nacional, é a opción tamén de todo nacionalista.

Creemos que o seu discurso careceu de sensibilidade social, de proxecto de desenvolvemento económico, dun proxecto de construción nacional.

As ausencias do seu discurso, señor Fraga, son moito máis importantes, como direi ó final, cás presencias. Pero, en todo caso, creo que o peor é que non ten en conta a realidade evidente da marxinación política e económica de Galicia que hai que superar, e non ten en conta que o autogoberno nacional aínda non está conseguido. O debate que está habendo estes días, propiciado desde as nacionalidades históricas, é unha demostración clara de que o autogoberno non está

conseguido.

Galicia é un país marxinado política e economicamente, a pesar das súas grandes posibilidades económicas. Vostedes, señorías, saben --e señor Fraga, vostede sabe ben-- das grandes posibilidades económicas do noso país. Hai territorios europeos da dimensión de Galicia que tamén estiveron marxinados, e que hoxe son países prósperos. O país máis próximo a nós nese sentido, que podemos coller como exemplo, é Bretaña.

Non temos por que ser un país política nin economicamente marxinado. Somos un país empobrecido relativamente pola marxinación, que tivo distintas fases históricas, pero tamén esta marxinación se dá hoxe de forma grave ante a entrada en Europa. E hoxe, señor Fraga --é vostede testemuña e, incluso, cómplice de decisións lexislativas nas Cortes--, Galicia é discriminada polo Goberno central.

Creo que esta discriminación ten fases históricas distintas, marcadas mesmo pola emigración ós países onde se estaba producindo a revolución industrial directa ou indirectamente. Pero hai un síntoma relevante desta discriminación, que é a poboación. Se comparámo-la poboación de Galicia de hoxe coa poboación en 1700, e se a comparamos con Andalucía e con Cataluña, veremos claramente como afectou esta marxinación. Galicia tiña en 1700 o 12% da poboación española; en mil novecentos oitenta e tantos, hoxe, ten o 7,4% da poboación. Cataluña tiña en 1700 o 7,1% da poboación española, hoxe o 15,86%; Andalucía pasou do 19 ó 17%, isto é, non se viu afectada.

Isto é un síntoma clarísimo da marxinación, e hoxe máis ca nunca a marxinación non é admisible, porque depende de nós, porque por primeira vez temos un poder político. Non é admisible, ademais, cando esa marxinación se produce tódolos días.

Tódolos días vemos como a re-

conversión industrial afecta máis gravemente a Galicia ca a ningún outro país do Estado. Había tres fábricas de fertilizantes en Galicia: Cros, Fertiberia e Enfersa; as tres desapareceron. Había unha siderurxia e desapareceu. Desapareceu como constructor de buques o principal estaleiro do Estado.

Tódolos días vemos como se producen decisións de industrialización que non caen en Galicia.

Tódolos días vemos como a flota pesqueira galega é ignorada desde o Estado. Tódolos días vemos como se toman decisións discriminatorias respecto das infraestructuras --sen medios de comunicación eficientes Galicia non está en Europa--, desde as autovías ata o tren, desde o gas ata os portos. Así é discriminada Galicia.

Tamén é discriminada no marco comunitario de apoio que acaba de ser aprobado na CEE.

Galicia é discriminada no financiamento, nos fondos estruturais, mesmo no uso da auga e da enerxía. Galicia produce o 20% da enerxía do Estado. Señor Fraga, supoño que as palabras lle soarán: o Rego de Rocamonde, o Orgo de Pedriñas, o río Madanela, o Ladra, non son galegos, non son administrativamente galegos. O Miño non é galego, segundo esta estrutura que temos do Estatuto de autonomía e do reparto de competencias co poder central. O Miño non é galego, porque toca en Tui con Valença; é unha situación absolutamente inadmisíble, que revela claramente a marxianación de Galicia.

Pero, ademais, vostede non ten en conta a realidade na cuestión do autogoberno, mesmo no debate sobre a autodeterminación. O debate sobre a autodeterminación nin é gratuito nin arbitrario; forma parte da loita polo autogoberno das nacionalidades históricas.

Señor Fraga, eu pensaba tratar esta cuestión neste debate, pero

agradézolle que a tratase vostede contra as propias indicacións do señor Aznar, que, como ben sabe, quería mesmo prohibir que se tratase no País vasco. Non creo que sexa un debate gratuito. Creo que debe ser un debate pacífico e democrático. Nós dámoslle un enfoque político. Non o enfocamos desde a sacralización das cuestións, e, desde logo, non o enfocamos desde o xuridicismo. Desde a esquerda democrática nacionalista, para nós Galicia debe ser unha nación sen fronteiras, autogobernada. O papel do Parlamento galego no desenvolvemento do autogoberno é absolutamente fundamental.

En todo caso, ¿cal é o marco dese debate? Hai a frustración das nacionalidades históricas, ante o incumprimento por parte do Goberno central do compromiso constitucional, con continuas medidas executivas e lexislativas. Existe a entrada en Europa, que provocou as limitacións das autonomías desde o Goberno central, e en todo caso supón unha apertura de horizontes. Existen, como non, as resolucións democráticas do leste, tan queridas para aqueles que profesámo--lo socialismo democrático; existe a perspectiva da Europa confederal.

Neste marco a autodeterminación colle absolutamente todo o seu sentido. Pero vostede, señor Fraga, dixo que a autodeterminación ou significa independencia, ou non significa nada. Mesmo dixo que Galicia é a rexión máis española, contraponéndoa á autodeterminación. Pois ben, señor Fraga, eu creo que esa posición é negativa para Galicia, prexudica a conquista do autogoberno galego, e sitúa o problema da autodeterminación nun falso lugar.

Hoxe en día o señor candidato ten dúas opcións: ou pode converterse nun ariete do Goberno central para arromba--lo castelo das nacionalidades fronte a Cataluña e Euzkadi e as propias aspiracións máis profundas de Galicia, defendendo a existencia de novas provincias, de

dezasete provincias uniformizadas; ou pode te-la postura de situarse na reivindicación dun auténtico autogoberno, e como non, tamén con Cataluña e Euskadi.

Pénsese que o problema de Cataluña, Euskadi e Galicia pode ser unha lección para Europa occidental polo intento de conquista, a través da autodeterminación, dun autogoberno pacífico e democrático.

Vostede dixo que Galicia era a rexión máis española. Pois ben, señor Fraga, eu diríalle que isto ou significa que Galicia é a provincia máis sumisa, ou non significa nada. Podía dicir, posiblemente, con maior autoridade, que Galicia é o país máis portugués de España, ou o país máis americano de España; e podía dicirlle --a min gustaríame-- que é a nación máis europea do Estado español. Porque se trata disto, señor Fraga, trátase de situar os problemas galegos no contexto europeo, en solidariedade con todos os pobos da Península, desde a perspectiva de autogoberno.

Teño que critica-lo seu programa. Dicía antes que son máis as carencias cás presencias. O seu programa carece dun proxecto de transformación social. Non fala para nada dun Plan galego do emprego, nin do acordo coas centrais sindicais galegas. Non fala para nada do problema da muller, e moito menos do Instituto Galego da Muller; ignora no seu programa, señor Fraga, o 50% da nosa poboación. Non fala para nada dun Fondo Galego de Solidariedade para as comarcas deprimidas e en crise, nin do salario social, nin das condicións de traballo na flota conxeladora ou de altura de Galicia. Non fala para nada de que Galicia ten competencias en salvamento marítimo. Acaban de ser nos recordadas coa traxedia de catro novos mortos no día de onte en Xaviña, en Camariñas.

Non ten un programa de desenvolvemento económico, nin un plan industrial, nin a creación dun instituto galego de desenvolvemento,

nin a agroindustria.

Antes puxen o exemplo de Bretaña. Bretaña é hoxe o que é porque ten tres ou catro grandes cooperativas --algunha temos en Galicia que se pode transformar--, que recollen tódolos produtos de Bretaña e os proxectan no mercado europeo. Non falou nada disto que é absolutamente fundamental.

Tampouco falou da cota láctea. Señor Fraga, vostede falou de que había que mellora-la xenética e a produtividade. En Galicia, se se melloran a xenética e a produtividade, a produción láctea multiplícase como mínimo por dous, e estamos nos 3.000 millóns de litros por ano, e iso hoxe en día está prohibido polo Goberno central e pola Comunidade Económica Europea. Eu estou de acordo con esa reivindicación; digamos como a imos facer.

Non falou para nada da enerxía, dun plan de prevención e extinción de incendios ligado a un plan forestal. Non falou para nada do problema da consolidación da Autonomía galega en relación co Goberno central, da desaparición tan necesaria dos Gobernadores Civís, da Policía Autónoma, da auténtica integración da Administración local no autogoberno galego.

Non falou para nada de cuestións tan fundamentais para a identidade nacional de Galicia coma o uso do galego na Administración, nin da posta en marcha do Valedor do Pobo, ou do Consello de Contas. Mentres non exista un Consello de Contas en Galicia, ¡como imos loitar contra a corrupción, que está presente tamén en Galicia!

Non falou para nada da creación de parques naturais, nin de como remedia-lo estrago urbanístico e arquitectónico que hai hoxe en Galicia. Para o estrago urbanístico e arquitectónico que hai hoxe en Galicia, non hai Alcaldes nin de esquerdas nin de dereitas, son todos iguais. Todos permiten que Galicia sexa o país máis estragado de toda

Europa neste momento.

Non falou para nada do financiamento. Nós cremos que o presupuesto galego, dentro de dous anos, debe atinxir uns 650.000 millóns de pesetas. Vostede non nos deu ningunha perspectiva.

Tampouco nos deu ningunha perspectiva sobre como remedia--lo problema do financiamento autonómico, e mesmo do INSALUD.

Permítanme, señorías, unhas consideracións finais.

Dicía antes que a sociedade galega ten problemas universais: o paro, a igualdade da muller e do home, a paz, a ecoloxía, o desenvolvemento económico--social. Queremos tratar todo isto desde un punto de vista nacional, nun marco nacional concreto.

Despois de todo, que Galicia é unha nación non soamente é tradición, senón que é lei deste Parlamento. O himno galego está aprobado por lei deste Parlamento. Nel dise que Galicia é o "fogar de Breogán", como o candidato no seu discurso, mais tamén se di que Galicia é a "nación de Breogán".

Desde a esquerda democrática nacionalista queremos un país auto-gobernado e sen fronteiras. Non lle pido, en absoluto, señor candidato, coincidencias teóricas, mais si eficacia, honradez, defensa dos intereses de Galicia, solidariedade externa e interna, concepción nacional e non provincial de Galicia, non subordinación como Presidente, sensibilidade social, sentido da xusticia, democracia.

O noso papel é de oposición, preparando unha nova alternativa de Goberno. En todo caso, dicimos isto desde unha patria sen fronteiras. Queremos moitas patrias e ningunha fronteira.

Castelao, cando regresaba a Bos Aires en 1947, como recolle nos últimos parágrafos de "Sempre en Ga-

liza", prefigurando o que hoxe é unha aspiración de todos, pedía mesmo a unión mundial. A nosa loita polo autogoberno galego xustamente se sitúa nesa perspectiva.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Nogueira.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra, polo tempo de trinta minutos, o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, señorías.

"Se no abreinte d--este día poderamos voar sobor da nosa Terra e percorrela en todas direccións, asistiríamos a maravilla d--unha mañán única. Dende as planuras de Lugo inzadas de bidueiros, até as rias de Pontevedra, oureladas de piñeiras; dende as serras nutricias do Miño e a gorxa montañosa do Sil, até a ponte de Ourense, onde se peitean as augas d--entreambos rios; ou dende os cabos da costa brava da Cruña onde o mar tece encaixes de Camariñas, até o curuto do monte de Santa Tegra, que vence coa súa sombra os montes de Portugal, por todas partes xurde unha alborada de groria".

Estou certo de que tódalas súas señorías recoñeceron xa nas palabras precedentes o arranque do discurso "Alba de Groria" de Castelao. En rigor, ese treito é unha rememoración seguramente fabulada dun discurso de Otero, cousa que Castelao fai con toda a intención do mundo. A simbiose é perfecta: Castelao e Otero, a á esquerda e maila conservadora, a á agnóstica e maila cristiá do nacionalismo galego de preguerra, Castelao e Otero. Repito, as dúas ponlas que se negaran a esgaza--lo Partido Galeguista no 35 e no 36 e máis despois, baixo o trebón, ás simbolicamente fundidas por Castelao no seu discurso, cando Castelao postulaba decididamente a formulación frontista do nacionalismo galego para conduci--lo proceso de autodeterminación deste po-



bo.

Máis velaquí como remata ese texto do 1947, recollido no libro cuarto do "Sempre en Galiza", en palabras que desta vez son da colleita peculiar do Daniel: "Dispois, a miña saudade aínda quixo visitar devotamente os moitos cemeterios da Galiza, onde durmen os derradeiros mártires da Liberdade en número incontable. A miña imaxinación veu unha fogueira en cada cemeterio, como outros tantos clamores de xusticia. Pero no de Pontevedra veu unha labarada que chegaba até o ceo. Era o lume do esprito de Bóveda".

Señor Presidente desta Cámara, agora comprenderá vostede o sentido profundo e a razón de ser da opinión que lle dei na sesión da Xunta de Portavoces anterior a este Pleno, cando vostede someteu cortesmente a consulta a idea de irmos ó panteón de Bonaval. Bóveda non está alí. E eu acabo de citar a Castela. El xa o dixó todo por min ó respecto, e hai ben de tempo.

Si, señor Presidente desta Cámara, hoxe non é alba de gloria para este país. Só en certo modo para o Bloque. Mais o Bloque sabe ben que el non é todo este país; é soamente a súa conciencia máis rexia e máis lúcida, o seu guieiro máis lanzal e máis inequívoco. A alba de gloria de Galicia ficou posposta outra volta polo de agora. Si, señor Núñez, "un paso a adiante e outro a atrás, Galiza", Díaz Castro. Mais xa non é exacto que "a tea dos soños non se move, nin que a esperanza nos teus ollos se esperguiza". Só é exacto que "aran os bois e chove". E se aran os bois en xaneiro é que a sazón vai insolitamente adiantada. A ceifa está máis preto xa.

O proceso de emancipación deste pobo é un feito dinámico, que constitúe unha realidade obxectiva ben palpábel. Vostedes, señorías, están demasiado afeitos a considerar que a acción política só ten lugar nas institucións onde a Constitución e

o Estatuto din que a política se fai, e iso condúceos con demasiada frecuencia a actuaren como as personaxes de "Huis-clos", de Sartre, a porta pechada, aquí, ou en Raxoi, ou en San Caetano, ou en La Moncloa ou en San Jerónimo. Falaz ilusión óptica. Tamén a Duma zarista facía outro tanto, e así lle foi.

Autodeterminarse, señorías, comeza por identificarse e afirmarse. Xa o fixo este pobo nos tempos modernos, e expresouno mediante o rexurdimento e a través dos Erecursos. De aí en diante, reidentificouse e reafirmouse constantemente. Está feito. Só os "imbéciles e escuros", que "non nos entenden", dixo Pondal, non se enteiraron, e seguen a darlle voltas ó veo dunha cuestión cancelada pola historia propia de Galicia.

Mais autodeterminarse prosegue por autoorganizarse. En Galicia, hoxe, os sindicatos obreiros nacionalistas teñen unha dimensión e unha potencia sen equivalente en Cataluña nin en Euskadi; Comisións Labregas, o vizoso Sindicato Labrego Galego, leva sistematicamente a iniciativa de clase no campesiñado, e mesmo estes días está a poñelo en evidencia outra vez verbo dos graves problemas do sector gandeiro; os ensinantes achan no sindicalismo nacionalista a súa opción preferente; unha Federación de Asociacións Culturais vertebra unha constelación de fraguas de cultura propia viva que se estende pola nación como un enorme encaixe de Camariñas; están autoorganizados os profesores de lingua e literatura galegas e son punta de lanza no proceso efectivo de normalización do idioma no ensino, mentres unha Asociación Socio-pedagóxica Galega elabora as pautas e os criterios máis asisados e congruentes co xenio do idioma para o avance nese proceso; para que seguir: os progresistas movementos sociais da muller e da mocidade afirmanse idiomática e ideologicamente en galego. E todo isto existe e acontece fóra das institucións políticas e da rede das administracións públicas. Isto é auto-

organizarse un pobo. Iso é autode-terminarse.

E todos eses movementos e sectores da cidadanía autoorganizados teñen a súa referencia ideolóxica e política nas forzas nacionalistas de esquerda, e primordialmente no BNG, como se pon crecentemente de manifesto incluso nos resultados de cinco sucesivas convocatorias electorais ben diversas nos últimos dous anos: dúas europeas, unha de municipais, unha de legislativas españolas e maila que nos deu seis Deputados e cinco escanos efectivos nesta Cámara ata agora. Iso é autodeterminación, señorías. Non queimen os ollos en pescudar en bibliotecas á luz dun candil. Ollen para fóra destes muros. Ollen ou, se non, ó cabo, politicamente perecerán.

Non houbo na historia proceso ningún de emancipación dun pobo que non se vehiculizase mediante unha alianza política das clases e grupos sociais que constitúen en cada caso e en cada contexto histórico a base popular da nación respectiva, que non contase no seu seo coa clase dirixente do proceso, e que non se vertebrase politicamente na fórmula máis idónea e acaída segundo as condicións de tempo, lugar e contexto externo.

Iso é o que procura e propón o BNG. Iso é o que cada vez máis cidadáns comprenden a través da práctica política do BNG, exercida con teimosía mais sen teimudez, con firmeza pero tamén con toda flexibilidade. Iso é o que nós reiteramos na pasada campaña electoral, o que nos deu o apoio de tantos milleiros de cidadáns, moitos dos cales non teñen aínda conciencia nacionalista, e nós sabémolo, pero teñen todos a seguridade de que no Bloque está a referencia cardinal para a defensa combinada dos intereses xenuínos dos diversos sectores sociais que compón, diferenciados e non amalgamados, pero interdependentes nunha estrutura global, a base popular imensamente maioritaria desta nación, asañadamen-

te agredida e espoliada por poderes que residen fóra, e que moitos de vostedes vehiculizan dentro, debaténdose pateticamente nunha contradicción que, á hora da verdade, os paraliza e incapacita para gobernar este país en función dos seus xenuínos problemas, que son, ó cabo, máis ca calquera outro fenómeno, os que definen e revelan o cerne da súa identidade máis profunda.

Por iso, o BNG formulou doce mínimos programáticos pensados para principiar unha acción de Goberno congruente coas prioridades absolutas dos segmentos sociais compoñentes da alianza de clases que hoxe é máis indispensable ca nunca, porque nos catro anos por vir xogase en boa medida o desenlace desta fase do proceso de emancipación social e nacional de Galicia fronte á estratexia que lle tentan impor a contraño o Estado español e a CEE. Sintomaticamente, só un e parcialmente outro deses doce puntos, e non os máis vitais deles, se poderían percibir reflectidos no longo discurso do señor candidato á Presidencia da Xunta. Iso non é nada.

¿E por que ocorre isto, por que estamos reciprocamente tan lonxe vostedes e nós, e vostede tan afastado do programa de goberno que este país necesita?

Alá polo 1963--64, dous fatos diferentes anque análogos de xente nova, na compañía dalgúns non tan novos xa, puñamos a andar en Galicia as dúas primeiras e ó cabo únicas organizacións políticas nacionalistas que nacerían despois da guerra civil na clandestinidade. As dúas de esquerda, socialista unha e outra comunista, o PSG. e maila UPG. O candidato que, como tal, protagoniza hoxe esta sesión era daquela Ministro de Información do réxime franquista.

A última cousa, se non certamente a derradeira, que nos podía pasar daquela polo maxín ós que inaugurabamos así a fase propiamente contemporánea da historia política do nacionalismo galego organi-

zado era que un cuarto de século despois, ou sexa, hoxe mesmo, aquel Ministro sería candidato a presidir unha caste de institución política galega que o réxime franquista condenara a non existir endexamais, e que desde logo procedía a encadear a quen a ousase reivindicar. Estabamos diametral e irreductiblemente enfrontados: un desde o poder antidemocrático, os outros, nós, desde as súas antípodas. Con todo, se cada, nunha cousa conicidiamos, por un sarcasmo da contradicción de opostos: nin nós nin el apostabamos por unha Autonomía galega da caste da creada máis tarde pola Constitución española do 78. Nós eramos nacionalistas e loitabamos a prol de que o noso pobo conquistase o exercicio da súa soberanía política en institucións soberanas propias. El defendía a exclusividade da existencia dunha nación denominada España dentro do espacio político do Estado español, e maila súa indisoluble unidade, só conciliable co tipo de variedade que, decenios atrás, un señor de mente azul describira nun escrito seica titulado "La gaita y la lira", se non me lembro mal. Nós eramos ideolóxica e politicamente de esquerda. El era todo o contrario. Estabamos, xa que logo, en posicións ideolóxicas e políticas antitéticas e, nese terreo, eramos inimigos diametralmente confrontados nunha contradicción antagónica, tanto na perspectiva da cuestión nacional coma na da loita de clases.

De feito, nós, e mailos que desde entón se incorporaron ó que acabou por callar no nacionalismo frontista, seguimos a loitar hoxe polos mesmos obxectivos estratéxicos que enxergabamos daquela, e dende concepcións ideolóxico-políticas substancialmente idénticas, aínda dentro do marco político no que se insire este Parlamento. A pregunta inevitable é: ¿el tamén?

A imaxe é a forma aparential da realidade das cousas. Pois ben, tomando emprestada unha linguaxe de dirección cinematográfica poderíase dicir que nós, desde aquela, non

nos pasamos de eixe. El, en troques, semella que si. Semella, di-xen. A non ser que, en realidade, vaia emprega-la institución que pretende presidir para por en práctica o consabido requilorio da personaxe de Lampedusa: "cómpre mudalo todo para que todo remaneza igual". Velaí o enigma que ningún Edipo vai descifrar, a dúbida metódica e o interrogante que ningunha declaración de intencións vai despegar, e que desde logo o discurso de antonte, confuso e difuso, non contribuíu en nada a clarexar.

Só a práctica dará a resposta. Nós, os homes e mulleres do BNG, atémonos á práctica para calificar e avaliar idelóxica e politicamente ós compañeiros, veciños, adversarios ou inimigos políticos. Somos xente de esquerda, señor candidato, non beatos nin tartufos de calquera latitude política. Nós non negámo-lo futuro, agás ós que demostran ser inimigos do pobo galego na práctica ideolóxica e política.

Antonte, ó remate do seu discurso, cunha emotividade que os do BNG persoalmente respetamos en calquera ser humano, e da que non facemos burla, porque somos revolucionarios, vostede dicía que toda a súa traxectoria anterior se lle antollaba agora como unha preparación para a súa aspiración deste intre como candidato á Presidencia do Goberno galego. Recoñecerá comigo que, de ser así, resulta un xeito de preparación cando menos pintoresco, e metodoloxicamente máis propio dos procesos de preparación e adestramento dos servicios de espionaxe internacional das grandes potencias ca dun cadro político que tencione dirixi-lo Goberno dunha nación, calquera que ela sexa, desde as coordenadas ideolóxicas e políticas que permiten comprender, coñecer e asumi-lo feito nacional e a realidade que o dota de contidos xenuínos. Porque, ata hoxe mesmo, vostede, señor candidato, non existíu sequera na historia de Galicia, senón somente na historia de España en Galicia, que é mesmamente a súa antítese dialéctica.

As conversións paulinas, na historia política dos pobos, son aínda moito máis infrecuentes ca na historia do cristianismo. Comprenderá que ante a ollada dos nacionalistas galegos, que sempre o demos todo ou case todo por esta nación teimosamente negada, como a nega aínda agora vostede nas palabras cando a denomina "rexión", para os que algunha vez nos sentimos retratados nas palabras de Rosalía cando dicía que "hastra lle dan de prestado a beira por que camiña ao que naceu desditado", pois comprenderá vostede que ante esas olladas vostede aparece arestora desprovisto de calquera caste de aval e espido de credibilidade gañada previamente para optar a rexe--la política propia de Galicia. O resto é futuro. E repito, só a práctica dará a resposta enchendo con feitos ese enigmático futuro que hoxe é simplemente un oco tan absoluto como a nada sartriana.

Mais non é soamente a súa traectoria persoal, señor candidato, e a grave contradicción que encerra, o que priva de credibilidade á súa declaración de intencións de antonte. Non é soamente iso, con ser moito e importante, pois a memoria histórica é unha das poucas cousas que diferencian esencialmente ó ser humano das demais especies animais. E tamén, e transcendendo amplamente á súa persoa, a alternativa que vostede representa e mailo propio contido do seu discurso "programático" --dito sexa entre aspas--.

Nós dixemos durante a campaña que o BNG faría todo o posible por impedir que vostede chegase a gobernar. ¿Lémbrese? E non por vostede mesmo, dicíamos, senón pola alternativa que vostede representa. Non era unha cuestión persoal. Mais, ¿cal é logo esa alternativa, vista por nós?

Socio--politicamente Alianza Popular, antes, e o Partido Popular, agora, teñen en común constituíren unha organización política de ámbito estatal española e espa--

ñolista, sexa cal sexa o pensamento dos seus afiliados individuais. Esa organización dota de aparello partidario e clientelista ós centros de poder económico e social, situados no vértice mesmo das forzas que someten á nación galega a unha auténtica espoliación colonial. Aí reside a causa primordial do subdesenvolvemento no que aínda espernexa a sociedade galega, do atraso económico que non se dá superado, da desarticulación industrial, do que foi éxodo masivo de emigrantes ata que a crise nos países de destino o detivo provisionalmente, da sistemática drenaxe de recursos naturais e financeiros. E, así mesmo, a causa que impuxo o aferollamento da nosa propia expresión cultural, idiomática e política, e as diversas formas de manifestación do autodio mal chamado "complexo de inferioridade" ou carencia do "orgullo de sermos galegos", que vostedes agora tanto invocan, e tanto desde a candidatura que vai presidir--lo Executivo como desde a xa elixida Presidencia deste Lexislativo. Dúo singular e, polo de agora, consonante. Mais se o fin da era tonal na música cadrou a comezos deste século, seguramente na política vai cadrar neste últimos decenio, que tanto nos pasan polos fuciños vostedes, como difusores das profecías e psicoses milenaristas.

Que eses centros de poder manteñan actualmente ese aparello político na reserva, porque hai outro que desde o Goberno do Estado lles fai en boa medida a angueira sen custos políticos directos, non muda en nada relevante esa natureza e esa funcionalidade vehiculizada hoxe comodamente desde a oposición parlamentaria no Estado. Tódolos nacionalistas de esquerda conscientes, sabemos que se gobernase o PP no Estado no canto do PSOE, para a nación galega sería aínda peor: nin sequera tería que gardar certas maneiras e esmaga--la propia mala conciencia verbo dunha ideoloxía xenuína arrombada no camiño.

Iso é o que representa para Ga-

licia a súa alternativa a nivel de Estado, señor candidato. E para as clases populares galegas que vostedes invocan alusivamente na adxectivación do seu partido, representan iso aínda de xeito máis gravemente lesivo, no plano político, por suposto. Disfrázano de populismo, naturalmente, pero asómalle--la orella no léxico mesmo. No seu discurso de antonte houbo un "leit-motif" wagneriano, en sétima diminuída, ou unha "idée fixe" na linguaxe tamén musical de Berlioz, que emergullaba intermitente e sintomáticamente: "unha nova política". Non puideron evitar percibir nesa expresión a reminiscencia obsesiva do "Estado novo" que invocaba Getulio Vargas no Brasil dos anos trinta, por non dici--lo "novo Estado" de Salazar en Portugal desde pouco máis atrás --quédesse vostede coa que prefira ou con ningunha delas: os feitos son os feitos, e Freud tamén é valedreiro na análise ideolóxica sub--liminal--.

En suma, a nivel de Estado, o PP representa o inimigo principal, en termos políticos, do pobo galego. A nivel internacional, ¿que lle vou dicir eu que non saiba vostede perfectamente, vostede que disque é un peso pesado na política, que lle colle o Estado na cabeza, que ata foi embaixador en Londres, e que canta inmarcesciblemente os louvores da Margaret Thatcher como estadista?

Dentro de Galicia o seu partido encarna a continuidade máis lineal e directa posible dos sectores sociais minoritarios que, en sucesivas metamorfoses inocuas para a súa permanente índole esencial, explotaron e oprimiron internamente á inmesa maioría dos cidadáns galegos, a eses cidadán os que Rosalía chamara "verdadeira xente do traballo no noso país", e que, desde ela en diante, foron a razón de ser socialmente xenuína de cantos nacionalistas houbo neste país ata hoxe, incluído o Alfredo Brañas do que vostede se tenta apropiariar ideoloxicamente, de xeito tan impropio coma inútil.

Esa súa xeneoloxía vén desde as minorías reaccionarias que reprimiron e perseguiron ós ilustrados e afrancesados galegos despois das guerras napoleónicas baixo o derradeiro absolutismo fernandino; pasando polos que converteron en mártires ós de Carral no 1846, polos Deputados cuneiros da primeira restauración borbónica, polos foristas contra os que loitaban os agrarios e as Irmandades da Fala, polas pauliñas e os caciques satirizados ou, mellor dito, retratados por Castela, logo reproducidos como choupins e pan de cobra na fría humidade da longa invernia franquista, e verquidos en moldes neocaciquís de novo cuño aínda agora. Esa é a xinea, a auténtica lexitimidade da alternativa que representa hoxe o substrato socio--político máis profundo e medular do PP. Non se chame a engano, señor candidato, nin se me alporicen os señores Deputados populares, non hai animosidade nas miñas palabras, non estou descalificando, senón describindo e definindo unha realidade política obxectiva.

Ocorre, "porén", que a democracia lles impón regras de xogo formais. Compre concorrer a eleccións e atraer á base electoral máis ampla posible. E a vostedes tócalles facelo ademais cun partido, non cunha fronte. Aí entra en xogo a funcionalidade do seu populismo: vótano a vostede, efectivamente, considerables continxentes da base popular e das clases intermedias deste país. Aritmeticamente certo. Mais aí mesmo tamén reside a contradición interna máis esgazadora para vostedes. Porque os intereses económicos, sociais e ata culturais de boa parte da vosa propia base electoral son inconciliables cos dos centros de poder que hexemonizan a alternativa política do PP a nivel de Estado. Por iso mesmamente vostede, señor candidato, ten que se acubillar baixo o cobertor dese poder e, para efectos de imaxe, se arroupar con simples declaracións de intencións, abstractas profesións de principios alienantes, requilorios moralistas e confusas e

desordenadas enumeracións programáticas de carácter casuístico, onde calquera principio sistematizador e calquera anunciación de prioridades congruentes brilla pola súa máis absoluta ausencia. E logo, cando toca gobernar, mesmo nunha Autonomía tan cativa como esta, quedan vostedes reducidos á impotencia e ó disimulo evasivo. Como lles ocorreu en xeral ós sucesivos gobernos Albor durante todo un septenio de vacas fracas para Galicia, no que vostede saberá se tivo ou non algo que pintar. Porque vostede teima en falar de "nova política", e abofé que lle cómpre dicilo e reiteralo --antes de exercer--lo Goberno, claro está--. O subconsciente obrígaos a facer fincapé en anunciar que o seu Goberno practicará unha "política nova", ou sexa, que non terá nada que ver coa política dos sete anos de Albor-- se é que Albor, tivo algunha vez máis actividade política de Goberno cá das Raíñas nais da coroa británica que vostede tanto admira dun tempo a esta parte, na súa anglofilia de última hora, se cadra compensatoria da súa xermanofilia doutrora.

O malo é que cando se trata de precisar e perfilar contidos desa "nova política" resulta que "tudo fica como inantes", como cantara Luís Cilia, o portugués amigo, hai dous decenios xa. E engadía aquilo tan elocuente de: "as moscas mudan, só a ta--ra--rá non varía".

Na presente conxuntura histórica, e nos anos que pretende durar esta lexislatura --se é que chega a completa--lo período legalmente previsto, xa o veremos--, esa contradicción vaise agravar constantemente, máxime estando no poder autonómico, ou auto--anémico, e non dispendo, polo tanto, de escusa. Vaile estoupar nas mans, señor candidato. Como lle estoupou, aínda estando noutra posición ideolóxica e política, ó finado Goberno do PSOE e maiormente ós seus maniataados coaligados. Fronte a iso non valen gaitas. ¿Por que coída vostede que subiron de cincuenta a centro cinco mil os votos do BNG, dis-

pondo nós como dispuñamos de cen veces menos recursos que vostedes para a campaña electoral? ¿Non sería porque o BNG é consciente diso todo e actúa en consecuencia, e porque cada vez máis porcións de sectores cidadáns, que en boa medida forman parte dos mesmos segmentos sociais que son bases electorais de vostedes todos, uns e outros, cobran á súa vez esa mesma consciencia e empezan a votar congruentemente con todo iso? Pola esquerda e pola dereita, para entendemos, desde o proletariado máis combativo ós pequenos comerciantes e empresarios industriais ou case industriais, que están hoxe tan lonxe da era post industrial que vostede invocaba banalmente antonte como o planeta Marte da nosa terra. Iso si que é o planeta Marte, señor Núñez, e non a autodeterminación do pobo galego, que é un proceso en marcha, cada vez máis evidente e acelerado, chámemo vostedes como queiran, que as palabras en si mesmas son só vocábulos e o falar non ten cancelas. Eu paso.

Neste contexto ideolóxico e político encaixa o seu discurso de antonte. E neste contexto, e só neste contexto, enténdese que o seu discurso fose tan incompreensiblemente anodino, vacuo e carente de ideas políticas que o vertebrasen e o fixesen merecente da fama que, para algúns sectores de opinión, o precedía a lombos do seu autor ou, cando menos, do seu expositor. Porque se grave e alarmante resulta que un candidato como vostede non fose capaz de tecer un discurso máis dotado de substantividade e de vectores ideatorios referenciais, máis grave e alarmante resulta aínda ter que concluír que non dispón vostede de quen llo faga mellor do que foi. Vexámolo someramente.

En efecto, a primeira cousa que suscita abraio é a pobreza de ideas, a banalidade e superficialidade das referencias á conxuntura política interna e exterior, as constantes vacilacións semánticas e terminolóxicas verbo de nocións abondo consagradas na ciencia polí-

tica e na teoría do Estado, as inauditas invencións conceptuais gratuítas e fóra de lugar en terreos nos que o máis elemental rigor se impón cando un aspira a ter responsabilidades de Goberno. E os silencios, os enormes silencios, extensos e profundos como océanos enteiros, arredor de temas e problemas cruciais para o destino inmediato do pobo galego.

Véxome forzado a dicirlle isto, sen acritude, eu que nunca menosprecio ó adversario e que adoito repetirlles ós meus asiduos que a primeira máxima que non asumo nin practico no meu labor político é aquela na que se sintetizaban todos os principios de estratexia que nos aprendían no Exército español, nos xa lonxanos tempos en que eu fixera a mili: "el enemigo es idiota". Vaíamos por partes.

Primeiro, non houbo no seu discurso enunciación nin posicionamento sobre ningún dos problemas cardinais cos que se terá que enfrontar hoxe calquera dirixente que pretenda presidir un Goberno galego. Xa non digo análise e diagnóstico do urdido de relacións sociais e de variables políticas dentro do que terá que operar. A base social galega estivo ausente, e desde logo do proletariado obreiro nin se fixo mención, e unha Consellería de Traballo ó cabo calibre que non vai sequera existir, xa que, a xulgar polo seu discurso, carecería de contidos programáticos, de substancia.

Que dicir dos grupos sociais máis dinámicos e problemáticos hoxe, como a muller. Mesmo cando aludiu á formación profesional falou vostede taxativa e restrictivamente "dos nosos homes", con ese adxectivo posesivo que tan proclives son vostedes a empregar en contextos semánticos como ese. Confío en que cando menos non pensará vostede das mulleres como monseñor Escrivá, que "son de la clase de tropa".

Da mocidade a penas predicou vostede máis cá receita dos exerci-

cios espirituais, iso si, para fins de benestar económico: "Cómpre crear nos xoves" --non nos venres-- "a ilusión polo traballo no campo". Vale. Puido completa--lo enunciado das tres virtudes cardinais nas que se vai basea--la súa política de "fomento": "ilusión, esperanza e caridade". Con iso os mozos traballadores van servidos e ficarán satisfeitos, seguro.

A CEE simplemente non existe e, pola mesma, non se sabe nin importa cal poida se--la súa estratexia nin as implicacións dela para Galicia. Non adiviño realmente que faría vostede en Estrasburgo, á parte de prepararse para ser Presidente nunha Galicia que agardaba arelante polo seu advento, e como Lázaro, segundo as escrituras, espertaría do seu sono, sairía do seu estado catatónico, curaría repentinamente dos seus males psicolóxicos, única causa da súa postración, e botaría--se a alancar polos vieiros da nova fronteira, que non da saudade, tangaraños fóra, a resultas do "shock" emocional da súa chegada, señor candidato. Ou sexa, con permiso e disculpando as súas caras, señorías, todo un orgasmo... psico--político, por suposto. E ó son de gaitas mil, obviamente.

O que nós denominamos contradición Galicia--Estado, e que vostedes poden chamar como gusten, pero existir existe, como a Santa Compañía, diso, nada, tampouco. Así, todo resulta facilísimo e fica o vieiro expedito para adentrármonos no "brave new world" huxleíán que vai ser, sen dúbida, o seu mandato. Por algo dicía eu antonte, a requirimento dos sufridos xornalistas, e sen pedirilles que despexasen nada, nin sequera as incógnitas que escintilaban no luscofusco do pasmo no que me sumira o seu discurso, que, cando menos, xa sabía por fin cal era o nome de bautismo do candidato: Alicia.

Serriamente, non se pode saber, a través do seu discurso, cales son as coordenadas políticas nas que se vai move--la súa acción de Goberno;

como non sexa a aplicación dos principios da concentración parcelaria á "concentración de alambiques" con que nos dixo que ía regalar ós paisanos viticultores e alquitareiros.

Luminosa idea se cadra do licenciado señor Romay Beccaría, que así se vai estrear en agricultura, e non co ritual da queimada, porque vostede non é pirómano coma min. Por certo que ó lume dos incendios forestais lle dedicou simplemente un exorcismo ou xaculatoria, non sei ben: "imos acabar con esa lacra", dixo. "Vade retro, amén". Ou á "nova política" sanitaria, na que a novidade consiste en que van reface--lo Mapa sanitario que precisamente fixeron vostedes mesmos, ou o señor Cochón, que tanto ten, ó tempo que, segundo dixo vostede, "imos manter tódalas modalidades asistenciais públicas e privadas que existen". Ou sexa, desta sí: Lampedusa redivivo. Ata coa súa prolongación natural nos servicios sociais, natureza que non inventou agora, senón que foxou ex--novo vostede antonte.

E vostede moi dado ó natural: produtos naturais, prolongacións naturais, maiorías naturais tamén. Ou á deportiva proliferación do "golfismo" nas cidades, por se houbese pouco diso aínda nelas actualmente. Claro que superou vostede todo isto no seu compendio da "nova política económica": "activa, agresiva, aberta cara ó exterior". Nin a teoría xeral de Lord Keynes, nin as cachupinadas de Milton Friedmann e os seus "chigago--boys", por suposto, nin tampouco os deseños de política económica dos Sunkel, Prebisch e demais membros da CEPAL, en Lanitoamérica, malia a participación galega no quinto centenario, por non falar do demo dos marxistas Baran, Dobb, Amin ou Emmanuel; nada diso vale para nada en comparación coa extrema sinxeleza dos seus postulados de "nova política económica", señor candidato. Que supoño que serán postas en obra ó son de "Los esclavos felices" do malogrado

Arriaga, o chamado Rossini español, anque vasco en realidade. E instrumentados mediante a nova interpretación da autonomía financeira que tamén vostede patentou antonte: "entendida" --cito literalmente-- "como axuste dinámico á evolución dos ingresos estatais". Perfecto. ¡Pobre señor Orza, a que lle espera! ¿E vostede, señor candidato, chamábame irresponsable polas miñas afirmacións durante a campaña electoral?

O señor PRESIDENTE: Señor Deputado, rógolle que vaia rematando.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor Presidente, remato xa.

O que resulta máis característico do seu talante político, señor candidato, é a súa particular apreciación e valoración da actual Autonomía. Primeiro, é así porque o di a Constitución --profundísima razón na que os demais non caeramos--. Pero, ademais, debe ser así porque doutro xeito as comunidades autónomas "serían pezas illadas". Axioma evidente. Imaxínense os estados federados nun Estado federal: sería a Polinesia en versión subcontinental ibérica, ou a diáspora xudaica en versión destinada ós xentís. Ou sexa, a inevitable condena das fórmulas insolidarias, o xusticieiro anatema contra separatistas e separadores, sen que saibamos cales son uns e outros, pois hai opinións diversas, incluída a do libro de Menéndez Valdés que editaran en tempos os seus actuais amigos de Galaxia, "Separatismo e unidade", onde resultaba que o separatista fora o proceso membro de xestación do Estado español, principiado coa separación do reino de Castela, nada menos que no século XI. Xa ven, señorías.

Pero, señor candidato, xa o di-xo Galileo vai para catro séculos, e rosmeino eu o outro día polo baixiño: "eppur si muove", a terra arredor do sol, naturalmente. Chámelle vostede autodeterminación,



que nega, ou autoidentificación, que afirma, é que é unha redundancia léxica encuberta, dados os significados dos dous étimos, grego e latino, dos dous elementos da palabra: "autós e idem". Mais tanto me ten, "eppur si muove", repetiu Galileo, xa llo dixen.

Remato, señor Presidente.

¿Da nova política lingüística que dicir? Se o galego é o idioma propio de Galicia, e se atopa aínda hoxe en evidente inferioridade desde o punto de vista socio-lingüístico, ¿con que resortes vai contar a súa política bilingüista para garantir a efectiva normalización do seu uso?, ¿coa discriminación activa ó seu favor que recomenda a UNESCO, ou coas vitaminas da ilusión, a esperanza e a caridade tamén nisto? Polo demais, dado que vostede concibe a educación como un proceso diferenciador das persoas, acumulado ó que xa xera de seu toda sociedade clasista, e considera que no medio rural a educación a van facer primordialmente as propias familias, todo fica claro, e só falta por saber se no seu propósito de potencia-lo ensino de linguas estranxeiras fará ou non especial fincapé no español.

Señor Fraga, leva vostede —e remato, señor Presidente, de verdade— máis de un mes esforzándose en persuadir por adiantado ós cidadáns galegos de que o seu inevitable mandato presidencial vai ser unha gaita. Ou, se cadra, dito máis exactamente, un permanente e circular desfile de gaitas.

Non lle imos da--los votos dos Deputados do BNG para tal cousa. Nin dos cinco que podemos votar aquí nesta Cámara, nin do sexto que non pode. A vista do seu discurso programático, non queremos sentirnos cómplices. O día vén próximo xa en que os cidadáns empecen a dicir-lle: "Señor Presidente, déixenos de gaitas, precisamos que se governe efectivamente a prol do proletariado, do campesiñado...

O señor PRESIDENTE: Señor Deputado, é preciso que...

O señor BEIRAS TORRADO: ...e dos demais sectores populares da nación galega.

O señor PRESIDENTE: Señor Deputado, non me obrigue a lle retirar-la palabra.

O señor BEIRAS TORRADO: Só me quedan tres palabras. Precisamos que governe o Bloque Nacionalista. Xa estamos dispostos hoxe. Imolo demostrar nesta Cámara, e estaremos aínda mellor ese día, que non vai tardar.

O señor PRESIDENTE: Señor Deputado, o seu tempo rematou.

O señor BEIRAS TORRADO: Farémolo despois do seu inevitable fracaso, mentres en Galicia aran os bois e chove.

Moitas gracias, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras,

O señor BEIRAS TORRADO: En realidade, eu estendínme un pouco máis, pero proporcionalmente non me excedín respecto da media hora...

O señor PRESIDENTE: Sete minutos e dezaseis segundos, señor Beiras.

O señor PRESIDENTE: O señor candidato ten a palabra.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señor Presidente, Señorías, non podo deixar de dicir que neste momento me estou a acordar dun dos máis humo-

rísticos, quizais non dos máis reverentes, poemas de Curros Enríquez, cando poñía na boca de Deus, despois de visita--lo mundo e as súas miserias, aquela frase: "Se este é o mundo que eu fixen, que o demo me leve". Porque, efectivamente, eu penso que o discurso que se discutiu aquí non era o meu. Cada un inventou o seu, ou máis ben presentou o que lle cadraba presentar como candidato. E penso que os ilustres Parlamentarios de tres diferentes grupos políticos, que me precederon no uso da palabra, un día pasarán por aquí; soamente teñen que gañar previamente unhas eleccións para face--lo seu discurso programático con plena oportunidade.

Eu quero dicir con toda claridade, e con carácter xeral, primeiro que non estamos xa na campaña electoral, e moitos dos argumentos que aquí se dixeron, perfectamente respetables, eran para que nós non fosemos elixidos; e outros argumentos que se dixeron teñen que ver co que aínda non estamos, ou sexa, coa discusión do presuposto, que supoño que os que din "porén" queren chamar tamén "orçamento". Pero eu o que quero dicir é que nin estamos --repito-- xa na campaña electoral, nin aínda estamos no debate presupostario.

Era inevitable, porque hoxe efectivamente é un día de debates políticos sobre conceptos básicos, que xurdise aquí, e así foi, nas tres intervencións, con diferentes matices, o problema da autodeterminación. Eu repito aquí o que dixen na campaña, fóra da campaña e no meu discurso de candidato: estou fóra das disputas nominalistas, estou fóra das disputas escolásticas, das liortas desta ou daquela capela, que por certo algunhas ultimamente foron ditas noutras partes da nosa España para logo dar marcha atrás.

O tema foi formulado e discutido nas Cortes constituíntes, forma parte indubidable do consenso constitucional --despois volverei sobre

isto--, e ninguén pode discuti--lo dereito natural á autodefensa, á autoidentificación, á loita contra a opresión de ningún grupo social ou humano; iso non necesita de ningún recoñecemento. Pero xogar de modo anacrónico ou anatópico, porque este nin é o lugar nin é o tempo, con ideas abstractas é algo no cal eu non me vou permitir participar.

Nós temos dous desafíos: unha autonomía de verdade, de auténtica categoría para Galicia, un verdadeiro autogoberno, por que non, dentro do xogo constitucional; e despois facer Europa, tamén desde Galicia, con tódalas consecuencias.

Pero pregúntome o asombro con que virían a esta disputa Xelmírez, ou Fernández de Andrade, ou o Gran Conde de Lemos, ou Feixoo, ou Brañas, ou Vicente Risco, de quen fun amigo persoal, ou Luís Peña Novo, de quen fun amigo persoal, e dos que teño testemuños directos do que pensaban, ou aínda o propio Castella.

Imos facer mellor Galicia, e con iso faremos mellor España, que eu non o contrapoño, porque a miña maneira de ser español é ser galego, e a moita honra, e a recíproca é igualmente certa.

Polo tanto, á parte de que eu non recordo que ningún partido dos aquí presentes fixese deste un punto capital na campaña electoral, e dado que é este un debate político non sobre palabras senón sobre actitudes e talante, desde principios ben claros quero dicir que nunca xogarei coas palabras en disputas ideolóxicas; que tentarei servir á nosa maioría, á nosa Galicia, con plena entrega, ata o límite das nosas forzas; que tentarei desde o Goberno galego promove--la autodeterminación verdadeira de Galicia, que é a súa identificación, a súa imaxe exterior, a súa xusta participación na solidariedade nacional europea.

Pero que ninguén conte con nós

para romper nada, nin a España común, nin o consenso constitucional que nos deu unha ducia de anos de razoable convivencia na democracia e nas grandes institucións do Estado. Dentro deses límites necesarios, e mirando para o futuro, ningún nos vai gañar en auténtico galeguismo nin en obras eficaces ó servicio dunha Galicia respetada por todos, e ás probas me remito. Autoidentificación, solidariedade, participación, e poucas liortas académicas.

Falando xa de cuestións en parte académicas, o meu colega o profesor Beiras permitírame que lle diga que acepto toda a lexitimidade para xulgar intelectualmente ós demais, para tratarme como un modesto estudante, para que un profesor algo menos vello trate de PNN a un colega. Pero este non é o problema.

O que eu lle teño que negar é o dereito a xulga--la lexitimidade dos demais. A Constitución, a Lei electoral e o Estatuto dannos a estes da Cámara e ós outros de aí exactamente o mesmo dereito a comparecer ante o electorado, e ó corpo electoral danlle o mesmo dereito a votar ós uns e ós outros; por iso estamos todos aquí neste Parlamento. O que ocorre é que se poderá valorar en máis ou menos estar con cinco Deputados ou con trinta e oito. Pero resulta que en democracia esa é, precisamente, a diferenza.

Ningún lle negou a ningún o dereito a explicar durante a campaña as nosas características persoais e históricas. Por certo, eu non entrei en ningún destes debates. O pobo galego xa decidiu libremente. E se non foi así, non se debeu concorrer ás eleccións, se non se ía acepta--lo resultado. Dentro de catro anos volverannos xulgar a todos polo que teñamos feito. Ata entón nós tentaremos de servir a ese pobo en paz.

Non temos ningún aval, témo--la maioría, gracias a Deus e ó pobo galego, deste Parlamento. De modo que eu cando escoito, con indubida-

ble beleza literaria, interesantes consideracións sobre a historia do galeguismo nos últimos tempos, quedo impresionado de todas maneiras de ver que soamente o Bloque ten razón e os demais non teñen ningunha. Porque é evidente que a acción política non se fai só nas institucións, faise tamén na sociedade. ¡Evidentemente! ¡Esa é a esencia mesma da democracia, iso foi o que explicou hai máis de cen anos Tocqueville!

Pero non se pode dicir que non hai máis sindicatos cós dun, nin máis asociacións da muller cás dun, nin máis ou menos unha situación como aquela que certos teólogos rigoristas predicaban: "Fóra da Igrexa non hai salvación". Fóra do Bloque, polo visto, non hai sociedade galega, non hai nada que sirva ás institucións. Non hai esa contraposición da Galicia real e oficial; é soamente que todos concorreremos ás mesmas eleccións, ás mesmas opcións da sociedade civil, e témo--lo dereito a escoita--los resultados.

Non podo deixar de dicir que é evidentemente lexítimo --xa o menciónnei-- aproveitar esta tribuna non para facer un comentario, eu non falo de comentario, á pura descalificación. E evidente que cando se fala unha hora e cincuenta minutos algo queda fóra. E evidente que cando se presenta un programa baseado en quince libros brancos, e no único programa oficial, que é o Azul --porque alguén fixo a diferenza--, un pode acudir ó que dixó e presentou por escrito. Por certo, eu non coñezo outros volumes, outros programas, que se comparen en detalle e precisión co mesmo. Pero é evidente que se non se fai unha exposición a fondo dos puntos do programa, a mera descalificación se queda no concepto persoal que un teña do que é esta tribuna.

Presentouse algún modelo alternativo. Aquí falouse dun bloque ideolóxico mixto, feito claramente de marxismo e de nacionalismo radical. Debo dicir respecto dunha e

doutra posición que neste momento falar de loita de clases, falar de independencia, falar de colonización, todo iso chega máis ou menos con cen anos de retraso. Da palabra "novo" poderase abusar moito dela ou non; eu non abuso.

E teño que dicir respecto da cita de Getulio Vargas --a quen tiveron a honra de coñecer-- que foi un Presidente populista, electo sempre democraticamente, derribado por un golpe de estado militar, e que á segunda vez se suicidou para non o ser por segunda vez. De modo que cada un xulgará o seu labor. Eu penso que con el comeza o Brasil moderno.

Pero esa non é a cuestión. O que é evidente é que nin o nacionalismo de Manzini nin o marxismo de don Carlos teñen nada que ver coa realidade actual. Eu cando oio falar de temas relativos a que se non fose por estar inmersos no Estado --e ata algún dixo na Comunidade Europea-- Galicia podería desenvolver mellor as súas posibilidades económicas, sociais e culturais, penso que estou oíndo falar nunha lingua que non é a miña.

Eu coñezo hoxe un mundo con cento sesenta e pico --creo que son cento sesenta e seis neste momento-- Estados independentes. Eu fun embaixador en Londres, que o tiveron a moita honra, porque o fun tamén da inmensa maioría dos españois residentes alí, que eran galegos en máis do 90%. Era un grupo verdadeiramente exemplar do que fun amigo, e ó que servín eficazmente co asinamento do mellor convenio de emigración que ten España. E debo dicir que fun o último embaixador, que se saiba na historia diplomática, que cumpriu a vella obriga diplomática de visitar un por un tódolos seus colegas. Visitei máis de cento cincuenta. Xa non se facía; os africanos visitaban ós africanos, os europeos ós europeos. E cando eu visitei ó Alto Comisario da illa da Tonga díxome: "A min nunca me visitou ninguén".

Pois ben, cando oio falar de Granada, da Tonga, ou destes sitios, penso de que lles puido servi--la independencia. Mais evidentemente dirá: "Galicia non é iso" ¡Deus nos libre de pensar semellante cousa! ¿Pero pensa alguén que o que lle fai falta a Galicia son novas fronteiras?

Estes días estou preparando unha viaxe a Portugal para falar da mellor cooperación, naturalmente no cadro das relacións dos dous grandes Estados irmáns e no cadro de relacións europeas. Estiven relendo os dous excelentes volumes, publicados polo Instituto Galaico Miño-to, e vexo cando se pechou o porto de Tui, e vexo cando a xente escapaba das fronteiras, de tal maneira que a coroa de Portugal tivo que crea--lo que se chamaban zonas de homiciados, para que algún, perdóndolle algún delito grave, aínda de homicidio, se establecese en Valença ou en Caminha.

Non necesitamos novas fronteiras. O que necesitamos neste momento é participación nas grandes instancias económicas, sociais e culturais do mundo de hoxe, que evidentemente xa non son as dos vellos Estados do século XIX. Pero, ¿quérame dicir que fariamos cun banco propio? ¿Quérese sabe--lo que pasa cando se crea o austral en Bos Aires, ou o cruzado en Río de Xaneiro? Pois que as cousas son o que manda a realidade, e que dous países que quedaron como colonias militares, ocupados despois da guerra, Alemaña en Europa e Xapón en Asia, foron os países que, gracias á moi intelixente política económica e ó seu traballo, foron capaces de crea--las grandes moedas, as grandes bolsas, e de lles impoñerlos seus criterios económicos ós supostos imperialismos.

Debo manifestar que neste momento non podo nega--la importancia histórica da análise marxista para a interpretación de certos momentos da historia económica de Europa. E evidente, doutra banda, que hoxe o marxismo non parece un sistema de

ideas moi impresionante para interpretar--lo momento actual. E parece-me que os exemplos nada boiantes da Europa do leste, o que pasou mesmo na propia Rusia, ou na propia China, afórranme facer novos comentarios sobre esas ideas.

O intento da escola de Frankfurt de expurgar todo isto con matices freudianos, ou, para entendermonos, nos marcuses que todos acabaron no 68 --parece que aínda queda algún por aí--, é evidente que non teñen nada que ver cos problemas do futuro.

Desde entón xa non se puido facer marxismo en París, e algúns dos seus máximos intérpretes, como Gardí, fíxose musulmán. Agora, despois da Perestroika, xa non se pode facer marxismo nin en Moscava. Que por certo teño que dicir que os ingleses, ós que eu admiro de toda a miña vida, como admiro tamén ós alemáns, nunca deixaron que Carlos Marx fose trasladado a Moscava, porque dixeron, con razón, que nin na Rusia dos Zares, nin na Rusia de hoxe, e pode que aínda na da Perestroika, podería escribi--lo capital que escribiu no Londres liberal, e supostamente cheo de feitos capitalistas do seu tempo.

¿Pero que diremos do marxismo e leninismo? Porque foi Lenin o que fixou esa idea do imperialismo, esa idea da colonización interior. Como non se cumprían as profecías de Marx, tivo que dicir que o mundo funcionaba a pesar daquelas profecías, porque existían colonias, e que Francia e Inglaterra non tiveron revolución marxista porque facían imperialismo. Hoxe sábese que Holanda vive moito mellor desde que acabou o seu imperio colonial. Pero falar hoxe de colonialismos interiores non responde á realidade.

Cando os galegos invisten --eu desexaría que non o fixesen-- os seus cartos --e eu coñezo uns cantos-- en promover turismo na illa de Forteventura, ¿están facendo colonialismo en Canarias, ou están demostrando que aquí non somos quen

de lles dar oportunidades para investir na nosa terra? ¿Pero que medida, en calquera situación de calquera nivel de autogoberno, lles impediría ós cartos ir onde sexan rendibles, que é o que temos que facer aquí?

Señoras e señores Deputados, quero que todos fagamos galeguismo por riba das ideoloxías, que superemos estas disputas. Non quero apropiarme de Brañas, nin de nada; nunca me apropiei de nada. Respeto intelectualmente o que o profesor Beiras trata de Brañas, pero iso non quere dicir que poida ser del. Brañas, hai cen anos ou pouco máis, nunha famosa comida que lle deron despois da publicación do seu grande libro, que aínda hoxe é un grande libro, dixo: "Aquí estamos todos: republicanos, carlistas e outros, pero todos queremos facer Galicia". Pois iso é o que propoño. Hoxe "La Vanguardia" de Barcelona menciona esta idea do galeguismo, por riba das utopías, comparando a laboura que aquí se pode facer coa que fixo un día o señor Tarradellas.

Dito isto, señoras e señores Deputados, creo que ninguén se debe poñer a facer burla da emotividade cando se fala de amor a Galicia. Naturalmente iso nada ten de pintoresco. Eu neste momento non podo deixar de estar emocionado pensando na responsabilidade que pode caer --se esta Cámara o quere-- sobre o meu lombo. E debo dicir que neste momento --e non é ningunha figura retórica-- eu estou vendo a eses falecidos onte en Camariñas, estou vendo ós mariñeiros de Malpica que pasaron todo o día vendo se se rompían as súas amarras.

Cando visito unhas viúvas, como teño feito, non estou a facer relacións públicas, porque os votos xa os temos e volverémolos a pedir dentro de catro anos; estou a dicir: "esa é á nosa maneira de entender--lo amor a Galicia, o amor a cada un dos galegos". Porque moitas veces vexo certos tipos de nacionalismos que se diría --e por iso non respetan o resultado democrático

das votacións— que non pensan como Lincoln que a verdadeira democracia é non só para o pobo, senón que é co pobo, é polo pobo, é chorando co pobo cando fai falta.

Queridos amigos, dito isto creo que podo ser máis breve noutras connotacións.

Nalgunha destas intervencións acusóuseme de adescoñecemento da realidade. Por suposto, a realidade galega é unha das máis serias e complexas. Creo que podo dicir que poucos fixeron o esforzo dunha vida enteira visitando os máis recónditos lugares, aquí e onde queira que haxa un galego. Creo que algún día estarei no "guinness of the records" precisamente por esa preocupación de ve--los problemas un a un, de sauda--los galegos un a un, e de visitar máis sociedades ca ninguén.

Pero evidentemente ningún home, por forte ou sabio que sexa, pode chegar ata o final das cousas. Por iso nós, durante case dous anos, traballando desde unha fundación, con máis de dazaseis comisións importantes, fixemos un estudio que, como todos, é perfectible. Pero volvo dicir, que non coñezo ningunha forza política galega que fixese un esforzo comparable. E penso que todos tentariamos de facelo así.

Respecto de certas observacións menores, como a relativa ó mapa de Galicia, eu teño ese tomo, que é unha parte do que hai que publicar, pero iso non é un Mapa escolar de Galicia; esa é unha relación puramente estadística. Porque, ¿onde está o estudio?, ¿onde está a avaliación? Hai certamente un Plan de formación profesional, aprobado de présa e correndo ultimamente, pero creo que absolutamente insuficiente.

Eu cada vez que digo "imos facer isto", non pretendo que sexan cousas novas. Aquí díxose que a palabra "autoidentificación" xa estaba en activo desde non sei canto tempo. Perfectamente. Iso é o que pasa case sempre. E o que se inventa neoloxismos despois ten que fa-

cer un glosario ó final. Recordoume aquela frase, pouco respetuosa cun grande home, de alguén que dixo que don Xosé Ortega y Gasset era filósofo primeiro de España e V de Alemaña. ¡Pois moi ben, se antes dez filósofos xermánicos dixeron algo sobre este punto, moitísimo mellor! O político non é un home que produce novas ideas; é un home que coas que hai tenta dar solucións ós problemas, creando acordos, cumprindo compromisos e logrando concordancias coa maioría da xente.

Comprendo perfectamente que o meu paisano e amigo, se el mo permite, señor Castiñeiras, falase con especial interese do Plan de sanidade. O noso grupo parlamentario participou na discusión da Lei do Servicio Galego de Saúde. As nosas emendas contribuíron seriamente á súa mellora. Pero paréceme que non se pode describir como desface--lo que está feito ou tentar de mello--ralo.

A verdade é que sexa no libro branco ou no azul hai unhas propostas serias, ben meditadas, que cambian fundamentalmente o modelo da sanidade. Creo que hoxe ninguén pode falar da perfección do que temos. ¿E verdade ou non que as listas de espera na área da Coruña, Santiago ou Vigo andan ó redor dos douscentos días ¿E certo ou non? Eu non culpo a ninguén. Digo, ¿sería bo ver de mellorar iso, con outro sistema, con outra exposición? ¿E verdade ou non que neste momento en Galicia, como noutras partes, hai centos e centos de médicos que non encontran traballo? ¿E verdade ou non que a xente quereda unha maior liberdade na elección do centro sanitario?

Pasemos ó Mapa sanitario. E evidente que non é unha movida de Alcaldes. A fórmula que se adoptou foi discutida por máis da metade dos Alcaldes galegos, que era natural que o fixesen. E non é o mesmo falar de centros de apoio e de que certas urxencias --certas urxencias de certa entidade, non curar un meniño que se fixo calquera cousa cu-

nha fouciña-- en vez de ir á Coruña ou a Lugo se poidan facer no apoio comarcal, mais ese principio non é exactamente o que nós dicimos. E, por outra parte, agradezo moito que polo menos acepte que a creación de catro novas áreas de sanidade é unha necesidade imperiosa.

Fálase da normalización lingüística. Eu o que dixen é que imos cumpri--la lei. A lei foi aprobada por un consenso non frecuente nesta Cámara, estamos de acordo con ela, imos facer un esforzo novo, e somos conscientes do que vai custar. Imolo facer rapidamente. Eu hoxe non discuto presupostos. Pero fixemos unha estimación do que lle custa en máis á Comunidade galega --porque unha comunidade como a castelá ou a andaluza non ten que facer ese esforzo--, e resulta que a cifra que nos sae é bastante parecida á que presentou o señor Pujol en Cataluña, duns 5.000 millóns.

Pregúntase polos incendios forestais. ¡Naturalmente que imos loitar contra eles! Ese tema está tratado extensamente no noso programa. Doulle garantía de que aplicaremos tódalas medidas que estean na nosa man. E no que sexa política forestal, no que sexa agrupación, no que sexa fomento das asociacións, no que sexa por tódolos medios facer equivalentes os montes públicos e os privados, o que sexa remedia--la gravísima lagoa que hoxe existe de que non hai aínda regulamento da Lei de montes en man común, en todas esas cuestións previas entraremos, e non será necesario rezar, aínda que será bo facelo, para que chova este verán. Eu quero que chova e ó mesmo tempo que veñan os turistas, pero como é lóxico para entón teremos feito algo máis do que había.

Os medios de extinción aumentaranse. Faremos presión por tódolos medios, en discusións coa Administración central, respecto da cobertura aérea, pois hoxe estamos por debaixo doutras comunidades. As relacións que queremos que sexan máis cordiais cos fiscais, coas forzas

de orde pública, serán perfectas. Pero neste momento pódome remitir a un estudio serio e por escrito, co- usa que, quizais, os que mencionaron os dous programas aforraban de dicir.

En canto ós accesos de Galicia, volvo repeti--la invitación que lle fixen á Cámara. Pódolles dicir, con toda seguridade, que non soamente garanto o pleno apoio do partido a nivel do Estado e o apoio persoal do señor Aznar, senón que expresamente --é fácil cotexalo e non se debe coller esta ou aquela expresión de determinado xornal-- os dous programas, o feito para o 29 de outubro e o feito para o 17 de decembro, coinciden no esencial. Pero agora mesmo se estamos invitando ás forzas políticas ó diálogo, é xustamente para ver se o podemos facer mellor entre todos.

Dise que non trazamos un modelo económico. Se por modelo económico se entende aquel que se refire a unha maneira determinada de entender--la economía, é evidente que xa o manifestamos con toda claridade: nós non estamos polo intervencionismo, nós estamos pola concertación. Debo dicir que hoxe existen poucas dúbidas de que é un sistema válido.

Pero entendo que algúns dos obxectantes se referiron ó modelo de financiamento autonómico. A segunda parte do meu discurso refírese expresamente a este punto. Aí fálase claramente dunha nova interpretación, e se fai falta da reforma da LOFCA. E xa neste mes, que non foi dedicado como algúns pretenden soamente a consultas políticas, nin a relacións públicas, fun chamado por tres ministerios de Madrid --porque esta era a situación natural despois do cambio electoral--, e xa houbo unha participación seria no modelo de reforma do Fondo de Compensación Interterritorial.

Efectivamente, presentamos publicamente unha posición ó respecto para que dunha vez desaparezan o que alguén, con razón, chamou "os

seus efectos perversos". Porque hoxe resulta que a emigración xoga en contra das rexións emigratorias, xa que están recibindo os seus propios paisanos mentres que figuran como emigrantes os que lles devolven as rexións máis ricas. Hai tamén outras moitas considerables observacións das cales a máis importante é que o 30% sexa sobre o conxunto do investimento. E doutra parte, como é ben sabido, que non se intente compensa--lo que de máis neste momento están recibindo as rexións máis ricas. Estas posicións son coñecidas, son públicas, e eu reite-reinas no meu discurso.

En varias das intervencións fíxose unha contraposición entre o propósito de austeridade e o feito de que se propoñen certos organismos novos. Debo dicir neste momento que o número de unidades que se van suprimir é superior a 100. Como todo o mundo sabe non é moi fácil cambia--lo número de consellerías; desaparecen as vicepresidencias. Pero o que si é verdade é que no conxunto das direccións xerais, das subdireccións e dos servicios, como presentarei no primeiro Consello de Goberno, van desaparecer por riba de 100 unidades. Debo dicir, por outra parte, que ninguén di se está en contra de que haxa unha biblioteca de Galicia, de que haxa un museo en Galicia; se alguén está en contra que o diga.

Eu creo que con esta primeira fase, e a segunda que virá despois, de cambio no esquema dos gastos correntes, e con este novo financiamento, pero diso falaremos no debate do presuposto, desde logo o propósito de austeridade non poderá ser discutido.

O ilustre representante de "Esquerda Unida" dixo, con razón, que estamos ante problemas universais; é certo. Afirmo que perdemos oito anos. Penso que non hai que ser tan pesimista. O que non é verdade --creo que con isto seguramente quixo tenta--lo humor, pero non lle saíu a veta humorística-- é que esteamos gobernados nin aquí nin en

Madrid por unha conxunción do PSOE e do Partido Popular. Isto non é unha cousa exacta.

Polo tanto quixera deixar perfectamente claro que nós, desde logo, temos unha perspectiva económica, social e cultural claramente galega; que non lle dedicamos a Galicia soamente o sentimento, aínda que o sentimento sexa moi importante; que recoñecemos tódalas realidades económicas do mundo de hoxe, precisamente por iso non cremos que se poida andar só polo mundo ante as enormes concentracións de poder económico e social que existen; e que desde logo seremos algo máis ca intermediarios entre a rexión e o Estado.

Fálase de falta de sensibilidade social. Non creo que isto se poida dicir. Somos conscientes de que canto máis baixo é o nivel social e económico dunha rexión, canto máis alta, por desgracia, é a súa participación na desindustrialización ou noutros procesos de desemprego, máis hai que preocuparse dela. O que diga que o noso programa de servicios sociais non é claramente progresista ou o máis progresista que se presentou nesta Cámara, creo que quizais non o leu. E por certo, non me esquezo de falar desa Baviera á que eu admiro, porque soubo pasar dun nivel moi modesto de agricultura, gandería e turismo a unha das grandes concentracións industriais de Alemaña. Que se falase da Bretaña creo que é un bo exemplo de cooperación rexional estatal, e que por tantos outros vínculos o temos que estudar moi de cerca.

Estou por promover canto antes o nomeamento do Valedor do Pobo e a elección dos membros do Consello de Contas; parecíame inútil dicilo. É absolutamente obvio que abriremos as consultas necesarias ó respecto.

E debo dicir que un chamamento á eficacia e á honradez me parece especialmente oportuno.



¿Que nos esquecemos da muller? Aquí as teñen nos nosos bancos, aquí as teñen en todas partes votando. Pero á parte diso, teño que dicir que se hai algo que eu poño sobre a miña cabeza é sobre todo a muller galega, a mellor muller do mundo, e a primeira que soubo toma-la iniciativa. E desde logo debo dicir que non se falaría así na terra da Pardo Bazán, ou de Concepción Arenal, ou de Rosalía de Castro, sen que isto fose evidentemente certo.

Respeto profundamente os agnósticos. Pero invoca--las virtudes teologais paréceme que é perfectamente respectable. En todo caso, o meu nome non é Alicia, é Manuel, é Manoliño da Terra Cha, é un nome perfectamente coñecido de sempre, e polo lado vasco--navarro chámome "Iribarne", que quere dicir exactamente "no medio do pobo". Aí nacín eu; de aí nunca me fun. E Alicia, ese conto marabilloso, non é un conto de fantasía, é unha crítica social importante, como o foron no seu tempo "As viaxes de Gulliver", como o foi "o Divino sainete", do xa citado Curros Enriquez.

Pero quero acabar. Señoritas e señores, o das gaitas parece que non todos o entenden. Nese tema tamén pode haber xente da que dicía Pondal, que non entende as verdadeiras raíces do noso pobo. E quero dicir, como escribín non hai moito, que os gaiteiros tocan de un en un, de dous en dous, nun cuarteto, nun quinteto, pero mírenos tocar, aínda que non afinen de todo, porque xa don Benito Niceto, o primeiro creador da nosa conciencia histórica, recordou que non era instrumento de salón. Para eses que no pobo gardaron --floclore non é unha mala palabra, é o saber do pobo-- o mellor das nosas tradicións no mellor dos nosos corazóns, é un xesto de respecto; é un xesto de respecto ós humildes, ós simples, ás xentes das aldeas, dos que temos moito que aprender. E aínda que a política consista, por desgracia, en templar moitas gaitas, ese día non me vai importar nada, nada, que se rían os

que vexo que choro ante eles.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Para replicar ten a palabra, por un tempo de cinco minutos, o señor Sánchez Castiñeiras, por Coalición Galega.

(Devólvanlle o reloxo ó señor Beiras).

O señor SANCHEZ CASTIÑEIRAS: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, moi brevemente para utilizar esta rolda de réplica ó señor candidato.

Coalición Galega recoñece que lexitimamente vostede gañou as eleccións, e nós nese asunto nada temos que dicir. O pobo galego deu-lle a súa confianza, e nós acatámo--la decisión como demócratas que somos.

No que se refire ó tema da autodeterminación, nós somos un partido nacionalista que estamos dentro do marco da Constitución, respetámo--la Constitución e o Estatuto. Pero téñolle que dicir, señor candidato, que o debate o iniciou vostede; vostede foi o que mencionou a autodeterminación. E, desde logo, para nós, para os homes e mulleres de Coalición Galega, ten moita importancia un debate sobre a autodeterminación, porque temos un fondo sentido e defendémo--la unidade do Estado.

Por conseguinte, creo que non hai ningún problema en debater este tema transcendente e importante. Porque para nós o significado da autodeterminación non é outra cousa cá pura actualización dun concepto esencial do nacionalismo, xustamente nun momento onde está a recompoñer toda a cuestión e a teoría do Estado. Non quero entrar neste tema, porque desde logo non me podo enfrontar a vostede nestas cuestións. Por iso teño que dicir que é un tema que vostede presentou na Cámara. A nós non nos importa en-

trar a debatelo, porque témo--la nosa postura, que está dentro dos marco da Constitución e respetando a nosa Carta Constitucional.

Nas preguntas que lle fixen sobre o seu programa non respostou concretamente.

Estou de acordo en que hai que mellora--lo Mapa sanitario. Nós estamos en disposición de mellorar todo o que se sexa mellorable, e, desde logo, pódense mellorar moitas cousas. Acabo de recoñecer sinceramente que non temos ningún inconveniente en apoia--las áreas sanitarias que vostede propón. Por conseguinte, en todo o que sexa mellorar, en todo o que sexa reformar, nós estaremos de acordo.

Pero, tamén lle teño que dicir, señor candidato, que nós non estamos por un galeguismo de campanario.

Vostede remítenos neste intre ó seu programa electoral e ós moitos libros que escribiron, que eu en profundidade non os coñezo. Por iso preguntei cal eran as súas medidas en temas como a normalización lingüística, os incendios forestais, etc. Entón, este debate creo que se debía facer pasado xa un tempo, cando vostede empezase a facer esta política.

De calquera xeito, nós, como tódolos que estamos aquí, e tódolos que están fóra, amamos profundamente Galicia. Queremos que Galicia teña a súa representación. Estou de acordo coa súa frase "facer mellor Galicia é facer mellor España". Nós estamos de acordo, porque cremos que facendo Galicia tamén facemos mellor Europa, onde estamos chamados, e onde penso que debemos te--la presenza que nos corresponde.

Señor candidato, lamento neste intre non ter unha decisión concreta e darlle o noso apoio, por unha razón moi clara: porque vostede remitiu-me ó seu programa electoral, a eses tomos que ten nalgún sitio, pero que non están á nosa disposición. Pasado un tempo, coa maioría

que vai gobernar, e que desexo que sexa o que sexa para o ben deste país, sabe que contará co noso apoio en todo aquilo que sexa bo para Galicia. En tódalas ponencias conxuntas, en tódalas comisións que vostede cree, imos actuar con honestidade e con sinceridade para facer mellor este país, que é o noso, que é Galicia.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Castiñeiras.

Polo mesmo tempo, cinco minutos, o señor Nogueira.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, Señorías, señor candidato, parece que lle gusta a retórica, señor Fraga. Eu formuleille unha cuestión que, desde o meu punto de vista, me parece crucial. Con independencia das cuestións formalistas, pregunteille se vostede vai ser un dos arietes do Goberno central fronte ás nacionalidades históricas, fronte a Cataluña, fronte a Euskadi, e fronte as aspiracións ó autogoberno de Galicia na súa situación concreta de estar política e economicamente marxinalizada, como intentei describir antes brevemente.

Pregunteille se ía ser ariete do poder central fronte ás nacionalidades históricas e polo tanto fronte a Galicia; se se vai situar ó lado de Pujol e Ardanza querendo nacións autogobernadas, solidarias con tódolos países do Estado, nunha Europa sen fronteiras, con todo o que iso supón, de poder político, económico e cultural, se ten a intención de cumprir aquí ese papel histórico; ou se, en cambio, se vai situar como corresponde á altura das súas responsabilidades como Presidente da Xunta.

Vostede sabe que nós apostamos pola Autonomía, e cremos que o feito de termos un Parlamento e un Goberno é un logro histórico, pero queremos que redunde en beneficio

do noso pobo.

A pregunta que lle fago, señor Fraga, polo tanto, é: ¿Vaise poñer a favor de Galicia autogobernada, ou vaise situar na liña de crear un novo Estado provincializado agora con dezasete? Porque iso ten implicacións día a día, e vai condicionar claramente o seu labor de Goberno.

Vostede, en cambio, como lle gusta a retórica, situou o debate noutro lugar totalmente distinto do que hoxe é necesario. Incluso diría que o que vostede manifestou sobre a autodeterminación é absolutamente anacrónico. Señor Fraga, está ancorado no século XIX.

Nós non formulamos aquí ningunha cuestión de palabras. Vostede sabe que no tempo democrático xa, a iso me refiro, discutía a cuestión das nacionalidades. E hoxe en día ten que admitir que unha lei do Parlamento galego, a Lei do himno, define a Galicia como nación. Esta cuestión non é en absoluto inocente nin neutral.

Pero ó mesmo tempo que lle digo isto, sabe de sobra que nós queremos unha Galicia sen fronteiras e desde o autogoberno. Moita xente pregunta: Cando estamos ante a Europa unida, sen fronteiras, ¿como se lles ocorre ós nacionalistas falar de autogoberno? Precisamente por iso. ¿Como un país como Galicia se pode defender, agás desde o autogoberno, ante os poderes multinacionais existentes? Xustamente queremos un autogoberno para servir á nosa patria nun mundo sen fronteiras. Non nos contestou.

Vostede sabe que situándose na perspectiva europea os Estados nación, por moita inercia que teñan de motísimos anos, na súa configuración clásica tenden a desaparecer. ¿Que é un Estado clásico sen fronteiras, sen moeda, sen fiscalidade, sen exército propio e sen relacións exteriores? Terá ese nome, pero non é o mesmo. E nesa Europa confederal que nós queremos, incor-

porando o mundo do leste, o autogoberno galego ten un papel fundamental. O feito de que un Presidente da Xunta crea na autodeterminación é fundamental. Isto non quere dicir que se queira un Estado independente clásico. Nós queremos--la soberanía, pero a soberanía historicamente posible, a soberanía que se pode realmente practicar e, en todo caso, unha soberanía sen ningún tipo de fronteiras. Este é o lugar para debater isto. En todo caso, o propio candidato foi quen suscitou o debate, cousa moi afortunada, por moito que non estea de acordo coa forma na que o expuxo.

Dicía antes, e tampouco me contestou, que eu creo no Estado, e creo que o Estado español debía ser redistribuidor, debía estar promovendo xusticia e solidariedade. Pero non o fai neste momento. Neste momento o poder central é un obstáculo ante a entrada en Europa, señor Fraga. Debemos enfoca--la nosa relación co Goberno central desde esa evidencia. Como pidámo--la cooperación co Estado central admitindo a marxinação política--económica de Galicia e o estado actual da Autonomía, Galicia, do mesma forma que tivo unha década de atraso na decisiva década dos oitenta, terá unha nova década de atraso nos noventa.

Digo isto desde o meu optimismo radical, desde a miña confianza absoluta no noso país, desde a miña defensa da irmandade con tódolos países, en primeiro lugar cos peninsulares e con Portugal.

Celebro que vostede vaia mañá a Portugal. Estou seguro de que debemos abrir unha nova etapa con Portugal, favorecida historicamente por dous feitos: porque temos autogoberno --a vostede chámolle xa Presidente do Goberno galego, como antes ó Presidente González Laxe, ou a Fernández Albor--, e para que desapareza a fronteira, que nunca debeu existir; fronteira da cal depende --e non me contestou tampouco, señor Fraga-- que o río Ladra non sexa galego. Digo isto porque é

un simbolismo extraordinario da radical contradicción que neste momento existe no Estado das autonomías.

Remato xa, señor Presidente. Permítame un minuto.

Eu quero unha esquerda unida en Galicia, señor Fraga. Pero aínda non o conseguimos. Somos Esquada Galega, como vostede sabe, a pesar do lapsus que tivo ó mencionarnos, pero, en todo caso, o lapsus é afortunado porque queremos unha esquerda unida neste país.

Cando nós dicimos que houbo unha conxunción Partido Popular e PSOE nestes oito anos, estou dicindo unha realidade política innegable. A cuestión da Administración local nós queremos integrala no autogoberno de Galicia, e a lexislación do Estado quere facer da Administración local en Galicia un caballo de Troia dentro do autogoberno, como en Cataluña e Euskadi. Na cuestión das augas, no financiamento, nas forzas de seguridade do Estado, na LRU, en toda esta lexislación vostede participou, ademais de estar gobernando en Galicia durante seis anos.

Cremos que no seu programa non existe proxecto social. Non ten un plan galego de emprego. Non tratou a idea de falar coas centrais sindicais galegas. Nós, polo tanto, temos todo o lexítimo dereito a dudar que co seu programa poida cumprir coas responsabilidades que lle cómpren en Galicia.

Remato dicindo que nós non lle pedimos a ningún Presidente coincidencia con nós, e menos ideolóxica. Nós respetamos a tódolos Presidentes. Nós dicíamos: imos facer unha posición política e non retórica. Para nós é tan soberano este Parlamento —dado que foi elixido democráticamente— con partidos de ámbito estatal coma con partidos nacionalistas; é o pobo galego quen ten que elixi--los seus representantes; todos son igualmente lexítimos. Aspiramos, claro está, a que

o día de mañá tódolos Parlamentarios e Parlamentarias galegas sexan nacionalistas, a que teñan unha constitución soberana, que a utilizariamos, se algún día chegase, para que Galicia fose un país autogobernado, próspero, libre e sen fronteiras.

Desde esta posición inequívoca faremoslle a oposición. Desde esta posición inequívoca, con tódolos respetos para a súa candidatura, votaremos en contra.

Moitísimas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Nogueira.

Señor Beiras, ten a palabra por un tempo de dez minutos.

O señor BEIRAS TORRADO: Isto empeza a ser divertido, ¿verdade? Xa non é a monotonía dos discursos, xa non é o xogo do frontón, aínda que o señor Fraga converterá este Parlamento nun frontón en vez de nun ente dialecticamente vivo.

Moito ollo, señor Fraga, coas citas de Curros. Curros foi excomungado por iso; ándese con ollo. Vostede non nos entende nada. E non é por falta de intelixencia, é porque está noutra galaxia, na de Ramón Piñeiro, seguramente.

Non nos irrite, non fale de chorar co pobo. Eu, en concreto, o día 31 de nadal estaba no peirao do Berbés e chorei --non o puiden resistir-- cando a xente agardaba os barcos pesqueiros que foran ás augas do Atlántico a face--lo que non fixo a Administración do Estado español, da España que vostede defende, porque non era competencia da Xunta de Galicia. E vostede non estaba alí. Non tiña porque estar alí, pero non estaba. Como non estaba en SIDEGASA, como non estaba en Alúmina--Aluminio. Non lle veña dicir ó BNG o que é estar co pobo, porque iso sábeo todo o país; sábeo

a xente, mesmo a que non nos vota.

Pero ímolo levar por outro terreo. Vostede deformou as miñas palabras; tiña prefabricada a súa resposta. Vostede acaba de dicir: "Parece que fóra do BNG non hai sociedade galega". Eu dixen textualmente, nun momento do meu discurso: "Nós sabemos que o BNG non é todo o país". Non veña vostede retrucar que consideramos que fóra do BNG non existe sociedade galega. Se prefabrica as respostas vaille ir moi mal nesta Cámara, cando menos cos do Bloque.

Dixo vostede: "¿De que lle serviu a independencia a Granada?" De algo debía servirlle cando os ianquis a invadiron para esmagar a súa independencia. Tome nota, porque vostede sabe perfectamente eses feitos, ¿verdade? E Granada é unha illa, insuíña, "barataria", non é o país que é Galicia, nin está en Europa, señor Fraga.

Dixo que era amigo de Risco. Castelao cando se refería a Risco citábao e dicía o seguinte: "Dicía Risco, cando Risco era alguén". Vostede foi amigo de Risco cando, segundo Castelao, Risco xa non era ningún.

Di que non se mete en discusións nominalistas sobre a autodeterminación. E que, precisamente, nós o que dixemos é que a autodeterminación era un feito, era un proceso que se estaba a dar, e no meu discurso dei referencias de que así é. O debate seguramente ía con algúns outros dos intervenientes, non co Bloque, supoño.

Ademais, vostede sabe que o BNG non estivo disposto a traer a esta Cámara o debate sobre a autodeterminación, porque non queremos xogos florais político-ideolóxicos. E porque, desde logo, nós non levámo-los debates onde están perdidos de antemán coas votacións. Tampouco o fixo o señor Pujol, nin o fixeron os vascos. Levárono ós parlamentos das súas nacións porque alí gañaban, pero non o levaron ó Parlamen-

to do Estado, ¿verdade? Eu dixen que a miña máxima é que o inimigo non é idiota. Non cometa vostede o erro de practica--la contraria.

"Porén" é galego desde a literatura medieval, señor Fraga. Historicamente o galego é anterior ó portugués. ¿Sabíao, verdade?

Lenin non fixou o concepto de colonialismo interno, nin interior. Son conceptos da sétima e da oitava década deste século, dos anos sesenta e dos setenta. O señor Lenin non sabía o que era o colonialismo interior. Nin tampouco fixou o que era imperialismo, que é anterior a Lenin, aínda que a definición ou a reformulación de Lenin en coordenadas estritamente marxistas, ortodoxas e clásicas é un calificativo. Eu son marxista e é un calificativo. Se eu lle chamo a vostede fascista, ó mellor en vez de como un calificativo tómao como outra cousa, e por iso non llo chamo. As ideloxías teñen definicións, nomes e calificativos.

Eu son marxista pero non son escolástico. Fundamentalmente o marxismo é un método de análise. Vostedes saben moito diso, e practícano, pero desde a outra fronteira. Non son vostedes parvos. Aprenderon moito das análises do señor Marx, pero para combater--lo proletariado, para combater--las clases traballadoras, é dicir, para reproducir--la explotación das clases e a espoliación dos pobos periféricos como o noso, periferia próxima.

Vostede di —e nótaselle ademais— que o político non produce novas ideas, utiliza as que existen. Está moi ben, pero fáltalle o calificativo ó substantivo, político "conservador". Os políticos non conservadores producen, ou producimos ideas, se non a historia non avanza por arriba, aínda que avance por abaixo, e se avanza por abaixo e non por arriba quedámonos descolgados. Iso é o que lles pasa sistematicamente a vostedes. Por iso teñen que facer reconversións, como fixo Getulio Vargas. Citouno voste-

de. O réxime de Getulio Vargas non foi populista ata despois do golpe de estado de que vostede falaba. Seino por unha tese do doutoramento. Non é pedantería, pero é un feito. Non falo das cousas que non sei. Fun membro do tribunal desta tese, de Carlos Sixirei Paredes, defendida na facultade de Historia na Complutense de Madrid, e queda demostrado iso: foi populista despois do golpe de estado; como vostedes se fixeron populistas despois do 23 F.

Falou dos incendios e dixo: "pódome remitir a un estudio serio". Supoño que se referirá ó serísimo estudio que fixo a Comisión especial deste Parlamento e non será a un estudio do PP. Foi feito alá no 1987, ademais con 47 resolucións de carácter executivas, aínda que non se puxesen en práctica. Porque se se refire a outro estudio do PP perderon o tempo. E dicir, iso si que é perda de recursos. E se así comeza vostede, e na Xunta vai refacer todo o que xa estaba feito, ... Evidentemente neste caso non é un estudio da Xunta, é dunha Comisión especial deste Parlamento, presidida polo señor Miras Portugal, do seu grupo, non do seu partido, claro, do partido do señor Núñez. Vostedes repártense moi ben o poder: un partido a Xunta, o Executivo; outro o Lexislativo. Pero teña en conta, señor Fraga, non o esqueza nunca, que no réxime constitucional vixente o Lexislativo está por riba do Executivo, é o que inviste, é o que ten o poder dado polo pobo, e o poder executivo do Goberno é derivado. Vostede non pode ser Presidente de Galicia, porque non foi elixido nun réxime presidencialista polo sufraxio universal directo, senón que é Presidente do Goberno Galego. Vostede dirá da Xunta de Galicia. Se cadra convértese nun Presidente da Deputación galega, na práctica.

Vou rematar, porque xa dixen que nós non entramos en disquisicións. Voulle dicir só unha cousa para rematar, así distendidos, porque neste Parlamento o que un fai é

distenderse. Eu cada vez que traspaso a soleira deste pazo, sexa para entrar, sexa para saír, percibo perfectamente un cambio radical dentro de min. Eu onde estou ben é fóra. Por iso estou no Bloque, señor Fraga, que é onde está toda a rede do organizacións sociais e o conxunto de cadros políticos que nunca percibiron nada, nin gañaron nada, por traballar na política, senón que sempre perderon: perderon tempo e enerxías vitais. E onde estamos non xa os que tómo--lo privilexio de ter plataformas como esta para falar, senón toda aquela xente que está nos concellos onde combaten tantas veces fronte á xente de vostede, en condicións de absoluta inferioridade, e que non teñen ningunha gratificación, pero manteñen unha loita que é a que fai avanzar este país.

O que lle quería dicir na miña intervención é que se hoxe vostede é candidato á Presidencia da Xunta, non é gracias a vostedes, é gracias ó que hoxe representa o Bloque ou ó que representaba antes do Bloque o nacionalismo galego, o que tirou para a diante neste país, o que forzou, en definitiva, que este país avanzase para dotarse de instrumentos políticos e institucionais de autogoberno. Nunca foron vostedes, que sempre estiveron en contra. Isto non é deslexitimar, isto non é descalificar, isto é exercer-la memoria histórica. Eu non lle estou negando o futuro, señor Fraga. Díxeno textualmente. Nós só lles negámo--lo futuro ós que demostran ser inimigos deste país. O futuro é un oco. Vostede é quen ten que demostrar se segue a ser, porque o foi, inimigo deste país, ou se, como diría eu na linguaxe cinematográfica, "se cambiou de eixo".

E os guateiros en formación. Señor Fraga, vostede que foi embaixador na Gran Bretaña sabe que os guateiros en formación, en ringleiras, de dez, de quince --en definitiva en formación de corte--, foi un invento dos ingleses para o seu exército, con gaitas escocesas. Foi unha apropiación metamorfosea-

da, un elemento folclórico dentro dos desfiles militares do exército que esmagou a Escocia. Estivo vostede por aquelas terras, en ¿verdade? Alí aínda están os lugares onde se situaban os clans. Ia cada clan, en fronte ía o exército do novo Rei inglés --que era saxón en definitiva-- cos armamentos, incluída a artillería que lle proporcionaba a nova industria que xa nacía. A revolución industrial, a siderurxia e a metalurxia dos "midlands" foi o que esmagou a independencia de Escocia definitivamente no XVIII. Alí non ían gaiteiros en formación nunha banda nin na outra. Despois os ingleses podían permitirse o luxo de, como elemento decorativo, introducir--las gaitas escocesas en ringleiras de cinco ou de dez nos desfiles militares da potencia que lle practicara o garrote non vil á nación escocesa. Ata hoxe en Galicia tivemos máis sorte. Gracias a esa sorte vostede é hoxe candidato a Presidente. ¿Está claro?

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Beiras.

Ten a palabra o señor candidato.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señor Presidente, señorías, moi brevemente quero agrace--las intervencións.

En primeiro lugar, quero dicir-lle ó señor Sánchez Castiñeiras que estimo moito a súa intervención, tanto que me ofrezco --estráñame que xa non os tivese-- a amablemente enviarlle eses dezaseis volumes á dirección que me indique, e estou seguro de que teremos máis dun punto de coincidencia.

Non me estraña, porque sempre pensei que era así, que diga que fala no marco da Constitución e do Estatuto. Eu non presenteí o tema aquí. Tomei postura ante un tema nacional, porque aínda que aquí se pronunciaron frases máis ou menos de bo gusto sobre estar dentro e fóra do Parlamento, o que é evidente é que este Parlamento ten que

parlar, ten que falar do que se fala neste momento no debate autonómico relanzado en toda España.

Teña por certo que esa capacidade de diálogo como xa teño dito, será a norma do noso grupo. Estou tamén de acordo en que hoxe non se poden debater tódolos temas, senón despois podiamos pecha--lo Parlamento. Hoxe comezamos un debate para recoñece--los resultados electorais, para examinar basicamente o que presentamos dese programa, concretamente para a súa acción inmediata, e despois día tras día, xuntos, teremos que elaboralo cada un, como é natural, desde a súa respetabilísima posición.

O Deputado señor Nogueira, en nome de "esquerda unida", falou nada menos que tres veces de retórica. Ben, "esquerda unida" tamén é un nome retórico, porque eu non creo que represente a tódalas esquerdas de Galicia nin de España; cada un fala dela como quere. Polo tanto, a retórica é a base mesma da política. Todo o mundo sabe que Aristóteles, que algo creo que terá que ver co que estamos falando, aínda que fose grego escribiu dous libros: "La política", que é un libro de filosofía moral, e o de retórica, que é o verdadeiro libro de política. ¿Que é a retórica?: transmiti--lo seu pensamento.

Pero eu non digo estas cousas, señor Nogueira, nin o farei nunca --porque sería deshorrar esta tribuna que respeto moito--, para non lle contestar. Voulle contestar con toda claridade. ¿Vou ser un ariete do Estado central en contra da Autonomía galega ou de calquera outra? Non. Esa pregunta debo dicir que forma parte de aquilo da "inxuria ó rudo encono", porque creo que non se pode facer, xa que é obvio o que vou contestar.

¿Vou estar en tódolos casos cerca doutras nacionalidades históricas ou Autonomías? Non o sei, como di o galego sempre; depende. Sobre todo depende de como se movan nos intereses de Galicia, porque se

me tratan mal ós galegos alí, cousa que por certo non fan, eu terei que estar en contra. Polo tanto, estarei onde sexa o meu sitio, non sendo ariete máis ca no que poida, modestísimo, gastado, de segunda man, como son ás veces os tractores dos galegos, o mellor tractor hoxe do interese de Galicia, porque Galicia non elixiu directamente, pero quizais fixo posible que hoxe, se o cre oportuno, esta Cámara puidese decidir.

Polo tanto, esa será a miña posición. Non pode ser outra. Non creo que ninguén pense que puidese ser outra. Porque é verdade que hoxe temos aquí, e esta casa representao como ningunha, un logro histórico. Algo teño que ver con el. O señor Beiras pode pensar que non, pero cando se fixo o Estatuto non soamente foi determinante a nosa posición, senón que a retirada da Comisión de dous Deputados do noso grupo fixo que fose o único Estatuto, rompendo unha famosa aldraxe que ía ó final del, que tivese que volver ás Cortes e puidese se-lo que foi; non é perfecto, é mellorable, pero desde logo foi o mellor que entón se puido conseguir.

Gústame sempre moito o sentido do humor. Facer unha lei sobre o himno non converte en lei todo o himno, porque senón excuso dicirlle a vostede as consecuencias literarias que se poderían sacar.

No río Ladra, señor Nogueira, non creo que teñamos moito que falar. Se vostede teme que un día entre por alí un acoirazado "español", como vostede diría, creo que está excesivamente preocupado. Eu voume ocupar de ver se os que fabrican alí un queixo estupendo me deixan algunha troita, que é o noso rogo, e teña por certo que se vai cumprir.

Mais, en definitiva, vostede si formulou outra segunda pregunta importante. Alguén bromeou aquí sobre o que estivera eu facendo dous anos en Estrasburgo. Pois pódolle dicir que traballei bastante. Antes fala-

ba de incendios forestais. O Deputado, antigo Presidente, señor Albor xa presentou unha moción, na que creo o delito de incendio forestal no Parlamento Europeo; espero que saia a adiante. Pero o que quero dicir é que alí traballei moito. O primeiro discurso e o derradeiro fíxenos sobre cuestións galegas, e non soamente falei diso. Quérolle dicir que, por suposto, son consciente de que nese tema hoxe temos lagoas importantes.

Falaba da viaxe a Portugal. Estes mesmos días estiven estudiando este asunto. Non basta que os dous estados nacionais concorran en dicir: toda a fronteira, cos seus case mil douscentos quilómetros, se ten que beneficiar dos plans de axuda europea, dos fondos estruturais para as rexións fronteirizas. Claro que se non traballan dun lado os miñotos e doutro os galegos, dun lado os zamoranos e do outro a parte correspondente a Portugal, ou os problemas do Guadiana que son totalmente distintos, non funcionará. Ben, aí temos efectivamente que aproveita--las novas disposicións, que están xa nos regulamentos estruturais, e que algúns países —o caso de Alemaña é o máis importante— xa desenvolveron. Nós non. Pódolle dicir que o pouco ou moito que alí aprendín vai estar dedicado a isto. Pero en actuación social falei expresamente, está no texto escrito, e como é natural confío moito nela; pódolle asegurar que nela confío, porque non quero ningunha forma de imposición nin desde o Diario Oficial nin desde a rúa.

A última intervención ten os seus matices particulares. Pode que sexa divertida, cada un sabe como se divertirte. Pero teño que dicir que non vou facer deste Parlamento un frontón, nin é a miña función. Gracias a Deus temos un grande Presidente, unha excelente Mesa representativa. Máis tampouco quero deixar de dicir que o frontón deixe de ser un magnífico deporte, porque é moi bo saber que un lanza a bola, lanza a pelota, e despois esta volve, e as cousas que se din sen con-



trol volveuse contra un mesmo. Penso que disto imos oír bastante.

Mais, en definitiva, xa dixeran que o poema de Curros Enríquez non é moi reverente, daquela houbo excomuñón, e hoxe non se faría. Pero o que eu non acepto facilmente é que se fale con desprecio nin de Vicente Risco nin de Ramón Piñeiro. Pode face--lo que queira. Eu falo dun respetabilísimo galeguismo de todos, con tódalas ideoloxías. E o home que pouco antes de morrer escribiu "A porta de palla", que se atreveu a escribir ata a historia do demo, foi sempre alguén, dígaos quen o diga.

Efectivamente, eu non tiven a honra de estar ó lado do señor Beiras aquel día, pero eu estaba eses días visitando Laxe, visitando A Guarda e chamando ó Xefe do Estado Maior da Mariña para que saísen dous destructores, que saíron, aínda que non tiveron a sorte de atopar--lo barco. Estiven estes días falando co Xefe do Estado Maior do Aire, un ilustre militar galego, e non estiven quedo, porque hai quen está soamente onde se berra, e outros onde se pode facer algo.

O señor Beiras ten perfecto dereito a recoñecer que é marxista, tiña que recoñecelo porque é obvio, pero non ten por que poñer cousas que outros non recoñecen, e que eu desde logo non acepto.

En canto a que algúns só foron populistas despois do 23--F, eu estiven alí, estiven no meu sitio como procuro estar sempre, e, desde logo, fun o mesmo antes e despois.

En canto ó que se refería dos dictames das comisións do Parlamento, incluída a de incendios, póñoo sobre a miña cabeza.

Ninguén me ten que explica--lo rol importantísimo do Lexislativo no esquema parlamentario, iso é obvio. Pero despois dicir que un se distende aquí xustamente porque non é un sitio importante, e que se está mellor fóra ca dentro, non pare-

ce que sexa unha conclusión moi lóxica da afirmación anterior.

E quero aclarar unha cousa: nin fun nunca inimigo da miña terra, nin nunca serei inimigo de ninguén. Cada un poderá situarse fronte a min como adversario, pero, desde logo, a servir a Galicia espero non me deixar gañar.

¡E volta coas gaitas! Agora os gaiteiros non poden ir en formación. Pois creo que se lemos ben a Pondal, el tamén pensaba que este maravilloso instrumento primitivo é un instrumento de forza. Foi usado como instrumento verdadeiramente de empuxe. Evidentemente unha gaita non pode cun cañón. Pero houbo un famoso comandante escocés, na batalla de Montecasino, que dixo: "Que me manden unha sección de tanques ou, polo menos, un gaiteiro". É a min un gaiteiro lévame a adiante para defender a Galicia.

(Aplausos)

O señor PRESIDENTE: A sesión reanudarase ás cinco e media da tarde.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Señores Deputados, ocupen os seus escanos, por favor.

Reanúdase a sesión.

O señor candidato pediu a palabra para unha cuestión de orde.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señor Presidente, como non quixera que por un lapsus ou por un troque de palabras, se entendesen mal algunhas das miñas afirmacións desta mañá, quero deixar clara a miña puntualización de máximo respecto tanto a Esquerda Galega coma a Esquerda Unida, ilustres forzas do panorama político de Galicia, ás

cales de ningún modo quixen confundir nin, moito menos, ofender.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

O señor González Laxe, polo Partido dos Socialistas de Galicia, ten a palabra por trinta minutos.

O señor GONZALEZ LAXE: Señor Presidente, señoras e señores Deputados. Hai na vida dun país, no noso caso de Galicia, unha certa atención, preocupación e expectación por cal vai se--lo seu futuro e ó mesmo tempo cales van se--las liñas que se van levar a cabo na década dos 90, que comezou hai uns días.

E evidente, polo tanto, que a intención de calquera político e de calquera grupo político é enmarcarlo noso país dentro dese cadro internacional, desas grandes preocupacións que lles son súas a tódolos cidadáns de Galicia. Sen embargo, toda Galicia estará pendente deste acto, desta sesión, para saber cal vai se--lo seu futuro, como van ser xestionados os seus asuntos públicos, e cales van se--las liñas e orientacións que o candidato e o Goberno, que el mesmo designe, levarán a cabo nos próximos anos.

Antonte, o discurso do señor candidato pecou de moitas lagoas e de moitos erros na súa exposición.

Podíamos dicir, cousa que o candidato non precisou ó longo das case dúas horas que falou, cales son os grandes retos que existen en Galicia e tamén no resto de Europa de cara ó ano 2.000. Hoxe tódolos países están atentos a cal vai se--la consolidación do mercado único europeo, esa data de 1992; están preocupados da estabilidade democrática en América Latina; intentando saber cal é a reforma dos países do leste; miran cal vai se--lo papel transcendental das re-

xións europeas desde o Atlántico ata Os Urais; e están preocupados polo medio ambiente.

Se estas son as grandes discusións que hoxe existen en Europa --como nos anos 70 foron a caída das dictaduras de España, Portugal e Grecia--, ou como se encamiña a súa actualización na consolidación da Comunidade Económica Europea, ou o novo marco de relacións internacionais e o papel de Estados Unidos, ou os novos escenarios económicos e o que significan as novas tecnoloxías e as súas transferencias, é lóxico que un candidato que queira goberna--lo noso país, Galicia, tentase facer un mínimo enmarque e encadramento de cales son os horizontes que se cernen sobre nós e como enfocalos, como encarreiralos e, ó mesmo tempo, como encaixar cada unha das políticas que teña no seu maxín ou que máis tarde dirá no seu Goberno.

Polo tanto, Galicia, que foxe neste intre e nestes tempos, novos tempos, de antigos estereotipos, quererá definir e explicarlle a tódolos cidadáns, polo menos ó seu candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, o norte, o sur o leste e o oeste de cada unha das súas máximas, do seu programa, das súas metas.

En nome do Grupo Parlamentario Socialista quixera analiza--lo discurso--programa que o candidato nos expuxo hai dous días. Creo que todos, polos menos case tódolos medios de comunicación, e a xente que o escoitou, coincidiron en que era un discurso indefinido, tópico, xenérico e superficial. Creo que teñen razón en que foi un discurso indefinido, tópico, xenérico e superficial. Pero en todo caso haberá que demostralo. Non basta con dici--lo que un escoita a través dos medios de comunicación, senón que tamén hai que dici--lo que un cre que se agacha detrás dese discurso e dese programa.

Eu diría, primeiro, que non existe unha priorización ou xerar-

quía de obxectivos. E un discurso tópico. Un candidato debe sinalar unha priorización de obxectivos. Non valen referencias superficiais ou xenéricas: "comezámola caza por aquí, terminarémola por alá". Esa xerarquización de obxectivos ten que estar marcada dentro dun programa para que as persoas poidan seguir un fío conductor do programa, é lóxico trazar, deseñar, poñer as metas, os obxectivos, unha ordenación de algo. No discurso exposto hai dous días non existe unha priorización de obxectivos, senón que todo está ó mesmo nivel. Polo tanto non sabemos que é o que ten máis importancia, porque todo á vez resulta imposible de facer, toda vez que todo está interrelacionado. Por conseguinte, haberá que saber cal será o primeiro obxectivo, cal será o segundo, o terceiro, e así sucesivamente. Non valen referencias xenéricas, tópicas, nin tampouco superficiais.

Outra cuestión que lles preocupa ós socialistas e a gran parte da sociedade galega é algo que o candidato vén reiteradamente dicindo ó longo destes días, polo menos ó longo deste debate. O candidato delega a responsabilidade de acertar na propia sociedade, cando di textualmente que isto é cousa de todos. O Presidente dun Goberno non só debe marca-los obxectivos e as metas, senón asumir a responsabilidade dun país. Non se pode dicir: eu teño toda a boa intención do mundo, quero facelo ben, pero se logo non se acerta, se logo non funciona, a responsabilidade non é miña, senón que fuxo dela, delégoa na propia sociedade. Outra cousa sería dicir: confío en que a sociedade estimule e incentive todo o seu proxecto, e eu estarei con ela para defendelo. Pero non se debe dicir que isto é cousa de todos, porque tamén se dixo hai tempo que Galicia é unha tarefa colectiva de tódolos galegos, aínda que logo cando teñamos que poñer los cimentos e alicerces dun país, ás veces o país non se atopa tan articulado coma todos quixeramos.

O candidato parte de algo preocupante para Galicia, que é esquecer que a nosa Autonomía xa ten un tempo, que leva xa dúas lexislaturas e que xa tivo dous Presidentes. Non quero valora-lo traballo principiado polo primeiro Presidente da Xunta de Galicia, nin o traballo deixado a favor de Galicia polo meu Goberno. Pero si quero que se aprecie claramente que a Autonomía galega, o noso país, non comeza no ano 1990. Non é cuestión de dicir textualmente: "a poñer orde"; é cuestión de saber que moitas cousas se fixeron ben e noutras, ó mellor, non se acertou.

Pero a Autonomía existe desde hai uns anos. Levamos dúas lexislaturas; haberá cousas das que estaremos satisfeitos e doutras teremos pena de que non se acertase no seu enfoque concreto. Pero non quero neste caso dicir quen o fixo ben nin quen o fixo mal. Simplemente quero dicirlle ó noso país e á nosa xente que en Galicia houbo Autonomía, Galicia tivo gobernos, parlamentos e lexislaturas. Polo tanto a partir de agora non é borrón e conta nova e imos tirar e desface-lo construído para principiar novos camiños, como di o propio candidato.

En calquera discurso de investidura non só ten que haber unha priorización de obxectivos, como dixeran antes, ou unha responsabilidade de gobernar, senón que ten que haber algo de asignación presupostaria. Ninguén dubida da gran importancia que para vostede ten a Presidencia da Xunta, lóxico e normal; ninguén dubida da súa grande vontade para traballar arreo a prol deste país. Pero tamén a xente que-re saber con canto contamos. E moi fácil facer un discurso, e moito máis fácil facer quince tomos. O difícil é concretar asignacións presupostarias que lle sirvan ó país, que lle dean a garantía de que se converterá nunha realización efectiva e eficiente, con equidade á hora de cambiar, impulsar e incentivar calquera actuación.

No seu discurso-programa non

houbo ningunha asignación presupostaria que encaixase con aquelas mínimas concrecións do programa; só hai dúas concrecións no seu programa, que son os centros de desenvolvemento agrario e o plan da flota; un deseñado en catro anos, con horizontes temporais anuais, e outro enmarcado cunha referencia do ano 1990. Non hai máis compromisos referenciados; non hai ningún máis. Os outros que vostede está buscando dareille a resposta de que xa están feitos.

Polo tanto, esa asignación presupostaria tiña que estar incluída no seu discurso. Se non o fixo, evidentemente aquí no Parlamento e aí fóra na sociedade pode asomar unha certa dúbida. Se aquí non se dan datos concretos, pode que algunhas persoas entendan que se quere fuxir do Parlamento á hora de explicar accións concretas para toda a sociedade. E coído que ningún Presidente de Galicia quere fuxir deste Parlamento e, sobre todo, de someterse ós debates sobre os obxectivos dun propio Goberno.

Outra das cuestións fundamentais no seu propio discurso de investidura, e dado que é este —como pediu esta mañá— un debate político sobre actitudes e talentos, é que os galegos queremos saber exactamente como se entende Galicia, como se comprende un país, e cales son os obxectivos inherentes á construción dese país. Non basta dicir: "imos modernizar", "imos facer non sei que", ou "imos poñer en marcha". Haberá que ter en principio unha concepción do país, unha concepción dinámica, non obsoleta; unha concepción na que o país estea articulado, que viva coa ilusión que se crea, e que non se confunda con estereotipos pasados.

Eu diríalle que nun país, en Galicia, sempre se está pensando en tres grandes eixos de traballo: articular unha sociedade, corrixi-los desequilibrios internos territoriais e mingua--las diferencias sociais.

En primeiro lugar, articular unha sociedade. ¿Que significa articular unha sociedade? Primeiro direi que cando nun discurso—programa se esquece a determinados colectivos e só se fala dos outros, evidentemente non estamos articulando unha sociedade. Vostede no seu discurso só falou dos colectivos empresariais como facéndoos responsables, ou dotándoos de incentivos sen definir. E a min parececeme que sería inxusto, e polo tanto non crearíamos esa conciencia de articulación da sociedade, se non falamos doutros estamentos, como, por exemplo, dos sindicatos. Falou dos empresarios, das cámaras de comercio; pero dos sindicatos nin unha soa palabra, nin unha soa liña. E evidente, polo tanto, que a primeira pregunta que se lle pode facer a vostede, señor candidato, é se a articulación da sociedade é para vostede un obxectivo ou, sen embargo, se vai traballar cara a outro lado.

A segunda pregunta é se o Consello de Relacións Laborais, no que están situados empresarios e sindicatos, ten que desaparecer, ou se terá unha vida dinámica e consonte coa propia evolución do noso país. Pero, evidentemente, vostede non quere, polo menos a non ser que mo diga na súa intervención, esa articulación da sociedade.

En segundo lugar, é necesario corrixi--los desequilibrios internos territoriais do noso país. Moitas veces falamos de que hai pequenas vilas e recunchos do país, con esa poboación diseminada e espallada, e que temos tamén grandes urbes e "interlander" urbanos. Algunhas foron dotadas desde os Gobernos anteriores, polo menos desde o meu, dun fondo de cooperación local para poder sobrevivir, polo menos actuar axiña e resolver problemas que, polos seus propios presupostos municipais, non se resolverían, nin satisfarían moitas das necesidades das nosas mulleres e dos nosos homes. Resulta evidente que se agora non hai ningún tratamento para esas poboacións rurais, nin tampouco pa-

ra as grandes urbes ou "interlander" urbanos, podemos caer nun gran perigo, que é o dualismo en Galicia, un dos males históricos máis importantes do noso país, ó non estar articulados nin tampouco corrixidas as diferencias territoriais.

En terceiro lugar, mingua--las diferencias sociais. Vostede, señor candidato, no seu discurso--programa basea tódolos servicios sociais na privatización; todos. Iso creo que resulta grave para a maior parte da sociedade galega que non ten recursos económicos suficientes para poder gozar, disfrutar e ser atendida polos servicios sociais. Unha privatización dos servicios sociais é excluín-te de grande parte da nosa sociedade. Resulta, polo tanto, que a súa política nos próximos catro anos, inserida nese contexto europeo do que vostede fala, é evidente que non vai satisfacer--las necesidades básicas dunha parte de Galicia, resulta excluín-te.

Se esas tres consideracións que foron sempre obxecto primordial, polo menos do meu grupo político, son esquecidas no seu discurso, a consideración no plan político podería traducirse nas seguintes cuestións.

Primeiro, que lle falta un clima conciliador. Temo moito que incrementalmente a crispación cando nestes derradeiros anos a conflictividade social foi diminuíndo, e a harmonía ía sendo unha norma no noso país. Se non articulámo--la sociedade, haberá crispación; ¡Oxalá que non! Tentaremos todos de que así non sexa. Pero para isto hai que articular unha sociedade. Se non falamos da organización social de Galicia, chegamos a conclusións, por ese mesmo razoamento, de que a través deses centros de desenvolvemento rural poden existir controladores sociais. Non é bo que existan "controladores sociais", entre comiñas; sabemos a que nos referimos. Non é bo, nin para o país, nin para a sociedade, nin para un Goberno.

Se, como di no seu discurso,

basea toda a súa política galega en función das deputacións, significa evidentemente que os concellos non participarán nela, e entra en pura contradicción con ese modelo teórico de desconcentración e de descentralización. A penas hai referencia no seu discurso ó papel dos concellos; moito menos ós das grandes cidades, e tampouco ós das pequenas vilas. E a pregunta é moi sinxela, ¿a Lei de doordenación das deputacións admíte a ou non a admite? ¿Vaise coordinar ou serán meros apéndices dun Goberno? E cos concellos, ¿que facemos? Son as preguntas que lle quero facer. Estamos en evidente perigo.

E, en último lugar, non mencionar instrumentos para corrixir diferencias sociais significaría un abandono preocupante das zonas máis deprimidas do noso país, que non contarían co apoio do seu Goberno e tampouco dos seus instrumentos.

Sobre este modelo eu pídolle respostas para coñecelas, porque desde o seu propio programa--discurso non están explicadas neste Parlamento. Non me vale que me remita ós quince tomos que lin hai tempo; iso non é o programa de goberno, iso é un programa co que vostede se presentou á sociedade. No Parlamento é onde vostede ten que explica--los programas de goberno. Por todo isto, a min preocupárame aínda moito máis as perspectivas de futuro deste país, xa que nun proxecto para un país como o noso, como Galicia, hai que suliñar obxectivos e perspectivas, e se o primeiro non se fai, o segundo nin se explico.

Xa lle dixen en campaña electoral, aínda que agora non é obxecto de debate, que o seu programa carecía de algo importante, carecía de política económica. Hai algo que calquera persoa lle preguntaría: ¿Sabe con que conta? ¿Que asignación presupostaria ten? ¿Que deseño posúe de toda unha política económica do noso país? ¿Acepta ou non acepta o PDR? ¿Acepta ou non acepta o programa transfronteirizo? ¿Acep-

ta ou non acepta o Plan de agricultura de montaña? ¿Acepta ou non acepta o sistema de financiamento de universidades? ¿Acepta ou non acepta o Plan de servicios sociais? ¿Acepta ou non acepta o plan de saneamento gandeiro?

Son cuestións principiadas e que están aí, que teñen a súa canle de distribución e ó mesmo tempo de complemento na asignación presupostaria de órganos europeos, e vostede como Presidente da Xunta de Galicia dentro dunhas horas terá que dicirlles ós cidadáns se acepta eses obxectivos. Foron discutidos neste Parlamento, fóronlles explicados á sociedade galega, e, polo tanto, a partir de aí haberá que saber cal é o seu programa económico.

Preocúpame moito que o impulso económico dado a este país, e recuperando tendencias anteriores durante estes dous anos de impulso económico, poidese ser truncado se non se definen instrumentos; sábese calquera persoa. ¿Cales son os instrumentos que vostede quere poñer enriba da mesa ou publicar no DOG.? Non vale dicir que apostamos por unha reindustrialización, que é o que dixo antonte. Primeira pregunta: ¿Industrias de base ou bens de equipo? Segunda pregunta: ¿Interacción vertical ou economías de escala? ¿Industrialización endóxena ou de carácter exportadora? Conteste. Conteste ás preguntas, porque se non explico unha planificación industrial, a consecuencia clara é que caeremos en oasis industriais e comerciais ou nun encapsulamento territorial do que o noso país xa foi vítima hai anos, e, incluso, séculos.

Outra das preocupacións que existen hoxe no país. Vostede dixo antonte, con claridade, que non lle preocupa endebedarse. ¿Canto? ¿Para que? ¿Cales son os obxectivos? ¿Imos basear toda a nosa política económica e de investimentos na débeda pública? Porque a outra posición que vostede marcou hai dous días é protestar porque non está de

acordo cos fondos económicos procedentes de mecanismos de redistribución. Está ben protestar, está ben reclamar, pero non fuxamos do que son as propias responsabilidades, ni tampoco acudamos ó método máis fácil, que é o endebedamento, porque Galicia non está endebedada, e sábese moi ben, e os seus equipos contaríanlle a cantidade exacta de débeda pública emitida.

Vostede fala de que nada de intervencionismo económico. Díxoo claramente antonte e hoxe pola mañá: "non estamos polo intervencionismo". ¿Por que dixo antonte claramente que hai que buscar empresas públicas, por exemplo, de augas e servicio de portos se non estamos polo intervencionismo? E se o dixo, que non entro en se está ben ou está mal, ¿por que non o relaciona con algo que en política económica sería evidente? Tería que dicir se se vai facer, por exemplo, unha lei de taxas e precios públicos. Non está no seu programa, nin o un nin o outro.

En política económica non dixo nin deixou entrever se as concesións de incentivos van seguir ou non van seguir. A única que dixo que vai poñer en marcha, ¿non sabe que é incompatible coas directrices comunitarias? ¿Queremos ser xa primeiro obxecto dunha consulta obrigada e logo sanción? ¿Ou é que non nos imaxinamos novas fórmulas que poden existir? Pero como non existe programa de política económica ou aspecto de política económica, dificilmente a xente vai crer cal vai se--la súa política.

Son consciente de que é difícil aumenta--lo emprego. Son consciente diso, anque no ano 1989, é dicir, o pasado, o número de desempregados en Galicia baixou, e o incremento da poboación activa é un dato importante. Pero, ¿por que non explico cal vai se--lo plan de emprego, en base a que medidas, en que horizonte, en que liñas de actuación, conxugadas con que?

Horizonte: Europa 92. Palabras

moi bonitas. Pero a primeira pregunta é: ¿Como nos imos preparar cara ó 1992? ¿Que nos pode dicir? ¿En base a que sentido? ¿En que orientación? Hai un mercado único aí, todos o sabemos, vai haber unha serie de libertades, unha serie de supresión de barreiras. ¿Estamos preparados para iso? Supoño que si. ¿Como enfocaremos ese traxecto cara ó 1992? Estamos no ano 90, todo o mundo está suscitando ese problema, e vostede no seu discurso non dixo nin unha liña orientativa do que vai ser, agás competitividade. Pero a competitividade haberá que darlla por outras vías; ese é un obxectivo, digo eu. Haberá que saber cales son os instrumentos. ¿Competitividade para tódolos sectores?, ¿ou para aqueles ós que vostede fixo referencia? ¿Para tódalas zonas territoriais ou só para unhas cantas?

Tema de infraestructuras. Eu coidaba que era unha das grandes tarefas, pero para todos, señor candidato, non para uns poucos. ¿Sabe vostede que nestes momentos existe un plan de autovías?, ¿acéptao ou non o acepta?, ¿está de acordo con el ou non está de acordo con el? O tema do gas natural, ¿acéptao ou non o acepta? O tema das obras hidráulicas, ¿acéptao ou non o acepta? O plan de vivendas ¿acéptao ou non o acepta? O plan de portos, ¿acéptao ou non acepta? Están aí, e sábeno os seus compañeiros de grupo, e foi obxecto de entrega a esas comisións de transferencia de poderes. O que a xente quere saber é se se acepta ou non se acepta, e así poder saber exactamente cal é o deseño, cal é o futuro deste país.

Conclusión desa política económica. Moi fácil: "laissez faire, laissez passer". Que o mercado o resolva todo. Non estamos de acordo. Significa que gañan os máis grandes e perden os que non teñen nada. E nunca haberá mobilidade social ascendente; nunca a xente con menos recursos poderá ser competitiva. Vaise traballar para uns poucos e non para a maioría. Evidentemente se esa é a conclusión dunha

política económica, coa que eu non estou de acordo, para Galicia non é nada beneficiosa.

O máis importante do seu discurso ou programa, señor candidato, son as lagoas. Non quero insistir —xa o fixeron outros grupos— no tema da muller. Se vostede di, tal como respostou, que é moi importante enriba da cabeza, pois, ¿que quere que lle diga? Pero aínda que ese tema é fundamental non quero insistir. Interésanme resaltar outras lagoas.

Hai unha xente moi preocupada no día de hoxe, porque antonte vostede nin a citou, nin lles dixo absolutamente nada; son os mariscadores. No discurso non é suficiente dicir: flota industrial conxeladora. Non. Hai que dicir: competencias exclusivas, responsabilidades exclusivas do seu futuro Goberno. Sector marisqueiro. ¿Que lexislación vai aplicar?, ¿que programa?, ¿que actitudes?, ¿que talante? A flota artesanal tampoco foi citada, ¿están esquecidos? Plan de salvamento e seguridade no mar, ¿esquecido? Chabolismo, ¿esquecido? Vivenda rural, ¿esquecida? O PERGA para a electrificación rural de Galicia, ¿tampoco existe para vostede?

E o resto das cuestións que vostede quería salienta, moitas delas xa están feitas. Como o Plan de estradas, o Plan de portos. Mapa escolar, a Comisión de titulacións da Universidade, o Plan hidrolóxico, o Plan do solo e vivenda, aspectos da Lei de comercio. Pero xa que hoxe pola mañá citou unha cuestión que lle interesa moito, como a Biblioteca Nacional de Galicia, di-reille que xa está asinado o convenio entre o Ministerio de Cultura, o Concello de Santiago e maila Consellería de Cultura, que levou consigo a cesión por parte do Concello do edificio anexo ó Cuártel do Hórreo para a adxudicación da Hemeroteca e da Biblioteca Nacional de Galicia, proxecto entregado xa pola Consellería ós arquitectos Baltar Bartolomé e Almuíña, e que se atopa

en fase de adxudicación polo Ministerio de Cultura por valor de 112.406.843 pesetas. Esta é outra das cuestións que vostede mesmo quixo marcar como obxectivos do seu programa, pero, evidentemente, son repeticións ou, mellor dito, son garantías de que a xestión do meu Goberno foi eficaz.

Reforma da Administración autonómica. Preocupan varios temas. Explíqueme vostede como articula parroquia, municipio, comarca e provincia. E o que a xente quere saber. Comarcalización. Crea unha Comisión de técnicos, ¿quen adopta a decisión política?

E en canto ó diálogo, tódolos partidos somos dialogantes, tódolos partidos estamos polo diálogo constructivo, pero cando vostede teña enriba da mesa os programas, porque ata agora o que fixo vostede neste discurso é un fraude. Prometeu a redución de consellerías, e dá a impresión de que non é certo. Prometeu un Goberno independente e técnico, e dá a impresión de que non é certo. Prometeu unha solución ós incendios forestais, e non dixo nada, non é certo. Prometeu unha solución para os augardenteiros, e non é certo. A xente xa empeza a crer que non é certo nada.

Moitas gracias.

(Aplausos na sala).

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor González Laxe.

Ten a palabra o señor candidato.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, a verdade é que non me podo sorprender de que o señor Laxe encontre lagoas e erros no noso discurso indefinido, tópico e superficial.

Di que non falamos dos desafíos dos anos 90. Eu coido que esta non

é unha conferencia académica, pero xustamente falei deles con bastante precisión. Eu teño razóns para pensar que, quizais, o señor Laxe non tivo tempo de le--lo meu discurso e que, quizais, estivo demasiado preocupado non por sabe--lo que eu dicía, senón por adiviñar iso que el di que se agachaba detrás del, e que por certo non nos explicou.

Teño que dicir que, en efecto, o modelo fundamental do seu discurso e do noso é diferente, é natural. Di que nós queremos depoñe--la nosa responsabilidade na sociedade. Non é iso. Esa é xustamente a diferencia que hai entre a nosa visión e unha socialista; que por certo observo que non foi unha palabra usada polo señor Laxe, porque, en efecto, non é unha palabra que estea precisamente de moda ou acreditada na Europa de hoxe. Pero o que é verdade é que son dúas concepcións distintas do home e da sociedade.

Unha supón que a función dos gobernantes é face--las cousas e imponerllas de modo intervencionista á sociedade, evidentemente de xeitos diferentes nuns socialismos e noutros.

E outros cremos que a función dun Goberno non é o famoso "laissez faire, laissez passer", é crea--las condicións nas cales todo o mundo poida traballar, poida render, poida encontrar base á súa iniciativa e ó seu mérito. Iso non quere dicir que nós renunciemos á nosa responsabilidade. ¿Pero onde cre, o señor Laxe, que viven mellor os traballadores: nos Estados Unidos, na Alemaña, no Xapón, ou nos países socialistas? Debo dicir que neste momento non parece que haxa dúbida de ningunha clase de onde se atopan as unhas e as outras posibilidades.

O señor Laxe di que eu esquezo que a Autonomía xa ten dúas lexislaturas. ¡A quen llo vai contar! Foi hai dous anos nunha famosa moción de censura, que, segundo se dixo, contaba con tódalas aprobacións e toda a simpatía da socieda-



de galega, cando se fixo unha paréntese. Unha paréntese que me atrevo a dicir de dous anos bastantes perdidos. Pero, en efecto, a Autonomía ten xa dúas lexislaturas. Non somos nós os que o esquecemos. E somos nós os que afirmámo--lo principio da continuidade, da continuidade de Galicia. E debo dicir, a moita honra, que iso inclúe canto teñan feito do bo --que hai que estudar, naturalmente-- os nosos predecesores no Goberno que vén de rematar, e que vén de rematar, evidentemente, cunha decisión moi clara, moi determinante e moi precisa do pobo galego en canto ó xuício que fixo sobre el.

Comprendo perfectamente que a súa visión sexa diferente da nosa, que pense que todo ou case todo está ben feito, que os seus programas estiveron cheos de bo sentido, e que o seu discurso, que o teño aquí, estaba cheo de cifras e de precisións presupostarias. Pero eu teño que confesar que non as puiden encontrar. Repito: o xuício sobre esa xestión de Goberno está feito xa e non foi certamente porque non dedicasen propaganda electoral, como xa dixemos no seu día, a inauguracións interminables, reais ou finxidas, a promesas de obras as veces con talóns bancarios por diante, que espero que se rematarán. Pero parece que esa mensaxe non estivo suficientemente apoiada polos feitos. Polo tanto, non falemos do que está feito xa. E permítame, señor Laxe, que eu crea que non estamos aquí para examinarnos do que non se fixo en gobernos anteriores.

Eu teño que dicir que o máis importante destes dous anos é a perda de posición relativa de Galicia con respecto ó total nacional. Voume referir a datos difíciles, evidentemente, de discutir. Son datos da contabilidade nacional. Resulta que o PIB á fin do 88 en Galicia, con referencia ó PIB base do 80, se situaba en 116,5 e o do conxunto de España en 125, é dicir, para Galicia é catro puntos menos. O que significa un menor dinamismo

relativo de Galicia, e o que é máis grave se se pensa na situación de partida, que era inferior.

O grupo formado por equipos de investigación das quince universidades españolas, en colaboración co Centro de Producción Económica de España, indica que a participación de Galicia no PIB de España creceu ata o ano 87, precisamente ata o ano 87. Situouse nun 6,20%, e baixou despois a 6,15% no 89. Esta tendencia confirma a evolución de diversos indicadores económicos. Un dos máis importantes é, evidentemente, a renda per cápita. No período 85--87 a renda per cápita de Galicia crece máis de présa cá media española; 9,56% en Galicia, en España, 6,39%. Pero no 88--89 reduciuse a situación avantaxosa anterior, Galicia creceu só 7,92%, practicamente o nivel de España. Quere dicir que como imos por debaixo temos reducida notablemente a situación.

O señor Laxe di que no noso discurso non hai unha visión do país. Eu penso que é todo o contrario. Penso que por primeira vez un programa completo está a ser discutido nesta Cámara, e, como xa dixemos, nas discusións parlamentarias esta Cámara vai participar na formulación dos proxectos de lei.

El di que hai que articular a sociedade e que nós só falamos dos empresarios. Non é verdade. O noso programa, o meu discuso, está cheo de referencias ás cooperativas, ás confrarías de pescadores, tan esquecidas nesta última xestión, e por suposto ós sindicatos e á concertación social. ¡E claro está que respetamos e traballaremos a fondo co Consello de Relacións Laborais!

Fala de desequilibrios internos. Non se trata doutra cousa no noso programa. Cando falamos da ordenación do territorio, cando falamos da industrialización, nós queremos reducir esas diferencias. Agora non me fale, por favor --e é un bo instrumento se se usa ben--, do Fondo de Cooperación Local. Non

serviu para reducir, senón para aumentar--las diferencias entre os concellos segundo da obediencia política que fosen. Teño aquí as estadísticas, e se quere saber canto recibiu Monterroso, e canto recibiron outros concellos da provincia de Lugo, pódolle dar tódolos datos, aínda que xa os coñece perfectamente. Con nós non haberá dúas Galicia: unha dos nosos amigos e outra dos adversarios; haberá una soa. Precisamente por iso, cando falemos de diferencias non as crearemos por razóns políticas, por clientelismos electorais; intentaremos igualar, iso si, por arriba e non por debaixo.

Di que nós cando falamos de servizos sociais falamos de privatización. Eu creo nas privatizacións e creo que o lugar da empresa pública debe ser relativamente limitado, pero ten o seu sitio. Eu penso que os paradores de turismo son exemplo dunha boa empresa pública, e hai outras que funcionan moi mal. Por certo, eu non pechei o parador de turismo de Portomarín, que pensamos reabrir.

Pois ben, nós non falamos de privatización dos servizos sociais. Dicimos que é un erro te--la competencia exclusiva dos mesmos na Xunta. Precisamente --despois falaremos máis amplamente dos concellos-- son os concellos e son as deputacións os que deben te--la colaboración da Xunta e a inspección para prestar mellores servizos. ¿Como sabe a Xunta, sen ter uns custos tremendos de persoal, onde hai un neno minusválido ou onde hai unha muller vella que está soa na casa e non se pode valer? Iso teno que sabe--lo Concello máis próximo. Pero eu non falei de privatización, si de concertos con institucións relixiosas, privadas e de todas clases.

Fálase --e isto xa se mencionou na campaña con pouco éxito-- de que nós imos en contra dun clima conciliador, que imos producir crispación social. Eu creo que xa desde toda a campaña, desde a noite do

17, se hai algo que nós fixemos é ofrecer diálogo, ofrecer concertación, reunimos con tódolos colectivos. E unha vez máis digo nesta Cámara: crisparán outros, crearán outros a sospeita, pero nós non. Porque nós non cremos na doutrina de loita de clases, nós non cremos nesos controladores sociais, nós cremos na espontaneidade social e no dereito de todos a participar nas súas solucións sociais.

Outro tópico dos que xa figuraron na campaña é a famosa cuestión das deputacións provinciais. No noso programa, e moi claramente no meu discurso, asumímo--la totalidade dos preceptos do Estatuto sobre a organización xurídico--administrativa do noso territorio. O que quere dicir é que --e non será unha tarefa fácil-- temos que articular algo que vai desde a parroquia rural, ou desde os barrios ou distritos urbanos, ou desde as zonas metropolitanas, saltando ó nivel dos concellos, saltando ó nivel das comarcas, pasando a nivel provincial, continuando polo nivel autonómico, seguindo polo do Estado e, finalmente, polo nivel europeo. Se hai alguén que teña conciencia diso somos nós, e creo que no noso programa ese punto está claro.

Pero quérese dar a entender que nós estamos enfeudados ás deputacións provinciais. Voulle dicir unha cousa. Eu fun durante moitos anos modesto profesor de dereito político e de historia constitucional. Cando nas Cortes de Cádiz se crearon as deputacións provinciais foi un progreso sensacional. Hai que recordar que naquel momento as distancias e as condicións de España eran outras; provincias como a de Sevilla ou a de Badaxoz eran moito máis grandes cás actuais rexións autonómicas. A de Sevilla foi a primeira Deputación Provincial --Sevilla era aínda máis rica ca Barcelona-- que estableceu en España servizos modernos, como por exemplo o de estadística, que non existía a nivel estatal. Foi Fores de Estrada, un grande economista asturiano, o que creou para a Depu-

tación de Sevilla un primeiro servizo serio de estadística económica e social.

E pódese ler nos libros daquel tempo que as deputacións eran consideradas polos centralistas, polos unitaristas a ultranza, como unha especie de sistema federal que destruía as posibilidades do Goberno nacional, que impedía a unidade nacional. Evidentemente, despois foron moitos os que tamén, cun certo tópicos, reproduciron a idea de que eran instrumentos do centralismo. Non o son, e debo dicir que hoxe o intento nalgunha rexión de suprimir--las provincias, ou de converter catro provincias en unha, non me parece que vaia na boa dirección das autonomías construídas de abaixo arriba, senón nun sentido de novo centralismo. Un centralismo en Barcelona, ou en Santiago de Compostela, pode ser tan perigoso coma o de Madrid, ou máis. Porque teño entendido que, nalgúns casos, hoxe os expedientes tardan máis en ir e volver dunha provincia galega que tardaban antes en ir e volver a Madrid.

Polo tanto, as deputacións respetan os lexítimos dereitos e intereses de ourensáns, lucenses, pontevedreses ou coruñeses, que son diferentes, porque resulta que o mar non chega a Ourense, e, por outra parte, outros problemas tamén son diferentes á hora de verdade.

Por conseguinte, a pregunta é, ¿respetar a lei de coordinación? ¡Absolutamente! Pero entendida como tal, como lei de coordinación. O que non quere dicir, naturalmente, que esa lei non se poida e se deba mellorar. Pero de ningunha maneira estou pola supresión artificial das deputacións, que levan máis de un século funcionando, e que son, hoxe, utilísimos instrumentos. O que si é verdade é que xa ofrecín no meu discurso unha primeira Comisión técnica, que despois, naturalmente, a imos discutir aquí, para ver como debe quedar--la distribución de competencias. E posible que creada esa comarca e a parroquia

faga falta levar alí funcións que ten o Concello; é posible que unha vez organizada toda a escala, cousas que fan as deputacións as deba face--la Xunta, ou ó contrario.

Desde logo, si lle podo dicir que os concellos non están en perigo. Eu creo que habería que usar con moita moderación ese tipo de frase: "La patria está en peligro", que foi o chamamento do Alcalde de Móstoles. Eu creo que non estamos neses tempos. Se hai algo que nós teñamos claro é xustamente que os concellos, os municipios, son peza esencial da articulación da nosa sociedade.

A acusación máis reiterada é que non hai política económica. Moi ben, pode ser que non haxa a política económica que defende o señor Laxe. Non vou entrar niso; a nosa aí está. Pero creo que podo contestar ás súas preguntas con enorme facilidade, por exemplo ó PDR. Por certo que o incluíu entre unha serie de documentos ou acordos que foron discutidos neste Parlamento. O Plan de desenvolvemento rexional nunca foi debatido neste Parlamento. E debo dicir que se pode entender algunha explicación de que o ter que corre--los prazos, sempre apretados da Comunidade Económica Europea, o primeiro PDR se tivese que facer con algunha présa. Pero eu penso que foi con demasiada. Galicia figura nel con menos fondos ca Murcia, e creo que coa terceira parte que Castela--La Mancha; certamente non saíu beneficiada.

Eu estes días estiven traballando a fondo nese documento. ¡Claro que o respetamos! Pero de acordo cos regulamentos europeos --e non lle vou explicar ó señor Laxe que pasei dous anos estudiándoo e traballando a fondo nos mesmos--, sen dúbida ningunha, é posible melloralo, e témolo que facer. Eu aí son moito máis partidario da defensa das autonomías, e creo que un Plan de desenvolvemento rexional, feito como simple arbitraxe en Madrid, sen participación das rexións na súa formulación, porque en

verdade non a tiveron e tampouco na súa execución, é un erro fundamental. Estes días, xustamente, discutindo cuns amigos portugueses, estábamos convencidos de que os problemas na raia do Miño son diferentes ós da raia do Guadiana. E se as rexións respectivas non teñen participación no desenvolvemento dese PDR, non se poderá facer nada. Xa dixen que son o primeiro partidario do plan transfonteirizo.

¡Que lle vou dicir do Plan da agricultura de montaña! Soamente unha cousa, que non se utilizaron os seus recursos suficientemente nin a tempo, e a consecuencia disto Galicia, que ten tantos municipios clasificados no mesmo, perdeu recursos importantes, como se perderon meses e anos na apertura da Escola, que só se abriu para as eleccións, por exemplo, de Agricultura de Alta Montaña en Becerreá. E así sucesivamente, co financiamento xeral, co saneamento gandeiro e con tódolos demais problemas. ¡Claro que os imos continuar, que os imos mellorar, e que o imos facer sen présas electorais!

Pregúntame polos grandes criterios da política de industrialización. Evidentemente, hai un criterio que está moi claro no noso programa. Hoxe en Galicia esta política tense que facer baseada no potencial endógeno. Galicia segue a exportar materias primeiras, Galicia segue mandando o seu leite, a súa carne e moitas outras cousas sen elaborar. Temos recursos mineiros e moitos outros que están no mesmo caso. Polo tanto, o criterio fundamental será baseala no potencial endógeno; defender en primeiro lugar a pequena e mediana empresa, que é xustamente a que pode levar a máis partes de Galicia os beneficios da industrialización sen acabar de concentrar na costa. Hoxe máis do 60% dos galegos viven nunha franxa de 10 quilómetros preto da nosa marabillosa costa, o que é excesivo desde tódolos puntos de vista.

Calquera que percorra Holanda

ou Finlandia --non é só Baviera-- pode ver unha situación moi diferente.

Finalmente, será criterio fundamental a intensidade no uso da man de obra. Porque, efectivamente, en Galicia despois da primeira desindustrialización, cando empezabamos a erguernos un pouco sobre o nivel tradicional de defecto nesta materia, o plan salvaxe destruíu discriminatoriamente a nosa industria naval, a nosa siderurxia, e hoxe temos que ser especialmente insistentes neste criterio.

Outro criterio será a produtividade. Outro será a calidade dos produtos galegos. ¿Por que? Porque, en efecto, non pode haber política de industrialización que non pense na exportación, que hoxe é o criterio fundamental. E á vista está. ¿Que foi de países que quixeron crear industrias de substitución? Todos fracasaron. ¿Que foi dos países, como os famosos dragóns do pacífico, que se montaron para a exportación? Saíron a adiante dun punto de partida moito máis negativo có noso.

Fálase de endebedamento. Eu falei o outro día moi extensamente de criterios de financiamento. Expuxen claramente os nosos criterios sobre a necesaria reforma do Fondo de Compensación Interterritorial. Expuxen claramente como o sistema provisional que terminou no 86, e o que o substituíu despois, que aínda favoreceu máis as rexións máis ricas, debe e pode ser reformado. Entrementes, soamente para investimentos está claro que nós iremos a un endebedamento que, como é natural, cando deamos estudiado a herdanza que recibimos dos señores que nos precederon, poñeremos en cifras.

Nós non estamos --xa o dixen antes-- polas sociedades públicas, pero si polas de coordinación. ¿E que os portos son sociedades privadas? ¿E que as augas en Galicia están en mans privadas? Trátase de ver como se coordena todo iso, porque hoxe non é o momento. E ben vi-

mos neste dramático verán o que pode se--la escaseza de auga en Galicia, e o que pode ser que cidades como Ferrol e outras se encontrasen sen auga ó lado de grandes masas hidrolóxicas.

¿Incentivos? ¡Claro que van continuar! Pero dunha maneira selectiva, cun estudio serio e buscando, naturalmente, aqueles lugares nos cales a rendabilidade da produción a medio e longo prazo sexa máis importante, non indo de présa a salvar, como se fixo ultimamente, empresas claramente crebadas cun diñeiro que se perde.

Plan de emprego. Nós faremos un plan de emprego xuvenil. Pero nós cremos que o plan xeral de emprego non ten máis ca un criterio --xa o expliquei--, que é o crecemento económico. Se non hai crecemento económico, non será posible ningún plan de emprego, só máis burocracia.

Europa 92. Pode imaxina--lo señor Laxe que é un tema sobre o cal algo levo meditado. Debo dicir que será a miña preocupación e a do noso Goberno ocuparnos especialmente deste problema. Reforza--la ultimamente algo decaída participación de Galicia en tódalas grandes organizacións existentes, sexan as que dependen do Consello de Europa, Asemblea das rexións, o CEDRE, a Conferencia de rexións periféricas e marítimas, a Asociación de rexións fronteirizas, o Consello de poderes rexionais e locais, pero sobre todo, naturalmente, naquelas que se refiren á Comunidade Económica Europea. E o noso propósito potencia--la presenza de Galicia nos órganos de dirección das diferentes organizacións.

E o noso propósito aproveitar tódalas ocasións para establecer acordos de cooperación con rexións, como as portuguesas do norte, nas que nos unan intereses comúns. Debo dicir que imos tentar inmediatamente falar seriamente co Goberno nacional para, mediante unha lei orgánica, ou mediante un tratado de habilitación --dúas fórmulas que

son posibles, e algunha delas xa se usou en Francia polo menos para a ordenación do territorio--, tratar de facer posible unha participación directa desas rexións, porque se non seguiremos a facer consellos, simposios e outras reunións sen ningún resultado.

Finalmente, debo dicir que neste momento, por todo isto, Galicia está decidida a participar na toma de decisións en relación con estas cuestións. Xa digo, polo camiño da lei orgánica ou do convenio, imos intentar persuadir ó Goberno da nación para que nos dea os medios.

Pero, naturalmente, como di o señor Laxe, ademais diso temos que sabe--lo que imos facer. Eu podo dicir que está contestado xa. Se nós movémo--lo noso potencial endógeno, se nós somos quen de crear unha confianza en Galicia, que faga que ese cerca do 50% do noso aforro que vai fóra se reinvista en Galicia, se nós, realmente, encontramos un clima de diálogo, sexa cos empresarios, sexa cos sindicatos, sexa con tódalas organizacións de produtores, inmediatamente a situación se aclarará por si soa, porque non hai nin fórmulas burocráticas nin máxicas, é unha economía que serve.

Infraestructuras para todos --dicía o señor Laxe-- e non para uns poucos. ¡Naturalmente! Non creo que ninguén o poida pensar, aínda que hai algúns paisanos que pensan que se o camiño chega á súa casa xa está resolto o problema da parroquia. Pero iso non nos quere comprometer coas decisións sobre autovías e portos, simplemente porque non son boas, porque non son suficientes; ímolas ampliar, ímolas continuar, imolo discutir. Por iso eu convidei a tódalas forzas políticas desta Cámara a que vexamos estes grandes problemas da conexión coa Meseta, da conexión con Europa, pesando todos xuntos no mesmo lado. Isto, señor Laxe, ten pouco que ver cos famosos principios de "laissez faire e laissez passer".

Mariscadores. Creo que despois de ofrece--lo famoso plan de ordeñación que nunca se cumpriu, despois de prometer que non se darían novas concesións ata velo feito, e nos últimos días cando xa eran Goberno en funcións por todas partes apareceron, me parece que falar deste asunto revela seguramente un certo senso de humor negro que, quizais, sería mellor ter esquecer. Pero si lle podo dicir que, en efecto, todos eses problemas que mencionou serán estudados a fondo, e para iso traemos un Conselleiro de Pesca de primeira magnitude, e gran coñecedor dos problemas.

¡Claro que levaremos a adiante as decisións do Parlamento sobre chabolismo e vivenda rural!

Pero, en definitiva, señor Presidente, señorías, creo que, ben ó contrario do que se dixo, por primeira vez un partido político, unha coalición neste caso, foi quen de se comprometer cun programa de minucia e detalle.

O froito de máis dun ano de traballo está sintetizado no meu discurso, á súa vez resume dos documentos que aí están impresos. O Partido Popular e Centristas de Galicia articularán tódalas accións, que enunciei no meu discurso, nun plan de desenvolvemento económico e social de Galicia, que lle presentaremos, se Deus o quere, a esta Cámara antes da fin do ano 90.

Con carácter inmediato, o noso Goberno afrontará as decisións prioritarias que terán por natura ir ó desenvolvemento inmediato xeral, ou de planificación sectorial. E no primeiro aspecto, con carácter inmediato, poñeremos a anda--la reforma administrativa, coa promulgación dos decretos que regularán a desconcentración na xestión de convenios, a desconcentración de subvencións e a creación da Comisión de racionalización administrativa. A este seguirá outro, creando a Comisión central e as comisións provinciais de incentivos ó investimento para coordena--la política

subvencionadora das consellerías. Serán igualmente inmediatos os decretos sobre o Mapa sanitario e a súa reforma, sobre atención ás drogodependencias, á creación da Comisión de comercialización e ás medidas urxentes en materia de prevención de incendios forestais.

No aspecto da planificación, destacarei ante esta Cámara a aprobación --así o espero co seu consentimento-- durante o ano 90 dos seguintes plans cuadrienais: Plan da vivenda e do solo; Plan de desenvolvemento da formación técnico--profesional; Plan de expansión universitaria de Galicia; Plan de concentración parcelaria; Plan de renovación da flota galega; Plan de acuicultura; Plan de ordenación da plataforma pesqueira de Galicia; Plan de apoio ás organizacións de produtores e confrarías de pescadores.

Podería sinalar, finalmente, a presentación tamén durante o ano 90, dos grandes proxectos de lei sobre réxime xurídico e procedemento da Administración da Comunidade Autónoma; sobre modificación da Lei de xestión económica e financeira pública de Galicia; Lei de contratos de Galicia, e aqueloutros sectoriais como o Servicio Galego de Saúde; o Plan de estradas de Galicia; a Lei de ordenación do territorio de Galicia; a Lei de portos; a xestión e desenvolvemento hidráulico; o equipamento do medio rural e a socialización; a Lei do voluntariado social; a reforma da Comisión de investigación científica e técnica de Galicia; a creación dos institutos de investigación aplicada de Galicia; a Lei do deporte --á cal presentamos unha proposición de lei--, que é estrictamente necesaria; a Lei de espazos protexidos, etc.

Con isto quero dicir que o noso Goberno pretende sentar no primeiro ano da súa actuación as liñas básicas para completar, ata onde sexa posible, a súa execución no período ó que se estenderá, en principio, a nosa acción de Goberno.

Non falo, mentres non estean feitas as transferencias, do INSA-LUD e do Instituto Social da Mariña, pero si digo que nós teremos iso como acción prioritaria.

Señor Laxe, vostede é moi dono de crer ou non nestes propósitos. Eu formúloos ante esta Cámara con plena conciencia da miña responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor candidato.

Dada a marcha do debate, anuncio que a votación terá lugar ás sete horas e trinta minutos, agás que o desenvolvemento do debate impuxese outra cousa.

Para unha rolda de réplica ten a palabra, por un tempo de dez minutos, o señor González Laxe.

O señor GONZALEZ LAXE: Señor Presidente, señorías, señor candidato, ás veces colleu malos exemplos, porque utiliza--la perda de posición relativa de Galicia economicamente, segundo os datos que vostede deu, non é máis ca unha posición relativa; a min gustaríame falar de posicións absolutas. No ano 86 eu non gobernaba, e Galicia medraba o 1,9%, e España o 4,1%. No ano 1988 eu gobernaba este país, e Galicia medraba o 5%, e España o 5,1%. Polo tanto, habería que busca--los incrementos absolutos, e non relativos, neses dous períodos para poder saber se un país avanza ou retrocede. Porque para o relativo en economía sabe moi ben o señor Fraga aquilo do polo: se reparte ou non se reparte, e hai quen leva a mellor tallada, e quen leva a parte máis cativa. O final todos consúmen polo, pero un come unha parte, a boa, e outro queda coas ganas. Polo tanto, a relativización da economía é bastante complicada.

Vostede dicía que estes anos precedentes foron malos. Poden ser malos, tamén poden ser bos; e tamén puideron servir para impulsa--lo país, porque Galicia tiña máis de

200.000 parados, e eu non gobernaba este país. Pero a finais do 89 había preto de 180.000, houbo un descenso progresivo do nivel de desemprego. Creo que tampouco é malo.

Con respecto ós outros datos que vostede dicía, en saneamento gandeiro, no ano 1986 foron saneadas 250.000 reses, eu non gobernaba; pero no ano 1989 foron saneadas 640.000, algo máis. No ano 1986 a concentración parcelaria chegaba a menos de 7.000 hectáreas, e agora chega a máis de 30.000 hectáreas. Polo tanto non vale a pena caer niso. Eu non quixen caer nesa fácil tentación de defende--la xestión dun goberno. A miña responsabilidade non me leva a seguir ese camiño. Lévame a segui--lo camiño e o vieiro de ter que emprazar ó candidato a Presidente de Galicia para que diga claramente cal vai se--la súa xestión e o seu programa. Nunca quixen poñer no disparadeiro ós que tiveron a responsabilidade de gobernar un país. Estou convencido de que fixeron o mellor posible, o que puideron facer. Pero evidentemente cando un vai ser Presidente de Goberno dun país haberao que empezar para que explique con termos claros o que vai facer.

Tamén puxo mal exemplo respecto do programa de cooperación local. Dixo que preguntase a Monterroso. ¡Se Monterroso é maioría absoluta do Partido Popular! Polo tanto, vostede colleu un mal exemplo. Pero se está mirando para outros concellos, ¿é que Monterroso, por poñer un exemplo concreto, non está nunha bisbarra que vostede mesmo está dicindo que está subdesenvolvida, e que a había que apoiar?, ¿ou e que había que coller e dicir: "como é dun partido político distinto ó noso, non lle imos dar nada"? Puxo mal exemplo.

Puxo mal exemplo tamén no tema dos mariscadores. O futuro Conseilleiro de Pesca, se é certo o que din os medios de comunicación, é gran experto --como vostede di-- na pesca de conxelados, bacallaeiros, etc., e non tanto no tema do maris-

queo. Pero no tema do marisqueo hai lexislación e haina que cumprir. O que quero escoitar é que lle diga a toda a xente, do seu partido ou non, se están dispostos a cumprila legalidade; se vostede vai seguir sacando as bateas ilegais que hai aí; se vostede vai impedir, a través de tódolos medios e sancións, as posibilidades de que non haxa furtivismo. A Comisión de furtivismo foi outra das comisións importantes deste Parlamento. Estas son as cuestións que a xente quere saber.

En canto a outras cuestións de industrias, mire, non vale chegar aquí e dicir: vou facer todo o que me preguntan, vouno facer, vouno facer; o relatorio é moi sinxelo, ese é un discurso facilón. Coido que a vostede non lle interesan os discursos fáciles, porque perde credibilidade; se o pon fácil perde credibilidade, é moito mellor eleva-lo nivel, tratar de eleva-lo nivel. Pero cando se fala de industrialización é fácil, e dío calquera rapaz, dicir: potencial endógeno. ¡Pois claro que si! ¡Todo o mundo o sabe!

Fala da minería. Pregúntolle, por exemplo, tres cuestións importantes: Laboratorio de Metais Preciosos, ¿mantémolo ou non? Centro de Formación da Pizarra, ¿mantémolo ou non? Centro de Formación de Rocas Industriais, ¿mantémolo ou non? Aí saberemos se imos apoiar unha serie de teses, ou se pola contra imos desmontar absolutamente todas. Creo que a súa visión é cambiar todo, como se o anterior da historia deste país non existise, e vén vostede no ano 1990 a tratar de cambialo con esa morea de decretos, de plans e de leis. Moitos deles chegará o día, señor Fraga, que non serán nin leis nin plans, serán decretos. A historia vaime da-la razón de que ás veces un di que vai facer tantas leis que son simplemente decretos, ou outros que van facer non sei cantos plans que van ser ordes, ou decretos que resultan ser resolucións. Esa é a experiencia dun gobernante que sabe como

son as cuestións dunha xestión pública.

En último lugar, quero dicirlle algo importante. Non coido que sexa este o momento, e por iso non lle contesto a ese comentario como tampouco vostede me contestou a outros, de valorar e xustificar mocións de censura, gobernos, etc. Non é esa a cuestión. Non estamos debatendo a miña xestión como Presidente dun Goberno, nin a miña actitude como Portavoz do Grupo Socialista. O que si lle agradezo é que moitas das cousas que vostede quere facer nos próximos catro anos veñen avala-la xestión do meu grupo e do que foi o meu Goberno. Iso é verdade, a xente sábeo. Sabe que moitas das cousas que vostede díxo no discurso-programa de investidura están sendo para avaliar unha xestión precedente, que vostede non pode arrincar por máis que queira, a pesar das palabras que queira, e a pesar dos discursos que queira.

Unha última cuestión. De aquí ó 92, ano máxico, compromiso europeo, este país, con vostede ó fronte, dificilmente o poderá encarar con garantías de éxito, porque non lle escoitei nada do que significa para vostede o mercado único europeo, ou como lle vai explicar á xente como prepararse, que medidas hai que tomar. Os plans teñen un recurso moi fácil. López Rodó con el veñenme á cabeza tantos plans de desenvolvemento económico e social, tantos volumes aí escritos e non cumpridos, que vostede coñece, como os coñezo eu. Vostede coñeceos porque era máis novo, e eu porque tiven que estudar. Entón, sei que moitos dos plans alí deseñados non serviron para nada. ¡Oxalá que este país avance! ¡Oxalá que Galicia comece ou continúe a súa andadura! ¡Oxalá que vostede non defraude a un país!

Teño os meus respetos por todas aquelas persoas que queren construír un país. Un país non é exclusividade de ningún. Un país é de todos. Todos o construímos, cada un desde o seu posto: uns no Goberno e outros na oposición. Todos temos



ideas válidas. Lamento que ás veces moitas das ideas válidas que se deron nesta Cámara, vostede mesmo na primeira comparecencia xa as tirase pola borda e non as quixese escoller. Non se crea que é o máis sabio deste país. Moitos facemos país, moitos seguiremos a construí-lo país, e moitas veces nos veremos neste Parlamento discutindo temas para que o país siga avanzando, que non é exclusividade de ninguén, nin ninguén ten a panacea das solucións, e vostede tampouco é unha excepción neste caso. Non obstante, seguiremonos vendo aquí as caras, seguiremos discutindo para construír un país. O diálogo empezado está aí aberto, sempre e cando vostede, o seu grupo, o seu Goberno, teña os papeis enriba da mesa. Os nosos xa están depositados na mesa que dentro duns días será o seu lugar de traballo; xa llo dixen unha vez: aí lle quedan.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor González Laxe.

O señor candidato ten a palabra.

O señor FRAGA IRIBARNE: Señor Presidente, agradézolle ó señor González Laxe esa aceptación dun diálogo, que eu fun o primeiro en propoñer. Creo que, efectivamente, se nos últimos anos houbo unha posición de cambio polo cambio, de arrogancia no Goberno, de non aceptar emendas, de non aceptar proposicións de lei ou comisións de investigación nesta e noutras cámaras, non se pode dicir que fose da parte nosa.

Curioso é como cambian as cousas, porque hoxe se nos acusa a nós de cambio. Creo que esta palabra que se quixo elevar a mito, o famoso cambia--la vida, foi proposta precisamente polo grupo político do señor Laxe. Eu, en cambio, sempre defendín o concepto de reforma, porque hoxe inevitavelmente é natural nesta circunstancia.

Señor Laxe, véxoo enormemente conservador. Quere saber se tal ou cal creación do seu Goberno vai continuar. Eu pódolle dicir que xustamente o noso punto de vista é a reforma na continuidade. Pode estar tranquilo que todo aquilo que funcione, funcionando seguirá. O malo é que hai moitas cousas que non pasaron do papel, que non saíron das liñas do Diario Oficial de Galicia, e naturalmente esas ou ben se conservarán aplicándoas, ou ben se verá se neste momento responden ou non ás expectativas deseadas. Pero pode ter por certo que se hai algo que nós imos facer é manter todo o que sexa positivo.

Evidentemente as cifras de crecemento absoluto son falsas. Un rapaz sempre crece algo. O problema é saber se crece todo o que ten que crecer. Evidentemente o crecemento relativo co conxunto de España marca unha fisura. No 86--87 tiña unha tendencia, e outra no 88--89. Iso non se pode discutir. E como xa partiamos de abaixo, o resultado non é bo.

Evidentemente que se fixeron cousas, ¡que dúbida cabe! Pero o saneamento tivo os seus defectos, porque lle podó dicir que andei xa por moitos mercados e por moitas aldeas, e se hai algo do que se queixaban os meus paisanos da provincia de Lugo era da forma de facelo saneamento. A Xunta anterior aumentara dez veces os créditos para saneamento. E agora con persoas que non sempre coñecían ben Galicia, que non sempre sabían a maneira de ser, as teimas do paisano galego, sen control en moitos casos dos matadoiros, fíxose un número maior de recoñecementos. Se foi o que había que facer, naturalmente sempre se quere o mellor posible; eu iso non o discuto.

Pero, en fin, o señor Laxe tivo un éxito humorístico. Poñer Monterroso como exemplo do que se fixo por un municipio do Partido Popular, revela un sentido do humor profundo. E eu que creo que Galicia produce os mellores humoristas, pó-

ño desde agora á altura de Xulio Camba, de Fernández Flores, e de cantos hai. El sabe moi ben que eu non estou facendo humor neste momento.

Señor González Laxe, a Catoira, a Caldas e a Moraña, do PSOE, déronlle 309 millóns; a Pontecaldeas, Vila de Cruces e Silleda, pouco máis de millón e medio con cargo ó mesmo fondo. Os exemplos serían interminables. Pero eu tampouco quero continuar polo camiño dos malos exemplos. Creo que estamos non digo que condenados, pero si necesitados a entendernos, e téñolle que dicir que por nós non quedará. Vostedes teñen unha representación lexítima dunha parte importante da sociedade galega. Creo que a nosa, que non pretende ser mellor, e moito menos ser exclusiva, está obrigada ó diálogo, e así se fará, Deus mediante, e nós faremo--lo posible porque así sexa.

E pouco máis teño que dicir, señor Presidente, salvo que eu neste momento non penso nunca en mirar atrás. Foi esa autosatisfacción, esa convicción de que todo estaba feito e ben feito, o que me fixo formular algunhas cuestións en resposta ás súas preguntas.

Eu doume por emprazado, pero para dentro de catro anos. Neste momento soamente quero dicir como Lamas Carvajal: "Adiante, pois, galegos, traballando, sendo activos, nosa ha se--la gloria".

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Portomeño.

O señor VAZQUEZ PORTOMEÑO: Señor Presidente, señorías, señor candidato, este Parlamento recomezou a súa andadura, e xustamente nunha solemne sesión de investidura do Presidente da Xunta.

A min paréceme --e non me deu a idea o señor Nogueira, aínda que lle agradezo o seu saúdo-- que esta

é a ocasión para saudar cordialmente ás súas señorías como tributo obrigado a algo que nesta Cámara se practicou constantemente, que foi xustamente a cortesía parlamentaria. Creo que hoxe, a pesar dos pesares, e con algunha tentativa de excepción, non consumada --foi mera tentativa--, tamén se observou.

Pero tamén é ocasión, señorías, de resaltar que por primeira vez, e alguén xa o dixo, nesta Cámara existe maioría absoluta producida polas urnas o día 17 de decembro. A forza política que representa o Grupo Popular, integrado por dous partidos, o Partido Popular e Centristas de Galicia, acadou esa maioría absoluta, e esta circunstancia cualifica o debate, ou débéao cualificar.

Quería dicir que probablemente a única cuestión para debater era se o programa presentado polo señor candidato era ou non asumible. Se desde a óptica da aceptación popular era ou non o programa que convida neste momento a Galicia, ou pola contra desde as teses dos grupos da oposición este non era o programa que Galicia necesita.

Pero o certo é que o debate se foi por outras vías, e certamente ignorouse que nesta Cámara están perfectamente asignados os papeis: o Grupo Popular ten a responsabilidade de gobernar --isto é obvio--, e tódolos demais grupos conforman inicialmente a oposición. Isto dise sen arrogancia de ningunha clase, senón interpretando a vontade popular expresada o día 17 de decembro. Aínda que nós engadamos, desde ese espírito de diálogo que o candidato reiterativamente ofreceu e reclamou xeneralizadamente, que nos gustaría o esforzo común a prol dun país que está na encrucillada dos tempos, e que ten a obriga moral, co esforzo --insisto-- de todos, de acadar cotas de progreso, as mesmas cotas que hoxe teñen as rexións máis avanzadas de Europa, e de rachar definitivamente co seu illamento.

O debate, pois, señorías, unha

vez presentado o programa, é lóxico que suscitase contraposicións. Eu quixen sinala--los nosos respectivos papeis. Dunha banda está a obriga de construír; doutra banda está a obriga de opoñerse, á par que a obriga de ofrecer alternativas e a obriga de ofrece--lo mesmo diálogo reclamado polo señor candidato, que será o que guiará a actuación do Grupo Popular.

Pois ben, o certo é que esas discrepancias habían de xurdir, porque discrepantes son as nosas ideoloxías, discrepantes, consecuentemente os nosos programas, e discrepantes, incluso, os nosos talentos á hora de instrumenta--lo servicio a esta terra común, a esta terra de todos, que é Galicia; pero, en definitiva, discrepantes son os nosos talentos. Diso falaremos.

Quero dicir algo recordando o fino humor dun Portavoz, exhibido esta mesma mañá, que non o vou identificar; se el se autoidentifica dirá por que. Este Portavoz habitualmente carece de humor. Dá a sensación de que alguén lle fixo o discurso. Este Portavoz falara publicamente na prensa --as súas señorías probablemente o recorden-- de "Alicia no país das mil maravillas". Traicionouno a mente, e confundíuse co libro árabe das "Mil e unha noites", un libro de contos, ou o subconsciente freudiano lle xogou quizais unha mala pasada, e multiplicou a Alicia por mil, ou deixou Galicia e, como o libro das "Mil e unha noites", se marchou en dirección a oriente, e por iso o entendemos tan pouco.

Tamén hai algo máis que aquí tamén se citou, de xeito pexorativo e demostante: a palabra folclore. Eu non sei si quen a citou referíndose ós gaiteiros --que sen dúbida adornarán a toma de posesión do Presidente da Xunta-- sabe o seu significado. En inglés "folk" é pobo, e "lore" é saber, cultura popular, entronca coas nosas raíces e co noso saber. Supoño que o uso pexorativo de semellante palabra non era moi adecuado neste momento. Non

lle vou citar nin tan sequera para falar do noso folclore --que o podía facer--, a Curros, Rosalía, ou Pardo Bazán.

Señores da Coruña, auspiciouse a creación da Sociedade do Folclore Galego hai un século aproximadamente. Pero tamén alguén lonxano, que falaba a lingua castelá, expresou poeticamente os seus sentimentos falando das nosas gaitas. Refírome ó nicaraguano Rubén Darío, cando acabou o seu poema dicindo: "Gaita galaica, sabes cantar lo que profundo y dulce nos es".

O señor Portavoz que se refería ó folclore, ós gaiteiros --a quen eu publicamente lle agradezo a súa presenza, pois non cabe dúbida de que vén solemnizar un acto de por si xa solemne e transcendente--, quero dicirlle que quizais sexa o momento de retirar aquelas expresións pexorativas e dedicarnos ó que é verdadeiro concurso.

En canto a talentos, nós non nos sentimos donos exclusivos da verdade. Isto díxoo reiterativamente o señor candidato. Tamén insistiu en que nós non nos cremos dogmáticos e por iso non entendemos de ningún xeito --e que se sinta aludido o que queira sentirse aludido-- que se nos fale exclusivamente no nome do pobo e que excluintemente se citen "camadas populares" ou "clases populares", como se os expertos de 600.000 cidadáns galegos que votaron o Grupo Popular non fosen pobo de Galicia, e certamente a máis grande parte da que acudiu ás urnas ese día do xuício definitivo, que foi o 17 de decembro.

O Grupo Popular asume e defenderá, evidentemente, a mensaxe do señor Presidente, que non é outra --insisto unha vez máis-- cá do diálogo, o talante dialogante e o esforzo común a prol desta terra.

Tamén o Grupo Popular asume que a súa política non teña máis norte có servicio ó interese común de Galicia. E desde a renovación e o espírito necesario para conquistar

esas cotas de poder que nos homoloquen coas rexións ricas de Europa, nós queremos afirmar que esa política, conforme dixo o señor candidato no seu discurso, se vai inserir nun cadro onde os tradicionais e renacidos valores da liberdade, creatividade, responsabilidade, dignidade e sentido da soliedariedade imperen como guía da nosa conducta política.

Digamos, en definitiva, que se trata dunha política que probablemente alguén non entendeu ou non quixo entender, presidida por unha fonda concepción autonomista, que ten a súa raíz na singularidade da nosa historia, da nosa cultura e do espírito que formaron esta rexia Galicia seria e laboriosa á que nos sentimos orgullosos de pertencer.

Por todas estas razóns non podemos entende--lo negativismo da crítica descalificadora que algúns manifestaron. Entendémolas léxítimas discrepancias nunha sociedade plural como a nosa e que queremos que sexa plural. Pero tamén dicimos que o noso programa foi o asumido, e que fronte a esas discrepancias esgrimidas respecto do noso programa se alzaron eses preto de 600.000 votantes galegos, que polo tanto están en discrepancia coas teses aquí mantidas en contraposición ó discurso do candidato.

Como resume desta parte inicial da miña intervención direi que, polo tanto, non nos valen as prédicas nacionalistas que alguén esgrimiu desde esta tribuna. Porque o certo é que nin tan sequera responden ás máis descafeinadas concepcións autonomistas. E o certo é que os seus autores ou predicadores téñennos empuxado a pactos que, á hora da verdade, ningún resultado positivo produciron para os intereses xerais deste país. Válenos, pola contra, os propósitos do señor candidato de leva--la Autonomía ata os últimos límites nunha interpretación extensiva da Constitución e do Estatuto de autonomía, e na procura --e non se nos diga que non existe política económica-- desa autonomía finan-

ceira, que é o único xeito de avala--las ansias de autonomía política que este país sente e que no noso programa están encarnadas.

Respecto deses nacionalistas lembramos con tristeza ocasións perdidas e iniciativas rexeitadas, que nesta Cámara non tiveron máis finalidade, señorías, que acadar--las transferencias que léxítimamente lle corresponden a Galicia, incluso nunha interpretación mínima dos textos constitucionais e estatutarios, ou logra--la ruptura dese illamento sempiterno desta Fisterra española e europea, mediante a construción desas vías de unión coa Meseta e de enlace coa rede europea. A negativa a esas iniciativas nosas, e dalgún outro Portavoz da oposición, resúltanos algo absolutamente incomprendible. Por iso lamentamos con tristeza que se perdesse tamaño tempo nese rexeitamento que fronte ás mesmas se pronunciou.

En segundo lugar, quero dicir que o candidato, desde a altura dunha ben definida e transcendente postura política, nestes momentos en que bulen nalgúns grupos confusas teimas, expuxo a súa concepción da definitiva e irreversible autoidentificación, que vincula e dá sentido á convivencia dos galegos. Nela cremos. Por iso non nos valen os afáns de autodeterminación ou independentismo que se queren predicar, illantes e anacrónicos nesta Europa onde se desvaen as fronteiras políticas, onde van desaparece--las fronteiras económicas, e na que non rexen xa as fronteiras culturais.

Sentímonos orgullosos da Europa común, da España común. Queremos participar nesta Europa occidental de progreso, querémola solidariedade, e necesitamos, ademais, a solidariedade desa España e desa Europa. Xa nos dixo Castelao, aquí tantas veces invocado: "Non se trata de adoptar unha postura política baseada no egoísmo picaresco, porque queremos salva--los intereses de Galicia sen desentendernos do interese de España". Probablemente

esta parte algúns non a leron.

Tampouco nos valen os agoreiros ou eternos examinadores dos demais; ó mellor, incluso, en ocasións ata nos divirten. Hai catro anos, non desde a crítica política, senón desde o puro afán de examinar, un examinador examinou a un candidato, e suspendeuno. Nessa ocasión deulle nota de PNN, e negoulle a de cate-drático. Quizais ese examinador, dedicado a tanto exame dos demais, non tiña tempo de examinarse a si mesmo. Quizais lle había que dicir aquilo de: "médico, cúrate a ti mesmo". Ou quizais lle haxa que dicir, parodiando outra expresión: "o examinando que vostede suspendeu goza de boa sapiencia, ata o punto de que o pobo, xuíz supremo en democracia, lle deu matrícula de honor".

Por outra banda, lamentamos moi fondamente a escasa atención que moitos desta Cámara lle dedicaron ó discurso do candidato. Ou, quizais, foi a súa dinámica política a que os levou a esa postura de non entende-lo noso criterio da autonomía, nin o noso concepto da auto-identificación, nin as nosas esixencias irrenunciáveis á solidariedade a prol de Galicia, que cremos sinceramente que nos debe España e nos debe Europa.

Quizais non entenderon que distamos por igual do independentismo e da sumisión entreguista. O candidato dixo no seu discurso: "Para nós autonomía é un principio de integración social natural, e polo mesmo procede de abaixo a arriba". Esta filosofía concorda coas máis fondas concepcións galeguistas. Leo textualmente o seguinte antes de dici-lo nome do seu autor: "Que ningún grupo político nos achaque intencións disgregadoras. Os que sempre figuramos na vangarda do galeguismo non defendiamos máis ca principios unionistas. Loitamos pola unidade da nosa terra que é a patria natural, e pola unión peninsular que sería o Estado naturalmente admisible". O autor destas palabras foi Castelao.

E engadimos que a sumisión entreguista perpetúa o illamento e a discriminación de Galicia. Esa postura, señorías, no noso criterio supón complicidade na insolidariedade que está a sufrir Galicia. O discurso do candidato, ó noso criterio, foi un perfecto alegato contra esa pasividade cómplice e contra esa insolidariedade.

En efecto, o candidato expresou a disposición de cambiar absolutamente o seu talante nas relacións coa Administración central, e a esixir que no plano financeiro, no plano da economía --que as súas señorías parece ser que non leran--, exista a plenitude que garanta a nosa autonomía política; que se incrementen os fondos estruturais; que se incremente o Fondo de Compensación Interterritorial ata un 30%; cantidade este 30% de todo o investimento público. En definitiva, estas esixencias de solidariedade teñen que supoñer--la definitiva ruptura do vello illamento desta terra, tal como antes dixeran.

Señorías, a vigorosa esixencia de solidariedade a prol de Galicia supón claramente que o programa trae novos aires. Desaparecen os complexos de provisionalidade que aqueixan a vida política de Galicia; desaparece a sumisión fronte ás decisións alleas, insolidarias con esta terra; e xorde a fortaleza nas posturas de defensa dos intereses de Galicia. Por iso, señor Portavoz do Grupo Socialista, me vai permitir, sen entrar en debate, que concorde con vostede nunha cuestión: a dicotomía entre o Grupo Popular e mailo Grupo Socialista nestas concepcións é tan absoluta que calquera coincidencia é pura casualidade.

Non cabe dúbida de que a continuidade de determinadas iniciativas, que poden ter valor en si mesmas, e poden ser absolutamente asumibles, nada ten que ver co mimetismo nos talantes. Nos talantes somos absolutamente discrepantes. Non estamos pola sumisión entreguista; estamos pola reivindicación

ción, dialogante primeiro, pero en definitiva reivindicación respecto da defensa dos intereses de Galicia.

Mesmo lle diría que a nosa discrepancia se nota ata á hora de expoñer con quen nos misturamos. Castelao tamén dixo moi sabiamente: "Hai algo peor que traballar para non morrer de fame", —parece dura a cita, e dígoa figuradamente— "e é casar para poder comer tódolos días". Hai que mirar con quen se contrae matrimonio. Tamén niso temos dicotomías abertas e claras.

Explicada a filosofía, voules dicir que na análise que o candidato fixo sobre as peculiaridades desta terra —que supoño que esta Cámara acepta e tamén as señorías da oposición, aínda que non o manifesten— estriban tres características: marxinalidade xeográfica, poboación envellecida e economía descapitalizada que nos separa progresivamente das rexións máis ricas. No programa pónense os remedios. Vou aforra-la súa cita que longamente foi explicada e especificada desde esta tribuna. E señorías, non vale arbitrar como escusas, en ocasións, que non se coñece o contido exacto do programa que ofreceu o Grupo Popular nestas eleccións, porque circulou libremente por Galicia, e foi numerosamente reproducido. En consecuencia, estivo nas máns de quen o quixo ler, ou tivo a paciencia en lelo, ou tivo interese de lelo.

O discurso desenvolve as liñas básicas da organización territorial da Galicia, e pon especial acento na comarca e na parroquia rural. O discurso non omite as necesarias referencias á reacionalización administrativa e á política da función pública. Quero resaltar algo para nós de evidente transcendencia polo seu significado, que é o compromiso de garanti-la estabilidade do persoal interino contratado ou laboral, o cal significa afáns de profesionalización da Administración, ordenándoa, dando augas de estabilidade, alentándoos, en definitiva, ó esforzo, e sacándoos desa

dúbida sobre o seu futuro.

O programa tampouco omite a inter-relación das distintas administracións internas de Galicia, e pon o acento especificamente na relación co exterior, neste caso concreto con todo o exterior, pero obviamente coa Comunidade Económica Europea, no seo da cal estamos inseridos, e, naturalmente, co norte de Portugal, co que as afinidades son absolutamente patentes.

E chamados a resumir, eu diríalles que as afirmacións do candidato poñen de manifesto unha visión global de Galicia, das súas metas e dos camiños precisos para acadalas. Dixo o necesario e omitiu o superfluo. Reflectiu o preciso e silenciou o prolixo. Quen afirme restriccións, vaguidades ou ausencia de mensaxe, aparenta que non leu o discurso do candidato e que probablemente tampouco o quixo escoitar.

Non se nos diga, por outra banda, que a creación de institutos de coordinación ou estudio rompe o principio da austeridade, que é outro dos que marcarán a traxectoria futura do Goberno xurdido do seo desta coalición. A austeridade existe cando se gasta o preciso, e precisamente no necesario, permítanme a redundancia. A austeridade existe cando se suprime unha cantidade enorme de unidades administrativas, que supón verdadeiro aforro burocrático, e cando tamén se suprimen inxustificadas campañas de promoción política, que supoñen centenares de millóns; tamén aí se garda austeridade.

Vou concluír dicindo, señor candidato, que o seu discurso foi de gran altura política. Nesta Cámara houbo discursos de altura literaria, e ata é posible que este portavoz que lles fala en ocasións tivese ese tipo de tentacións. Pero estoume a referir á altura política, e eu insisto en que non tivo precedentes nesta Cámara. Xa llelo dixen ós medios de comunicación inmediatamente despois de oílo. É posible que o meu testemuño se poida

entender como interesado, porque procede de quen procede, porque son o Portavoz do Grupo Popular, máis non son interesados os testemuños de cantos alleos manifestaron os seus criterios por escrito ou verbalmente a través dos distintos medios de comunicación, e todos eles coincidiron unanimesmente na sentenza deste Portavoz: que foi de insólita altura e sen precedentes.

A vista das posturas aquí mantidas polos Portavoces que me precederon, como remate quérolle dicir que lamento sinceramente que por se--lo Portavoz do seu grupo me vexa obrigado, máis alá do meu propio talante e da miña vocación, a conte--los desexos de vehemente debate fronte ás deostantes posturas dos demais Portavoces. Tempo vai quedar e abundante, non lles caiba a menor dúbida. Pero permítaseme, en todo caso, a licencia de dicir que alguén desde esta tribuna inventou fantasmas, converteunos en inimigos, liquidounos e marchou satisfeito ó seu escano.

Sei que debo segui--lo exemplo de diálogo que vostede, señor candidato, predicou e practicou reiteradamente nesta hora de esperanzada xeira. Por iso me sinto honrado ó poder expresa--la nosa convicción de que todos teñen que ser escoitados por moito que discrepen. O diálogo é a verdadeira fonte da convivencia democrática, e nesa fonte queremos bebe--las augas da comprensión. Porque, para nós, os demais non serán nunca o inferno do que fala o existencialismo sartriano; é probable que para outros si, pero para nós non.

Conclúo na mesma filosofía do seu discurso, señor candidato, afirmando que non se nos vai regalar nada nesta terra, nin entre poucos o podemos conseguir; é cousa de loitar xuntos e todos, como dixo Pondal: "Loitando se vencen da sorte os degredos, quen loita ese é forte, quen cede ese é servo. Oponde ós destiños un peito de ferro, loitade". E eu digo, loitemos galegos e fagámolo xuntos.

Moitas gracias, señor Presidente.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Imos suspender--la sesión ata as sete e media, como está anunciado. Pero antes quería tranquilizar ós Deputados que me advertiron da miña mala pronunciación no apelido do señor Presidente en funcións, asegurándolles que son galego de cortello, non de granxa, que sei pronunciar--lo "x", e se algunha dificultade hai débese á rotura dunha prótese dental.

Suspéndese a sesión ata as sete e media.

Suspéndese a sesión.

Reanúdase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Señores Deputados, reanúdase a sesión. Imos proceder á votación.

A votación será pública, por chamamento e por orde alfabética. Sacarase ó chou o número do Deputado polo que se deba comeza--la votación. Votarán ó final os membros do Goberno en funcións que sexan Deputados, e os membros da Mesa.

(O señor Secretario procede a face--lo sorteo para saca--lo nome do Deputado polo que vai empeza--la votación).

O señor PRESIDENTE: O número é o 57. Corresponde comeza--la votación polo Deputado don José Luis Torres Colomer. De conformidade co artigo 136 do Regulamento a pregunta que se lles fai ós señores Deputados é se se lle outorga ou non a confianza ó candidato. Farase o chamamento, e os señores Deputados desde o escano contestarán "si", "non" ou "abstención".

Comeza a votación.

O señor SECRETARIO (Iribarren

Fernández—Rogina):

Don José Luis Torres Colomer. Si.  
 Don Francisco Trigo Durán. Non.  
 Dona Guadalupe Varela Coello. Si.  
 Don Manuel Varela Rey. Si.  
 Don Víctor Manuel Vázquez Portomeñe. Si.  
 Don José Antonio Ventoso Mariño. Non.  
 Don José Manuel Vila Pérez. Si.  
 Don José Luis Alonso Riego. Si.  
 Don Bautista Alvarez Domínguez. Non.  
 Dona María Antonia Alvarez Yáñez. Non.  
 Don José Carlos Baños Márquez. Non.  
 Don Daniel Barata Quintas. Si.  
 Don Miguel Barros Puente. Non.  
 Don Xosé Manuel Beiras Torrado. Non.  
 Don Ramón Félix Blanco Gómez. Non.  
 Don Bonifacio Borreiros Fernández. Non.  
 Don Roberto Castro García. Si.  
 Don Gerardo Conde Roa. Si.  
 Don Miguel Anxo Cortizo Nieto. Non.  
 Don José Cuiña Crespo. Si.  
 Don José Manuel Chapela Seijo. Si.  
 Don Manuel Ceferino Díaz e Díaz. Non.  
 Don Juan Miguel Diz Guedes. Si.  
 Don Segundo Durán Casais. Si.  
 Don Pablo Egerique Martínez. Si.  
 Don Juan José Fernández García. Si.  
 Don Miguel Fidalgo Areda. Non.  
 Don Manuel Fraga Iribarne. Si.  
 Don José Antonio Franco Cerdeira. Si.  
 Dona Pilar García Negro. Non.  
 Don José García Pardo. Si.  
 Don Juan Antonio Garrido Torrado. Si.  
 Don Antonio Gato Soengas. Non.  
 Don José Giráldez Maneiro. Non.  
 Don Carlos González Príncipe. Non.  
 Don Fernando González Suárez. Si.  
 Don José María Hernández Cochón. Si.  
 Don José Lage Lage. Si.  
 Dona Manuela López Besteiro. Si.  
 Don Xoan Xosé López Facal. Non.  
 Don José María López Noceda. Si.  
 Dona María Elisa Madarro González. Si.  
 Don Pedro Mariño Campos. Non.  
 Don Manuel Martínez Garrido. Si.  
 Dona Rosa María Miguélez Ramos. Non.  
 Don Aurelio Miras Portugal. Si.  
 Don Camilo Nogueira Román. Non.  
 Don Jesús Carlos Palmou Lorenzo. Si.  
 Dona Pilar Pedrosa González de Cas-

tejón. Si.  
 Don José Serafín Pena Souto. Si.  
 Don Fernando Pensado Barbeira. Si.  
 Don Manuel Pérez Alvarez. Si.  
 Don Tomás Pérez Vidal. Si.  
 Don Nazario Pin Fernández. Si.  
 Dona María José Porteiro García. Non.  
 Don Ismael Rego González. Non.  
 Don Alberte Xullo Rodríguez Feixoo. Non.  
 Don Francisco Rodríguez Fernández. Non.  
 Dona María Margarita Rodríguez Otero. Non.  
 Don José Luis Rodríguez Pardo. Non.  
 Don Fernando Carlos Rodríguez Pérez. Si.  
 Don Cándido Sánchez Castiñeiras. Non.  
 Don Roberto Taboada Rivadulla. Non.  
 Don Alfredo Conde Cid. Non.  
 Don Francisco Sineiro García. Non.  
 Don Santos Oujo Bello. Non.  
 Don Miguel Martínez Losada. Non.  
 Don Antolín Sánchez Presedo. Non.  
 Don Juan Fernando Salgado García. Non.  
 Don Fernando González Laxe. Non.  
 Don José Federico Nogueira Fernández. Non.  
 Don Tomás Iribarren Fernández—Rogina. Si.  
 Don Antonio Carro Fernández—Valmayor. Non.  
 Don José María García Leira. Si.  
 Don Victorino Núñez Rodríguez. Si.

O señor PRESIDENTE: Acadada a cifra de 38 votos a favor, o candidato recibe a confianza da Cámara por maioría.

Xa que logo, queda elixido Presidente da Xunta de Galicia o Deputado don Manuel Fraga Iribarne. Galicia ten Presidente.

(Aplausos).

Levántase a sesión.

Levántase a sesión.

Eran as sete e corenta minutos da tarde.